Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22874 (12/POC-003772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre as medidas tomadas pola Xunta de Galicia dirixidas ao cumprimento do Decreto 42/2023, do 27 de abril, polo que se declara ben de interese cultural a Casa Cornide

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22876 (12/POC-003773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia impulse accións de apoio ao movemento asociativo cultural galego dedicado á promoción e á difusión da música e do baile tradicionais de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22878 (12/POC-003774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar co fin de que o alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición de competencias en lingua galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22880 (12/POC-003775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o impulso da obra e figura do compositor ponteareán Rogelio Groba e o establecemento dun convenio coa fundación que leva o seu nome co fin de utilizar nos centros educativos o material didáctico e pedagóxico creado polo compositor

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22887 (12/POC-003776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as propostas en materia de financiamento que vai defender o Goberno galego na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda e a súa postura ante a posibilidade de asinar unha quitación da débeda

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22891 (12/POC-003777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á apertura e posta en marcha do centro de día demandado en Corcubión

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22896 (12/POC-003778)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto á reposición do servizo de pediatria en Cospeito e á cobertura de facultativos desta especialidade nas zonas rurais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22901 (12/POC-003779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto á reposición do servizo de pediatria en Castro de Rei e á cobertura de facultativos desta especialidade nas zonas rurais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22906 (12/POC-003780)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto á reposición do servizo de pediatria en Outeiro de Rei e á cobertura de facultativos desta especialidade nas zonas rurais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22915 (12/POC-003781)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante o anuncio de peche da fábrica de Sargadelos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22916 (12/POC-003782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante o anuncio de peche da fábrica de Sargadelos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22917 (12/POC-003783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante o anuncio de peche da fábrica de Sargadelos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 22921 (12/POC-003784)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as incidencias que se están producindo no funcionamento dos servizos ferroviarios en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22923 (12/POC-003785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre a denegación das solicitudes de xubilación parcial anticipada por parte da CRTVG e a cantidade de traballadoras e traballadores que se van ver afectados por esta medida

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 22930 (12/POC-003786)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o funcionamento nesta lexislatura do Consello Autonómico de Emprego e dos correspondentes consellos provinciais e territoriais nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22935 (12/POC-003787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política exterior do actual presidente de Estados Unidos e coa decisión da Comisión Europea de constituír un fondo extraordinario para incrementar os gastos de defensa

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22943 (12/POC-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no referido ao cumprimento das recomendacións do Consello de Contas contidas no seu informe de fiscalización da Conta xeral do Sergas de 2023

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Luis Bará Torres, Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre a ampliación a 2030 da moratoria a novas plantacións de eucalipto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada na necesidade de iniciar canto antes os trámites legais para a ampliación da moratoria ás novas plantacións de eucalipto, polo remate da prohibición o 31 de decembro de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2021 de recuperación de terra agraria establece o seguinte na *Disposición transitoria novena. Repoboacións co xénero Eucalyptus*:

Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2025 só estarán permitidas as repoboacións con especies do xénero Eucalyptus nos seguintes casos:

a) Repoboacións previstas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal que fosen aprobados pola Administración forestal antes da entrada en vigor desta disposición, ou nos citados instrumentos cando a súa solicitude de aprobación se atopase en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e que fosen, finalmente, obxecto de aprobación pola Administración forestal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Repoboacións que, en superficie, sexan equivalentes a outras xa existentes e que teñan unha ocupación dominante de individuos do xénero Eucalyptus, e cuxos titulares decidan transformalas noutras formacións específicas, sexan masas de coníferas ou de frondosas caducifolias. Estas repoboacións deberán cumprir o disposto nesta lei e no resto da lexislación sectorial vixente, e a nova superficie de repoboación pertencerá ao mesmo titular e non poderá superar aquela que foi obxecto de transformación. En todo caso, será necesaria autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terreo forestal.

Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2025 as reforestacións con especies do xénero Eucalyptus unicamente estarán permitidas cando a ocupación anterior do terreo obxecto da reforestación constituíse unha masa pura ou mixta dominante deste xénero, e sempre e cando as plantacións anteriores se realizasen respectando o disposto na lexislación sectorial vixente.

Aínda que esta medida de restrición parcial ás novas plantacións de eucalipto non impediu o incremento da superficie forestal de plantacións de eucalipto (debido fundamentalmente ao efecto chamada e ás plantacións ilegais), si cumpriu unha función de contención de novas plantacións de eucalipto nitens en amplas zonas do interior do país. Aínda así, os datos de cortas anuais (Informe da cadea forestal madeira 2024) poñen de manifesto que as cortas de nitens xa superan as de globulus e que o Distrito Santiago-Meseta Interior é xa o primeiro en cortas anuais de eucalipto, superando o millón de m³.

As sucesivas actualizacións do Inventario Forestal Continuo mostran o incremento das plantacións de eucalipto, que xa superan as 413.000 hectáreas. E todo apunta a un novo incremento na actualización correspondente ao ano 2024, toda vez que serán visíbeis as plantacións do ano 2021 e seguintes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Moitas das actuacións previstas na lei de montes, na lei de recuperación de terra agraria e no plan forestal seguen aínda pendentes. A administración parece interesada nunha especie de *laissez faire laissez passer*, e por iso non aproba instrumentos de ordenación e planificación nin actúa con medidas de control fronte á proliferación de plantacións ilegais.

Ao mesmo tempo, a decisión de Portugal de establecer a moratoria a novas plantacións de eucalipto até o ano 2030 xera unha forte presión na demanda de eucalipto galego, e polo tanto de novas plantacións desta especie.

Numerosas entidades do sector forestal e persoas expertas do ámbito académico e científico aconsellan ampliar a moratoria máis alá do ano 2025, e semella razoábel que se amplíe cando menos até o ano 2030. Esta ampliación da moratoria debería servir para facer unha análise rigorosa dos resultados desta medida, así como unha avaliación completa e sistemática das medidas previstas no primeiro quinquenio do plan forestal, nomeadamente o establecido no instrumento 1.1 do Eixo Estratéxico 1 do Plan Forestal.

Este período de tempo debería servir ademais para levar a cabo o desenvolvemento de medidas de ordenación, planificación e regulatorias que son imprescindíbeis para garantir a multifuncionalidade de usos do monte, a protección da biodiversidade, a complementariedade entre produción forestal e produción de alimentos, e a prevención fronte aos riscos dos grandes incendios forestais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

Como valora a Xunta o incremento continuo da superficie ocupada polo eucalipto, segundo se deduce das sucesivas actualizacións do Inventario Forestal Continuo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta para controlar as plantacións ilegais de eucalipto logo da entrada en vigor da moratoria?

Que actuacións desenvolveu ou prevé levar a cabo o goberno galego para a supresión das plantacións de eucalipto en terreos que non debe ocupar esta especie?

Ten previsto a Xunta iniciar os trámites para ampliar até o 31 de decembro de 2030 a prohibición de novas plantacións de eucalipto establecida na Disposición adicional novena da Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2025 10:55:19

Luis Bará Torres na data 07/04/2025 10:55:24

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2025 10:55:32

Ariadna Fernández González na data 07/04/2025 10:55:45

Sonia Vidal Lamas na data 07/04/2025 10:56:12



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O quecemento global é un dos maiores desafíos aos que se enfronta a sociedade actual, con consecuencias directas sobre o medio ambiente, a economía e a calidade de vida das persoas. O aumento das temperaturas ou os fenómenos meteorolóxicos extremos son algúns dos efectos máis evidentes deste proceso. A mocidade, como xeración que herdará os impactos do cambio climático, debe xogar un papel activo na busca de solucións sostibles.

Neste contexto, a iniciativa Mocidade polo Clima, impulsada pola Xunta de Galicia, representa unha oportunidade para concienciar e mobilizar á xuventude en defensa do medio ambiente. A través de accións concretas, este programa pode fomentar hábitos sostibles, promover o activismo climático e impulsar cambios tanto a nivel individual como colectivo.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que tipo de accións concretas se van levar a cabo no marco do programa Mocidade polo Clima no próximo verán?
- 2.- Que estratexias se están a desenvolver para fomentar hábitos sostibles entre a mocidade a longo prazo?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 28/03/2025 10:29:58

Cristina Campero Dorado na data 28/03/2025 10:30:16

María Deza Martínez na data 28/03/2025 10:30:32



José Luis Ferro Iglesias na data 28/03/2025 10:30:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/03/2025 10:30:58

Argimiro Marnotes Fernández na data 28/03/2025 10:31:13

Carmen Pomar Tojo na data 28/03/2025 10:31:27

Roberto Rodríguez Martínez na data 28/03/2025 10:31:41

Gonzalo Trenor López na data 28/03/2025 10:31:56

Katherinie Varela Fernández na data 28/03/2025 10:32:13



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) puxo en marcha, o pasado ano 2022, o Plan de Formación Permanente do Persoal co obxectivo de mellorar as competencias e habilidades dos seus empregados. Dito plan formalizouse desde os seus inicios mediante convenios coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Forma parte do proceso de modernización do SPEG e responde a necesidade de adaptarse aos constantes cambios e demandas do mercado laboral, así como á evolución das tecnoloxías e metodoloxías de traballo. A formación continua é un pilar fundamental para garantir a calidade do servizo ofrecido polo SPEG e para fomentar o desenvolvemento profesional do seu persoal.

Con isto, preténdese identificar as áreas de mellora, os logros acadados e as oportunidades futuras para optimizar o proceso de formación. Ademais, búscase proporcionar unha visión detallada das actividades formativas realizadas, os recursos empregados e os resultados obtidos, co fin de establecer recomendacións que contribúan á mellora continua do plan.

O Plan de Formación Permanente do SPEG inclúe unha gran flexibilidade na metodoloxía formativa, permitíndolle aos participantes auto organizar o seu proceso de aprendizaxe, así como unha maior interacción con outros alumnos e titores a través de foros. Ademais, actualizáronse os contidos e materiais didácticos para adaptarse ás novas esixencias e cambios nos procedementos do traballo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Que valoración fai o Goberno galego do Plan de formación permanente do persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 28/03/2025 10:36:17

Alberto Pazos Couñago na data 28/03/2025 10:36:37

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/03/2025 10:36:48

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/03/2025 10:37:00

Julio García Comesaña na data 28/03/2025 10:37:11

Patricia García González na data 28/03/2025 10:37:23

Manuel Santos Costa na data 28/03/2025 10:37:37

Cristina Sanz Arias na data 28/03/2025 10:37:48

Gonzalo Trenor López na data 28/03/2025 10:38:02





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Tras o Consello da Xunta celebrado en Ferrol anunciouse que Augas de Galicia acometerá na área de Ferrol accións para garantir e optimizar os servizos de tratamento e distribución da auga á poboación da comarca. Con esta acción preténdense, afirman, mellorar a calidade das augas da ría de Ferrol, cuxa contaminación está a afectar aos recursos naturais e marisqueiros da ría.

Entre estas accións inclúense actuacións que se atopan en distintas fases de tramitación, deseño e execución que teñen que ver con distintas obras de mellora do saneamento, reparación de infraestruturas, instalación de tanque de retención, infraestruturas de impulsión de caudais para evitar desbordamentos, regulación dos caudais de residuais, funcionamento das EDAR, etc.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 10:52:11
Nº Rexistro: 22510
Data envío: 28/03/2025 10:52:11.938

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o plan de actuacións previstos por Augas de Galicia nas infraestruturas hídricas da comarca de Ferrol?
2. Cales son as actuacións previstas, os orzamentos e prazos para a súa execución?

Santiago de Compostela, a 28 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 28/03/2025 10:49:25

Paloma Castro Rey na data 28/03/2025 10:49:36

Carlos López Font na data 28/03/2025 10:49:44

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydl-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77934

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Víctor Baladrón Lamas, Juan Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más e Ángel Rodríguez Conde ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Como únicos medios de comunicación que emiten as 24 horas de xeito continuado en galego, a TVG, a Radio Galega e as súas canles dixitais xogan un papel clave na promoción da lingua e cultura galegas.

Como se acredita con cifras, os medios públicos galegos están plenamente implicados coa promoción da nosa lingua galega entre o público infantil e xuvenil, como se reflicte nas súas programacións.

Por iso, a animación en galego ven ocupando un espazo significativo na programación da G2.

Pero o modelo tradicional, no que o espectador se sentaba diante do televisor e escollía entre un número de canles limitado, cunha programación establecida, está a transformarse desde hai algún tempo.

Agora os públicos son os seus propios programadores, xa que deciden o que queren ver en cada momento e onde o ver: no seu televisor, no seu móbil ou na súa tableta.

Para responder axeitadamente a estes cambios, a programación infantil e xuvenil na CRTVG foi reaxustándose cara unha maior presenza no mundo dixital.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ante a importancia de que os medios públicos galegos cheguen tamén aos máis novos, formulamos as seguintes preguntas:

- Cal é a programación infantil nos medios públicos galegos?
- Que balance fai desta oferta para os máis novos?
- Que supoñen os medios dixitais e particularmente a OTT para achegar produtos audiovisuais infantís e xuvenís?

Santiago de Compostela, 28 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 28/03/2025 11:14:32

Raquel Arias Rodríguez na data 28/03/2025 11:15:13

Enrique Barreiro Sánchez na data 28/03/2025 11:15:34

Cristina Campero Dorado na data 28/03/2025 11:15:48

Víctor Baladrón Lamas na data 28/03/2025 11:15:58

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/03/2025 11:16:07

Jesús María Fernández Rosende na data 28/03/2025 11:16:34

Paula Mouzo Mas na data 28/03/2025 11:16:42

Ángel Rodríguez Conde na data 28/03/2025 11:16:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

A Universidade da Coruña incluíu dentro do seu plan de infraestruturas universitarias singulares a construción no Campus Industrial de Ferrol do novo Edificio de investigación e innovación na industria (EI3) co fin de aproveitar todo o potencial que ten este campus, o primeiro en acadar o selo de especialización, para consolidalo coma un polo de innovación en áreas como a enxeñaría naval e offshore, os materiais, a robótica, as enerxías verdes, xestión de procesos industriais, xemelgo dixital, hidróxeno verde aplicado ao sector marítimo, etc...

A UDC, a través do convenio de Infraestruturas da Xunta de Galicia aportará 5,6 M€ correspondentes ás anualidades de 2025 e 2026, ano en que finaliza o Plan de Infraestruturas Universitarias Singulares, tal e como se asinou no 2023. Sen embargo, a construción do edificio, con unha superficie prevista de mais de 8.000 m² de superficie de uso para I+D+i, ten un coste moi superior, máis de 15 M€, comprometéndose a Xunta de Galicia a financiarlo na súa totalidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 11:59:38
Nº Rexistro: 22526
Data envío: 28/03/2025 11:59:38,834

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o plan de orzamentario, contía e anualidades, previsto pola Xunta de Galicia para completar o financiamento que a UDC precisa para realizar a construción do EI3 no Campus Industrial de Ferrol?
2. Cales son prazos para a súa execución que ten previstos a Xunta de Galicia para a construción do edificio EI3 no Campus Industrial de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 28 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 28/03/2025 11:48:24

Silvia Longueira Castro na data 28/03/2025 11:48:33

Patricia Iglesias Rey na data 28/03/2025 11:49:17

Lara Méndez López na data 28/03/2025 11:49:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77938

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

O Goberno galego anunciou que impulsará un concurso público para a posta á disposición dos promotores e cooperativas en dúas parcelas de solo residencial urbanizado, propiedade da Xunta de Galicia, no Bertón para a construción de 48 vivendas protexidas na cidade de Ferrol.

O solo deberá ser destinado á construción de vivenda protexida para alugamento ou a compravenda. Terán preferencia as ofertas destinadas á construción de vivendas en alugamento e a adxudicación en dereito de superficie, así como as vivendas que vaia ter un prezo de renda ou venda máis reducido (réxime especial).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2025 12:00:41
Nº Rexistro: 22532
Data envío: 28/03/2025 12:00:41.912

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as características das vivendas que se construírán nas parcelas concedidas por concurso públicos no barrio do Bertón no Concello de Ferrol?
2. Que prazos ten previstos a Xunta de Galicia para a construción e dispoñibilidade das vivendas que se construírán nas parcelas do barrio de Bertón no Concello de Ferrol adxudicadas por concurso público?

Santiago de Compostela, a 28 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 28/03/2025 11:56:20

Carlos López Font na data 28/03/2025 11:56:29

Paloma Castro Rey na data 28/03/2025 11:56:36





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Julio García Comesaña, Gonzalo Trenor López, Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Alberto Pazos Couñago e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos**.

A nova Comisión Europea xurdida das eleccións ao Parlamento Europeo do pasado ano enfróntase á abordaxe dos novos grandes retos da UE en materia de seguridade, defensa e competitividade, que condicionan a configuración do futuro marco financeiro 2028-2034.

Cun orzamento comunitario que na actualidade tan só supón en torno ao 1% do PIB da Unión, e coa crecente complexidade do contexto xeopolítico europeo e internacional, o debate sobre o novo orzamento está aberto.

Neste escenario, negociarase sobre o posible incremento dos recursos propios da UE para facer fronte a eses novos grandes retos ou se se abordan cunha estrutura orzamentaria similar á existente, na que gañarán espazo as políticas de seguridade e de preparación estratéxica da UE, o que repercutirá no papel da política rexional.

Por outra banda, a utilización dun Plan de ámbito estatal para articular os fondos do Mecanismo de Recuperación e a súa implantación en torno a fitos e obxectivos podería condicionar a arquitectura dos fondos europeos, e en particular da política de cohesión post 2027.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a posición de Galicia perante o novo escenario económico Europeo?

Santiago de Compostela, 28 de marzo 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 28/03/2025 12:40:01

Julio García Comesaña na data 28/03/2025 12:40:42

Gonzalo Trenor López na data 28/03/2025 12:40:53

Noelia Pérez López na data 28/03/2025 12:41:03

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/03/2025 12:41:15

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/03/2025 12:41:28

Alberto Pazos Couñago na data 28/03/2025 12:41:42

Patricia García González na data 28/03/2025 12:42:00

Manuel Santos Costa na data 28/03/2025 12:42:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iria Taibo Corsanego, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Xeral de Lingua dou a coñecer en novembro do 2024 a súa intención de colaborar na elaboración dun estudo sobre o uso do galego no tecido empresarial na comarca do Deza da man da Asociación de Empresarios do Deza (AED). Tratábase dun estudo que incide no valor socioeconómico e empresarial da lingua segundo o propio secretario xeral de Lingua, Valentín García e no contexto dos últimos datos sociolingüísticos do INE.

O estudo tería coma obxecto unha análise de contexto para verificar o uso do galego neste ámbito de man dos axentes implicados e impulsar medidas concretas, a través dun cuestionario de 30 preguntas que serán a base de implementación de medidas e accións conxuntas para a sensibilización no uso do galego, coma declararon os membros do goberno.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- . Cal foi o investimento da Xunta de Galiza neste estudo?
- . Que prazos de execución se barallaba na realización deste estudo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. De estar realizado, cales foron os resultados de dito estudo e que medidas e accións concretas se prevén levar a cabo a este respecto?

. Cal foi o motivo de escoller a AED para levar a cabo este estudo?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Iria Taibo Corsanego

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 31/03/2025 09:46:27

Mercedes Queixas Zas na data 31/03/2025 09:46:34

Daniel Castro García na data 31/03/2025 09:46:55

Iria Taibo Corsanego na data 31/03/2025 09:47:06





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

Unha destas accións publicitada xa no ano 2023, antes das eleccións autonómicas, é o proxecto Abrir Ferrol ao Mar, do que se anuncia a segunda fase que prevé a construción de dous aparcadoiros disuasorios para un centenar de vehículos, nos barrios de Caranza e Telleiras, para o que a Xunta de Galicia cederá de xeito gratuíto tres parcelas de solo residencial de titularidade autonómica ao Concello de Ferrol co obxectivo de destinalas a usos dotacionais e aparcadoiros disuasorios.

Anúnciase que estas infraestruturas, as existentes e as pendentes, conformarían unha franxa continua de máis de 10 quilómetros de lonxitude no contacto da cidade de Ferrol co mar, ao longo do cal figuran as parcelas obxecto da cesión por parte da Xunta de Galicia ao Concello.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 10:44:46
Nº Rexistro: 22576
Data envío: 31/03/2025 10:44:46.701

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os compromisos adquiridos polo Goberno da Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para o desenvolvemento do proxecto de Abrir Ferrol ao Mar?
2. Cal é o valor das parcelas cedidas de forma gratuíta polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) ao Concello de Ferrol a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para construír os aparcadoiros disuasorios no barrio de Caranza dentro do proxecto Abrir Ferrol ao Mar?
3. Cal é o orzamento total e as anualidades comprometidas pola Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para levar a cabo o proxecto Abrir Ferrol ao Mar?

Santiago de Compostela, a 31 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 31/03/2025 10:39:47

Carlos López Font na data 31/03/2025 10:39:57

Paloma Castro Rey na data 31/03/2025 10:40:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77946

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 11:11:59
Nº Rexistro: 22581
Data envío: 31/03/2025 11:11:59.659

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura, da situación límite na que se atopa a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras.

Tal é o estado no que se encontra que o 30 de decembro de 2023, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, o teito sufriu un derrube, do que non houbo que lamentar danos persoais, feito denunciado por este grupo parlamentario.

Denunciabamos as socialistas que a planta de obstetricia sufría a mesma falta de mantemento que o resto do materno con paredes desconchadas, sucias e xanelas deterioradas que filtran frío ou calor provocando un claro prexuízo para as pacientes e que tamén repercuten nas condicións de traballo do persoal da área, coa falta de áreas de traballo apropiadas e salas compartidas que serven para múltiples funcións, sen dispor de despachos axeitados, nin de baños, nin de vestiarios.

O pasado 22 de marzo deste ano, de novo, derrubábase parte do falso teito da terceira planta do edificio materno infantil o que puido provocar serios danos.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77947

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 11:11:59
Nº Rexistro: 22581
Data envío: 31/03/2025 11:11:59.659

Estes feitos pon de manifesto a negligencia e mala xestión do Sergas ao manter en uso unhas infraestruturas que reiteradamente se demostran inadecuadas e perigosas.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas ten adoptado o Goberno galego para evitar que estas situacións de risco se sigan producindo?
2. Cal é a situación real dende o punto de vista arquitectónico e de seguridade do edificio?
3. Considera a Consellería de Sanidade acertado manter en uso unha infraestrutura con estes índices de accidentalidade?
4. Que cronograma manexa o Goberno galego en relación coa apertura do novo edificio e a demolición do materno-infantil?

Parlamento de Galicia, 31 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/03/2025 10:59:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77948

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 11:11:59
Nº Rexistro: 22581
Data envío: 31/03/2025 11:11:59.659

Elena Espinosa Mangana na data 31/03/2025 10:59:34

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2025 10:59:50

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydl-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77949

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 11:12:16
Nº Rexistro: 22582
Data envío: 31/03/2025 11:12:16.159

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura, da situación límite na que se atopa a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras.

Tal é o estado no que se encontra que o 30 de decembro de 2023, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, o teito sufriu un derrube, do que non houbo que lamentar danos persoais, feito denunciado por este grupo parlamentario.

Denunciabamos as socialistas que a planta de obstetricia sufría a mesma falta de mantemento que o resto do materno con paredes desconchadas, sucias e xanelas deterioradas que filtran frío ou calor provocando un claro prexuízo para as pacientes e que tamén repercuten nas condicións de traballo do persoal da área, coa falta de áreas de traballo apropiadas e salas compartidas que serven para múltiples funcións, sen dispor de despachos axeitados, nin de baños, nin de vestiarios.

O pasado 22 de marzo deste ano, de novo, derrubábase parte do falso teito da terceira planta do edificio materno infantil o que puido provocar serios danos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 11:12:16
Nº Rexistro: 22582
Data envío: 31/03/2025 11:12:16.159

Estes feitos pon de manifesto a negligencia e mala xestión do Sergas ao manter en uso unhas infraestruturas que reiteradamente se demostran inadecuadas e perigosas.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten adoptado o Goberno galego para evitar que estas situacións de risco se sigan producindo?

Parlamento de Galicia, 31 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/03/2025 11:00:56

Elena Espinosa Mangana na data 31/03/2025 11:01:06

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2025 11:01:17

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77951

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Valcárcel Armesto, Noa Presas Bergantiños e Secundino Fernández Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as a autorización de actividades no Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En parte do espazo que outrora ocupara o sanatorio psiquiátrico de Toen estableceuse o denominado Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL) inaugurado inicialmente o 28 de marzo de 2023 e novamente o 16 de decembro de 2023.

O CILL foi construído coa vocación de ser un referente internacional na formación, cooperación e a investigación en materia de incendios forestais para o que a Xunta de Galiza leva investido case 4 M€ de fondos comunitarios.

O Centro esta composto dun circuío destinado á realización de prácticas cos vehículos utilizados na extinción de incendios, e outro para o adestramento físico. Asemade procedeuse á rehabilitación do edificio que na altura estaba destinado á lavandería do Hospital psiquiátrico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No último acto de inauguración o presidente da Xunta de Galiza indicou que o CILL “centralizará tanto a formación continua de bombeiros forestais como a instrución de novos profesionais neste eido” tanto nacionais, como internacionais; dispendo ademais dun aula medioambiental para formar estudantes de toda Galiza.

Na visita recentemente realizada, a instancias do grupo parlamentar do BNG, pola Comisión sétima do Parlamento de Galiza informouse que se ben o destino fundamental do Centro era a formación de persoal de extinción de incendios, puntualmente servía para o adestramento de axentes da Unidade Adscrita á Policía Autonómica e da Policía Local, expresando reiteradamente que en ningún caso se realizaban prácticas de tiro posto que non existía espazo acondicionado a tal fin. Igualmente e dado o carácter formativo do espazo e que as usuarias do mesmo eran prestadoras de servizos públicos non se percibía taxa algunha pola cesión das instalacións públicas.

Porén o 25 de marzo de 2025 o xornal La Voz de Galicia informaba da celebración dunha xornada de 24 horas de “airsoft”, modalidade de combate e estratéxica no que se empregan armas de aire comprimido. Actividade na que supostamente participaron máis de 230 persoas e que se desenvolveu nas instalacións públicas destinadas a formación de profesionais da Loita contra incendios.

Ante esta nova xornalística que contrasta coa información transmitida pola Xunta de Galiza, así como o destino do CILL, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autorizou a Xunta de Galiza a realización de actividades de “airsoft” ou similares no recinto do CILL de Toén?

No seu caso, en cantas ocasións e que a que entidades ou asociacións permitiu o uso destas instalacións públicas?

Percibiu algún tipo de taxa ou tributo polo uso privativo destas instalacións?

Que requisitos exixiu ás entidades beneficiarias para evitar o deterioro de bens públicos ou a produción de danos á flora e/ou fauna?

Publicitou a Xunta de Galiza a disposición destas instalacións para usos privados e distintos aos formativos de empregados públicos?

Considera a Xunta de Galiza que o destino do CILL é compatible coa realización de actividades ou xogos de carácter militar ou paramilitar por asociacións privadas?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/03/2025 11:18:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 31/03/2025 11:18:52

Secundino Fernández Fernández na data 31/03/2025 11:19:02

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/03/2025 11:19:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os centros de menores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As medidas de protección cara as/os menores do país poden ser exercidas baixo as figuras de tutela, garda, ou apoio á familia, chegando a precisarse o acollemento residencial despois de esgotadas outras vías. A través deste acollemento, exercease a garda como medida de protección para nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo, risco ou conflito social. Nestas instalacións e a través do seu persoal educativo débense dar as condicións adecuadas para o desenvolvemento óptimo dos menores que alí residen, arremedando ao máximo posible as condicións dunha familia normalizada, cunha atención integral e tratando de resolver as súas problemáticas particulares.

Nestes centros, a maiores do aloxamento, debera prestarse, por exemplo, apoio educativo e sicosocial, seguimento escolar e formación en habilidades sociais básicas, coa colaboración, apoio e orientación das súas respectivas familias se isto é posible. Mais na realidade o decreto que regula as características dos recursos residenciais establece unhas rateos de persoal insostibles, que dificultan o desenvolvemento adecuado destas institucións onde os cambios de persoal, máis frecuentes do habitual debido ás condicións laborais precarias nas que desenvolven a súa actividade profesional, de xeito que os nenos, nenas e adolescentes son finalmente os prexudicados, minguan a súa atención. O mesmo ocorre no caso das equipas técnicas do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menor dentro dos diferentes departamentos territoriais da propia Xunta de Galiza. Estas sofren de rotacións constantes con ocupación de prazas por persoal interino, de maneira que o cambio recorrente nestes profesionais non favorece un seguimento completo e idóneo de cada caso, cunha imposibilidade manifesta dos menores de crear vínculos e relacións de apego cos/as educadoras, sen ter en conta a necesidade de levar a cabo unha intervención social coherente e global sobre o menor en cuestión.

O acollemento residencial é a opción última para os menores que precisan de protección, esgotando previamente todas as opcións posibles, debendo ser inexistente nos nenos e nenas menores de 6 anos. A pesares diso, recentemente, dende o Ministerio de Xuventude e Infancia aportaron datos sobre menores institucionalizados en Galiza, cifras que a Consellería de Política Social non aclara a pesares de seren solicitadas en reiteradas ocasións, tanto por o BNG coma por as asociacións do ámbito da protección da infancia. O total de menores nesta situación en Galiza supera os 700, sendo a cuarta rexión do estado que máis nenos, nenas e adolescentes mantén nesta situación, agardando por unha familia acolledora, xa que aínda que estas aumentasen lentamente segundo os últimos datos, non son abundas para facer fronte á demanda existente. As cifras dos menores de 6 anos institucionalizados, así mesmo, superan os 70, a pesares do compromiso prioritario recollido na “Estratexia estatal dos dereitos da infancia e adolescencia 2023-2030”, de non manter dentro de centros residenciais aos menores de 6 anos a partires do 1 de xaneiro de 2026, un obxectivo que se prevé imposible de levar a cabo a este ritmo.

É evidente que a vida diaria dun menor institucionalizado afecta ao seu desenvolvemento persoal, máis aínda se as condicións que o levaron a ter que ser separado/a de xeito temporal ou definitivo, total ou parcialmente da súa familia biolóxica foron de carácter especialmente grave ou traumático, sabendo que en todo caso esa separación o é, en especial nos casos onde estes menores pasan anos nesa situación, incluso chegando a permanecer institucionalizados ate a súa maioría de idade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manter un entorno seguro, onde a atención sexa o máis persoal e completa posible e se prime sobre todas as cousas o benestar do menor, para que á hora de saír teñan capacidades, estabilidade e ferramentas para optar a un futuro con opcións para si mesmos é unha obriga da Xunta de Galiza, que é quen ten a súa tutela, ao igual que tratar de garantir unha posterior vida laboral para os menores, de ser o caso, de xeito que se precisaría persoal de orientación laboral que prestase servizo nestes centros, de xeito que unha vez saian dese entorno sexan o máis autosuficientes posible.

Nesa atención completa atópanse sobre todos os eidos o educativo e o sanitario, neste segundo caso tendo elevada importancia o coidado psicolóxico dos menores, que na actualidade está completamente desatendido, con consultas con listaxes de agarda para estes nenos e nenas de ate 5 meses para a primeira consulta de psicoloxía (afectiva-emocional) e datas para seguimentos tan necesarios que non teñen a regularidade adecuada para estes casos, habitualmente complexos e con grandes deficiencias de atención no eido da saúde mental.

É precisa unha avaliación exhaustiva e completa da totalidade do sistema de protección, tendo en conta as necesidades dos usuarios/as e as previsións de futuro, cun aumento dos orzamentos nesta materia, cunha vontade clara de modificar e cumprir logo estritamente o Decreto 329/2005 do 28 de xullo, totalmente obsoleto, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, coa intención de garantir o benestar dos menores nos centros residenciais.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Garantirá a Xunta de Galiza a atención psicolóxica e o seguimento adecuado aos nenos, nenas e adolescentes que se atopan en centros residenciais e que precisan especialmente deste tipo de coidados derivado da súa situación?
2. Considera a Xunta de Galiza que as rateos e os perfís de traballadores/as que atenden os centros residenciais en horario nocturno son adecuadas para garantir a correcta atención dos menores?
3. Considera a Xunta de Galiza que as rateos de educadores/as adecuadas nos centros residenciais de menores?
4. Que explicación ten a Xunta de Galiza para que as equipas técnicas do menor, dos diferentes departamentos territoriais, sufran unha rotación de persoal constante que impide que os seguimentos dos casos sexan as adecuadas?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 31/03/2025 12:57:59

Olalla Rodil Fernández na data 31/03/2025 13:00:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Ferrol e a súa área metropolitana atópase nunha situación de infraestruturas, comunicación e actividade económica complexa. A súa comunidade económica e social está neste momento facendo un esforzo para facer fronte as dúas grandes transicións: a de sustentabilidade económica e enerxética e a de transformación dixital. Estas dúas transicións supón adaptar as estruturas económicas, sociais e de infraestruturas e comunicacións.

A Xunta de Galicia anunciou a implantación en Ferrol da primeira sala galega de atención vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais. Esta iniciativa anúnciase como un proxecto piloto coa vontade de estenderse ao resto das cidades galegas, que xa contan con estas instalacións integradas en edificios xudiciais.

Indícase que esta sala contará coa dotación tecnolóxica, a infraestrutura e o mobiliario axeitados para a realización da entrevista forense, que é gravada e todos os profesionais implicados poden visualizala por circuíto pechado, tentando de esta forma reducir a revitimización, mellorar o trato e axilizar o testemuño, evitando así que a vítima teña que ir ao xuízo oral.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2025 13:43:04
Nº Rexistro: 22607
Data envío: 31/03/2025 13:43:04.336

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que características de infraestruturas e tecnolóxicas terá a sala de atención vítimas especialmente vulnerables que se creará no Concello de Ferrol externa aos edificios xudiciais?
2. Que prazos contempla a Xunta de Galicia para a posta en marcha da sala externa aos edificios xudiciais para atención vítimas especialmente vulnerables que se creará no Concello de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 31 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 31/03/2025 13:40:54

Paloma Castro Rey na data 31/03/2025 13:41:04

Patricia Iglesias Rey na data 31/03/2025 13:41:11





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, de Sanidade, Política Social e Emprego

Exposición de Motivos

O pasado sábado, unha **sección do falso teito do Hospital Materno Infantil de Ourense desplomouse na terceira planta do edificio**, causando danos materiais aínda que, afortunadamente, sen provocar lesións persoais. Este incidente **súmase a outro similar ocorrido a finais de 2023 na sala de partos** do mesmo hospital, evidenciando o preocupante estado de deterioro das infraestruturas sanitarias en Ourense e o abandono sistemático da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, cara a esta provincia.

O Grupo Mixto, de Democracia Ourensana, trouxo recentemente a esta Comisión unha proposta para investir en sanidade en Ourense, propoñendo non un esforzo orzamentario para a Xunta, senón utilizando fondos que foron rexeitados noutras cidades. Porén, esta **solicitudade foi obxecto de ridiculización pola portavoz do Partido Popular**, intentando desviar a atención co argumento falaz de que "un edificio sen médicos non serve de nada". Este tipo de afirmacións non só son unha **falta de respecto cara a Ourense, as súas necesidades e os seus veciños**, senón que tamén reflicten a **falta de compromiso** coas necesidades reais da nosa sanidade.

Precisamente, desastres como o derrubamento dun teito nun hospital deixan en evidencia dúas realidades innegables:

1. A **necesidade urxente de investimento en infraestruturas sanitarias** en Ourense, tanto para evitar que as actuais instalacións continúen deteriorándose ata niveis inda máis perigosos, como para acometer a construción de novos centros sanitarios onde son necesarios e onde hai un clamor veciñal que esixe a súa posta en marcha.

2. O **desinterese e a discriminación que sofre Ourense por parte do Goberno da Xunta de Galicia**, que sistematicamente ignora as deficiencias en sanidade e pon escusas para



non acometer as melloras necesarias, mentres noutras cidades poden mesmo rexeitar partidas millonarias sen que ninguén cuestione o seu dereito a recibir investimentos.

Pregunta

Que medidas inmediatas pensa adoptar a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, **para garantir a seguridade e adecuación das infraestruturas do Hospital Materno Infantil de Ourense**, evitando que se repitan incidentes como os recentes derrubamentos de teitos, **e como xustifica o abandono e a discriminación que sofre a provincia de Ourense en materia sanitaria**, non só permitindo que as súas instalacións actuais se deterioren sen investimento, senón negándose ademais a construír novas infraestruturas sanitarias onde os veciños levan anos reclamándoas?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2025.

Fdo. D. Armando Ojea Bouzo.

Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Armando Ojea Bouzo na data 01/04/2025 0:14:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22642
Data envío: 01/04/2025 00:14:59.901

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uyd1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2025 0:15:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 22642
Data envío: 01/04/2025 00:14:59.901

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydr1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas de reforzo positivo da lingua galega que está a impulsar o goberno no ámbito das administracións públicas e da xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de marzo o Consello da Cultura Galega celebrou a mesa “Administración, a xustiza e os servizos públicos” como parte do programa do foro participativo “Un país coa súa lingua”.

O obxectivo deste proxecto de debate é ofrecer medidas propositivas sobre a situación do galego nos diferentes ámbitos, nesta ocasión centradas na necesidade de avanzar para que a administración e a xustiza lle falen á sociedade na súa lingua.

As diferentes intervencións puxeron en destaque os incumprimentos da oficialidade que lle corresponde á lingua galega por parte do goberno da Xunta, unha realidade ben coñecida e denunciada publicamente en ocasións anteriores por traballadores e traballadoras da administración pública, así como desde a Mesa pola Normalización Lingüística.

Mais este foro tamén formulou unha serie de conclusións en forma de propostas de reforzo positivo co obxectivo de impulsar o galego entre os profesionais da xustiza e nos servizos contratados polas administracións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas de reforzo positivo da lingua galega está a impulsar o goberno no ámbito das administracións públicas e da xustiza?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2025 09:57:18

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2025 10:02:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/04/2025 10:02:14

Daniel Castro García na data 01/04/2025 10:02:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 2ª**, as medidas que debe asumir o goberno galego en relación co Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos do INE, case medio millón de vivendas en Galiza, o 29% do parque construído, está baleiro. Un volume, este, comparable ao total de vivendas construídas na provincia de Pontevedra.

Esta realidade non é un fenómeno ligado exclusivamente á emigración dende eidos agrarios cara os enclaves urbanos, consecuencia da industrialización. Os datos corroboran que tamén existe un gran volume de vivendas baleiras naqueles ámbitos urbanos que máis concentran poboación. As sete grandes cidades suman 90.000 vivendas baleiras e Coruña e Vigo están situadas entre as 3 cidades con máis vivenda baleira de todo o estado. Incluso se analizamos os concellos de máis de 10.000 habitantes, comprobamos que Galiza tamén lidera os ránkings: Mos, Monforte, Verín, Lalín e Porriño están entre os 10 concellos con máis vivenda baleira do estado e todos eles son ámbitos urbanos cunha importante dinámica económica e social.

Se analizamos a tendencia e evolución da vivenda baleira, vemos como se trata dun fenómeno que se mantén no tempo. Por exemplo, en Vigo hai hoxe máis vivenda baleira que hai unha década. Se ben é certo que os criterios para contabilizar a vivenda baleira mudaron dende o anterior censo, en todo caso as cifras permiten certificar que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non houbo nestes anos unha política capaz de actuar para reducir e mobilizar ese parque de vivenda baleira e que esta segue a ter un enorme impacto no conxunto do modelo inmobiliario do noso país.

Os programas da Xunta de Galiza orientados a reducir a vivenda baleira foron todos, sen excepción, un auténtico fracaso. A comezar polo Censo de vivenda baleira, que foi un instrumento inoperante, e continuando cos diversos programas que pretendían mobilizar este parque, con resultados realmente ridículos.

A última proposta a este respecto por parte da Xunta foi o Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento (PMVA), tamén coñecido como Vivendas Vivas. O 3 de outubro de 2022 publicábase no DOG a resolución pola que se regula este programa que pretende establecer unha canle de mediación en colaboración coas inmobiliarias, supostamente para mobilizar vivenda baleira, pero que está tendo un moi mal desempeño. Segundo o presidente da Xunta, agardábase que se mobilizarían na primeira fase, entre 250 e 300 inmobles, máis a realidade é que en febreiro deste ano apenas se alugaran 22.

En parte, existen problemas iniciais de concepción do propio programa, como por exemplo que os criterios para definir que constitúe unha vivenda baleira son bastante cuestionables. Tamén dende o punto de vista da xustiza social e dun criterio redistributivo é moi mellorable.

Mais para alén dun modelo errado de partida, existe ademais un problema de eficacia e de xestión. Son as propias empresas inmobiliarias, as que se encargan de xestionar e mediar a aplicación deste programa, as que están cuestionando o seu desempeño. Hai unha queixa estendida sobre as dificultades para que propietarios se acollan a este programa. A realidade é que en todo o país neste momento apenas se ofertan 25 inmobles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto debera provocar por parte da Xunta de Galiza unha revisión deste programa e, en xeral, da necesidade de deseñar unha estratexia máis ampla e ambiciosa de mobilización de vivenda baleira.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantos promotores se acolleron ao Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento nas distintas anualidades?
- Cantas vivendas participaron deste programa por anualidades?
- Cal foi a contía destinada anualmente para sufragar este programa?
- Ten a Xunta de Galiza realizado un informe de avaliación e seguimento deste programa?
- Vai facelo?
- Considera a Xunta de Galiza que este programa está a cumprir cos seus obxectivos iniciais?
- Considera a Xunta de Galiza necesario reformular este programa?
- Considera a Xunta de Galiza pór en marcha outros programas para actuar sobre a vivenda baleira?
- Que valoración fai o goberno das críticas dende o sector inmobiliario sobre a aplicación do programa?
- Cantas vivendas estima a Xunta de Galiza mobilizar para o ano 2024 ao abeiro deste programa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 01 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 11:10:22

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 11:10:36





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O hospital público de Valdeorras non é a primeira vez que é obxecto de debate no Parlamento de Galicia polo deterioro preocupante dos últimos anos.

Agora é a falta de médicos especialistas en moitas disciplinas como traumatoloxía, medicina interna, cardioloxía preventiva, anestesia, pediatria, radioloxía e oftalmoloxía, a que está a xerar un sen fin de queixas entre os usuarios.

Desde o ano 2010, o hospital que cobre a unha ampla poboación dos municipios do Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Lorouco, Manzaneda, Petín, Pobo de Trives, Rúa, Rubiana, A Veiga, Vilamartín de Valdeorras e Viana do Bolo, foi sufrindo un lento proceso de perda de recursos materiais e humanos.

Servizos clínicos que antes tiñan catro profesionais, agora están reducidos a un só ou mesmo algún desapareceu.

E isto reflíctese perfectamente nas listas de agarda. Segundo os últimos datos publicados polo Sergas, temos 3.068 persoas esperando unha consulta, cun tempo medio de espera de 112.9 días que supera con moito a media de Galicia que está en 60,8 días e mesmo a da área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco que se sitúa en 86,2 días.

Cremos que é unha mostra evidente e palpable da falta de especialistas.

Pero o mesmo nos sucede se analizamos as listas de espera de probas diagnósticas, que alcanzan 1.539 persoas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 11:19:29
Nº Rexistro: 22660
Data envío: 01/04/2025 11:19:29.155

Estamos a falar dunha poboación moi distante da capital, Ourense, o que supón un gran prexuízo cando alguén non pode ser atendido no Hospital de Valdeorras, e ten que se desprazar a Ourense.

E a preocupación que se plasma nesta iniciativa non é nova porque case todas as especialidades do Hospital de Valdeorras son deficitarias, non son capaces de atender a demanda desde hai moitos anos.

Non vale con que o propio xerente da área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco o recoñeza como dicía recentemente nunha rolda de prensa: "estes hospitais poden ser deficitarios, sobre todo, de persoal facultativo pois é difícil atopalo" e tamén recoñecía as dificultades en especialidades como oftalmoloxía e rehabilitación. É necesario dar unha resposta urxente porque detrás de cada número dunha lista de espera hai un home ou unha muller que necesita atención médica.

Por todo isto, as deputadas que asinan preguntan:

Cando pensa a Xunta de Galicia, cubrir as prazas vacantes de facultativos no Hospital de Valdeorras?

Parlamento de Galicia, 1 de abril de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77973

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 11:19:29
Nº Rexistro: 22660
Data envío: 01/04/2025 11:19:29.155

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/04/2025 11:11:58

Elena Espinosa Mangana na data 01/04/2025 11:12:14

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2025 11:12:26

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uyd1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77974

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o impacto que vai ter a suba dos prezos de venda e renda da vivenda protexida sobre a súa accesibilidade e función social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de xuño o Consello da Xunta de Galiza adoptou o acordo polo que se fixan os prezos máximos de venda e renda das vivendas protexidas de protección autonómica en primeira ou posteriores transmisión.

Na resolución do 18 de xuño de 2024 que fai referencia a dito acordo, estipúlase un aumento dos prezos máximos de venda en primeiras transmisións do entorno do 30%. A Xunta de Galiza trata de xustificar esta suba de prezos pola alza dos prezos da construción. Porén cómpre sinalar que os prezos da vivenda protexida xa sufriron unha actualización no ano 2021 e no ano 2023. Con respecto á última suba, de hai menos dun ano, os novos prezos fixados supoñen un incremento de entre os 243 e 388,80 euros por metro cadrado, distribuídos da seguinte forma segundo o réxime e a localización das vivendas:

1o. Réxime especial:

PMS: 243 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 1: 286,20 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 2: 292,75 euros por metro cadrado de superficie útil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2o. Réxime xeral:

PMS: 307,92 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 1: 375,84 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 2: 388,80 euros por metro cadrado de superficie útil.

3o. Réxime concertado:

PMS: 287,31 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 1: 361,39 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 2: 320,76 euros por metro cadrado de superficie útil.

Tomando como referencia que a superficie media da vivenda en Galiza sitúase nos 109 m², para unha vivenda protexida destas dimensións este incremento supón pagar entre 26.487€ e 42.379€ máis do que hai un ano. Unha vivenda en réxime concertado localizado nunha das zonas de Prezo Máximo Superior, alcanzaría os 240.160€. Incluso unha vivenda das mesmas características en réxime especial, é dicir orientado ás rendas máis baixas, logo desta subida se situaría nos 203.067€. Unhas cifras moi lonxe da capacidade adquisitiva dunha unidade con ingresos máximos de 2,5 veces o IPREM. Por tanto, este incremento desproporcionado fai con que a vivenda protexida perda o seu obxecto de facilitar vivenda a prezos accesibles.

Ademais, estas cifras difiren totalmente dos indicadores do Instituto Galego de Estatística que establece no seguimento e análise da construción, uns prezos medios de edificación residencial en Galiza durante o ano pasado de 1.298,8€ por metro cadrado, en vivenda libre, de 1.527,7€ nos casos de vivenda libre de menos de 5 anos, de 1.290,5€ nos casos de vivenda de máis de 5 anos, e de 1.079,7€ para vivenda protexida.

Ante a falla de indicadores máis específicos que avalíen os costes da construción, non se aclara en ningún momento por parte do executivo en que datos se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

basea para determinar unha suba tan importante dos prezos da vivenda protexida. Mais, tendo en conta que xa en agosto de 2023 se procedeu a un incremento do 8%, respecto de 2021, cando xa se procedera a outra suba.

Esta suba de prezos tamén se traslada á fase de licitacións dos proxectos de construción. Un exemplo é a adxudicación de 59 vivendas en San Paio de Navia, nas parcelas M-IVA-7 e M-IVA-8, o pasado 5 de xuño. En total foron adxudicadas por un importe total de 11,3 M€, o cal supón 191.525€ de repercusión de obra por vivenda. Unhas cifras moi elevadas.

Este incremento de prezos tamén se traslada á licitación da Vivenda de Promoción Pública. Por exemplo, a inicios deste ano foi adxudicado un contrato para a construción dun edificio para 46 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela M-IVB-25 do Plan Parcial de San Paio de Navia por un valor de 9,7M€ con IVE. Neste caso trátase de 5.657 metros cadrados de edificabilidade, o cal supón unha repercusión de 1.716€ por metro cadrado con IVE.

Por último, cómpre sinalar que o incremento dos prezos de venda de VPA en primeiras transmisións tamén ten unha afectación directa sobre os prezos de renda das VPA, xa que para fixalos tómake como referencia o primeiro. Se ben é certo que a Xunta reduciu do 3,7% ao 3% a porcentaxe que representa o alugueiro respecto do valor de compra, o incremento de prezos tan elevado, fai con que en nalgúns casos esta baixada non sirva para asumir o aumento dos prezos de venda. Ademais nos casos en que a renda resultante de aplicar esta porcentaxe máis baixa sexa inferior á renda estipulada no 2023 non se aplica a baixada da renda. Por tanto, os prezos de renda en primeira transmisión ou ben mantéñense ou ben aumentan, como sucede no caso do réxime especial en zona 2 e no réxime xeral en zona 1 e 2. Igualmente, no caso de rendas en segundas e posteriores contratos de arrendamento das VPA aplícase unha suba do 3% respecto dos prezos fixados en 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- En que indicadores se baseou a Xunta de Galiza para determinar unha suba tan importante dos prezos de venda e renda da vivenda protexida?
- Cree a Xunta de Galiza que os actuais prezos fixados resultan accesibles aos niveis de renda aos que van destinados?
- Que medidas está pondo en marcha para lograr axustar os prezos de venda e renda da vivenda protexida?
- Que medidas está pondo en marcha para lograr axustar os prezos de construción da vivenda protexida?
- Realizou a Xunta de Galiza algún estudo do impacto económico que pode ter a suba dos prezos de venda e renda da vivenda protexida en termos de accesibilidade?
- Realizou a Xunta de Galiza algún estudo do impacto económico que pode ter a suba dos prezos de venda e renda da vivenda protexida sobre o mercado de vivenda libre?
- Os actuais prezos de venda e renda garanten que non se destine máis dun 30% dos ingresos ao pago da vivenda?

Santiago de Compostela, 01 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 11:21:50

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 11:22:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de someter a revisión o programa Rexurbe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa REXURBE foi posto en marcha en 2017 co fin de adquirir e rehabilitar inmobles e solares emprazados nos centros históricos. Segundo o programa electoral do PP do ano 2016, o obxectivo deste programa era rehabilitar até 1.500 vivendas e 350 locais comerciais. Unha aposta que se redobrou no programa electoral do PP en 2020, asegurando que rehabilitarían 3.000 vivendas. Ante o reiterado incumprimento do seu propio programa, no último programa electoral de 2024 decidiron rebaixar as súas expectativas até os 300 inmobles rehabilitados, sen especificar o número de vivendas, nin tampouco se a súa rehabilitación sería exclusivamente a través do programa Rexurbe ou se tamén se contabilizan aí outros programas.

O que si temos certificado até o de agora é o baixo desempeño deste programa. En 7 anos apenas se adquiriron 93 inmobles, dos cales segundo os últimos datos apenas 18 foran rehabilitados. Estes malos resultados fan con que a Xunta de Galiza sistematicamente trate de ocultar o número concreto de inmobles e vivendas rehabilitados até o momento. Incluso en respostas escritas e orais a este grupo parlamentario o IGVS sempre se remite ás vivendas que prevé rehabilitar nun futuro para eludir responder sobre os resultados concretos acadados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais durante os últimos anos este programa caracterizouse por unha provisión de fondos escasa e por unha baixa execución orzamentaria. O orzamento previsto inicialmente no ano 2020 foi de 8M€, mais a súa execución final foi de 3M€. No ano 2021 aumentou o orzamento previsto inicialmente a 10 M€, mais a execución final foi de 3,2M€. No ano 2022 a situación aínda foi peor, de 10M€ orzamentados, executáronse 1,6M€. Para o ano 2023 o orzamento descendeu aos 7,8M€ e executáronse 2M€. Por tanto nos últimos 4 exercicios contables orzamentouse unha cifra total de 35,8M€, dos que se executaron menos de 10 M€. Con este ritmo de investimento, aínda que o goberno rebaixe expectativas, non pode chegar a acadar os seus propios compromisos. O que indican estas cifras de execución é que é unha constante o incumprimento por parte da Xunta en relación con este programa.

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos alertar desta cronificación de anuncios que se incumpren, pero ademais queremos sinalar a necesidade de mudar este programa Rexurbe xa que ten carencias estratéxicas e de concepción importantes.

Non basta só con aumentar o orzamento para os programas de rehabilitación senón que é necesario mudar completamente o programa.

Primeiro é preciso unha planificación. Neste momento o Plan Rexurbe, é un plan sen plan. Non hai criterios de localización claros, nin obxectivos, nin cronograma público de actuacións. Isto fai con que só uns poucos concellos do país concentren todas as actuacións que se van sucedendo a contagotas. Tamén as eivas na planificación revélanse na diferenza tan notoria entre o número de inmobles adquiridos e o número de inmobles rehabilitados.

Segundo, é fundamental que a Xunta de Galiza supere a visión limitante da rehabilitación ligada exclusivamente aos tecidos urbanos medievais, cando existen tamén tecidos urbanos de máis recente creación que precisan tamén de actuacións de renovación e de mellora da eficiencia enerxética.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Terceiro, é necesario ligar os investimentos públicos en materia de rehabilitación á necesidade urxente en materia de acceso á vivenda. Non parece de todo lóxico que non existan criterios de localización vinculados á demanda de vivenda, nin a unha estratexia de cohesión territorial.

Por último, unha vez revisados os criterios é necesario un maior compromiso orzamentario para que dito programa teña algún efecto palpable e non fiquen reducidos a actuacións anecdóticas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da execución orzamentaria do Plan Rexurbe?
- Por que motivos a Xunta de Galiza sistematicamente incumpren as súas previsións orzamentarias?
- Cal foi a relación de actuacións realizadas durante o ano 2023 cos investimentos executados?
- Considera a Xunta de Galiza necesario someter a revisión o Plan para modificar os seus criterios?
- Considera a Xunta de Galiza necesario modificar a súa xestión?
- Cantos inmobles foron adquiridos até a actualidade?
- Que investimento total se ten realizado para a adquisición de inmobles?
- Cantos inmobles foron rehabilitados e adxudicados até o de agora?
- Cantas vivendas foron rehabilitadas e adxudicadas até o de agora?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas vivendas foron adxudicadas durante o ano 2023 ao abeiro do programa rexurbe?

- Cantos novos inmobles do Plan Rexurbe prevé adxudicar durante o ano 2024?

- Cantas novas vivendas prevé adxudicar durante o ano 2024?

Santiago de Compostela, 01 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 11:33:17

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 11:33:33





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

No ano 2022 o Goberno galego aproba o Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 .

Un documento feito por unha entidade independente e presentado posteriormente ás asociacións que forman parte da rede galega contra a trata e aos grupos parlamentarios.

Un plan que contiña 5 areas estratéxicas, 11 obxectivos e 59 medidas concretas.

Transcorrido o período de vixencia do plan o pasado 27 de marzo de 2025 o director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero daba conta no Parlamento de Galicia do balance do seu cumprimento e manifestou que estaban a traballar na redacción do II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Dende o PSdeG cremos que o II Plan ten que mellorar o primeiro en moitos aspectos entre os que destacamos a cooperación na elaboración, un maior financiamento ás entidades, unha maior coordinación con outras administracións e un maior grao de cumprimento.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 11:37:55
Nº Rexistro: 22672
Data envío: 01/04/2025 11:37:55.414

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto implementar o Goberno da Xunta no II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 01/04/2025 11:33:14

Patricia Iglesias Rey na data 01/04/2025 11:33:27

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydr1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

77985

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de mellorar o firme da N-120 ao seu paso polos concellos de Ponteareas, Mondariz, O Covelo e A Caniza, así como dotar de seguridade viaria e peonil naquelas travesías que o precisen.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Estrada Estatal N-120, segue a ser na Comarca do Condado-Paradanta, unha das infraestruturas viais máis usadas pola veciñanza para os desprazamentos diarios entre os concellos limítrofes que non teñen acceso directo á autoestrada de alta capacidade A-52, como son entre os concellos de A Caniza, O Covelo, Mondariz ou Ponteareas (enlaces entre 2 e 3 kms. mínimo).

No Concello de Ponteareas, uns 17000 vehículos circulan cada día pola N-120, producindo un desgaste enorme no seu firme que leva décadas con parches, sen actualizar na súa totalidade.

A comezos deste mesmo ano o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, anunciou a exposición pública do proxecto modificado da mellora de seguridade viaria entre Ponteareas e O Confurco de 5 kms, considerado un punto negro en accidentes mortais pola admón. estatal, estando o concello pendente da súa licitación á maior brevidade posible.

Pero vista a demora que leva este proxecto nos últimos anos, é preciso que de xeito urxente o Ministerio realice a mellora do firme de todo o tramo que afecta á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comarca entre Ponteareas e A Caniza, debido ás numerosas fochancas e grandes buratos que fan intransitables algúns dos seus tramos máis utilizados.

Do mesmo xeito, tamén é preciso realizar proxectos de mellora da seguridade viaria e peonil (con sendas ou beiravías onde se precisen) nas zonas con vivendas como por exemplo: entre Ponteareas e Arcos, en Mondariz nas parroquias de Meiról e Vilasobroso; no Covelo, ao seu paso pola Lamosa e Paraños ou na Caniza nas parroquias de Petán, Oroso e a mesma Caniza. As veciñas e veciños destas zonas dependen da N-120 para a súa mobilidade a pé para acudir a outras vivendas ou servizos, ademais de estar aumentando o número de persoas que saen a facer exercicio físico a diario nunha zona totalmente rural na que as persoas viven en contacto directo coa natureza.

No Covelo ademais, a N-120 é a única ruta alternativa cando o túnel do Folgoso está pechado, polo que estas parroquias deben estar dotadas de rotondas, pasos de peóns, pintura reflectante no firme e os camiños ben pechados para que os animais non invadan o vial e garantir a seguridade.

No Concello da Caniza é fundamental dotar de seguridade a saída da Casa da Cultura no seu acceso ao vial estatal, así como que as persoas conten con sendas ou beiravías que permitan a súa mobilidade entre os distintos núcleos habitados.

É unha necesidade vital para a Comarca dispoñer dunha N-120 en boas condicións para unha mellor comunicación e mobilidade entre todos os concellos e o resto da Comarca, servindo de enlace comercial, laboral ou para trámites e servizos administrativos coas localidades cabeceira de Comarca, Ponteareas e A Caniza.

Estas accións que solicitamos, polo tanto, teñen que dar solución a dúas necesidades da veciñanza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Dotar de seguridade viaria mellorando o firme da N-120 entre Pontearcas e A Caniza, e

2.- Iniciar os proxectos precisos para mellorar a seguridade da veciñanza que transita a pé pola N-120, dotando de rotondas onde sexan precisas, sendas peonís ou beiravías do ancho suficiente para que as persoas poidan desprazarse sen medo a atropelos ou accidentes.

Con esta última planificación debera revisarse tamén aquelas zonas que precisan dunha maior iluminación, pasos de peóns, sinalización horizontal reflectora, etc. ao dotar de acceso peonil as marxes da estrada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Vai o goberno da Xunta instar o Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible a mellorar o firme da N-120 entre Pontearcas e A Caniza, eliminando así os centos de buratos e fochancas que afectan á seguridade viaria?

- Vai instar á elaboración dun estudo, e posterior proxecto, que defina as melloras necesarias (como beiravías, rotondas, sendas, iluminación, pasos de peóns...) para dotar de seguridade peonil a toda a veciñanza de núcleos rurais asentados ás marxes da N-120, para facilitar a mobilidade a pé de todas as persoas que se trasladan a outras vivendas, servizos, núcleos próximos ou para realizar exercicio físico?

- Vai instar a compartir este estudo e as distintas solucións a través dun proceso de participación cos Concellos e distintas asociacións parroquiais e colectivos veciñais afectados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 01 de abril de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 01/04/2025 11:42:12

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2025 11:42:23

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 11:42:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada que une as vilas de Agolada e Melide, nun trazado de case 19 quilómetros, divídese en dúas, a AC-840 e a PO- 840, cuxo percorrido se atopa na provincia de Pontevedra.

Esta vía precisa de actuacións sobre o firme do seu trazado que xa causaron rebentóns de rodas, roturas de lunas e mesmo saídas de vía, en parte polos asolagamentos que a propia choiva ocasiona, derivados da falla de limpeza das cunetas e que rematan en accidentes de tráfico.

Tras queixas constantes da propia veciñanza e da corporación local cara a administración competente, sen que isto se solucione recentemente unha moción do BNG do concello de Agolada solicitaba que todos os grupos políticos apoiaran peches semanais da estrada PO-840 no seu punto de unión coa N-640 en sinal de protesta polas condicións de ámbalas dúas vías de comunicación, de grande importancia para os veciños e veciñas da vila e para o resto da comarca.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo actuacións sobre a PO-840 que mellores o estado da vía en datas próximas?

. Que motivos ten a Xunta de Galiza para que na parte da estrada que se encadra na provincia de A Coruña o estado do firme e do mantemento desta sexa adecuado e no caso do trazado que descorre por a provincia de Pontevedra o estado desta sexa lamentable e perigoso?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Iria Carreira Pazos

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 01/04/2025 11:45:25

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2025 11:45:31

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2025 11:46:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto de construción dunha megafactoría de produción de pasta de celulosa de Altri na comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganoso, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente soubos que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2.Estamos diante dunha actividade industrial nada sostible nin circular, que terá fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal.

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas.

-Terá un impacto ambiental crítico no espazo natural da Rede Natura 2000 serra do careón e na zona proposta para a súa ampliación, unha área que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están clasificadas como vulnerábeis ou en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia perxudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto visual e paisaxístico fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial mais contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles. En contra do que se anunciou inicialmente, non se apreza a vinculación coa industria téxtil situada maioritariamente no Norte de Portugal, xa que a maior parte da produción está destinada á exportación e a transformación en zonas do mundo moi agfastadas de Galiza.

4. O proxecto ten tamén unha vertente relacionada coa produción e venda de enerxía “renovábel” a partir de biomasa e outros refugалlos, o que explica as xigantescas dimensións do complexo industrial.

5. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganос, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai o goberno galego trasladar ao parlamento toda a documentación relativa a tramitación do proxecto desde os seus inicios en 2020 e até a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico en decembro de 2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que proxectos se presentaron en 2020 á convocatoria en “Concorrenza competitiva” do chamado proxecto tractor de “Xestión sostíbel dos bosques galegos” e cales foron os criterios para a escolla do proxecto de Altri?

Que outros proxectos se presentaron e en que consistían?

Desde cando tivo coñecemento o goberno galego as intencións de Altri de construír en Galiza unha megafactoría de produción de pasta de celulosa e de produción de enerxía?

Ten coñecemento a Xunta da capacidade tecnolóxica de Altri-Greenfiber para producir lyocell?

Como valora a Xunta o impacto territorial, ambiental, socioeconómico e sobre os recursos hídricos da megafactoría de Altri na Ulloa?

Ten previsto o goberno galego avaliar favorabelmente o proxecto a pesar do seu fortísimo impacto e o rexeitamento maioritario nas comarcas afectadas?

Avaliou a Xunta o impacto económico e sobre o emprego que tería a inxección de 200 millóns de euros nas comarcas afectadas polo proxecto?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Iria Carreira Pazo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 11:53:23

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2025 11:53:32

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 11:53:45

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2025 11:53:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/04/2025 11:54:12

Sonia Vidal Lamas na data 01/04/2025 11:54:26

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2025 11:54:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto do ano 2022 a Xunta someteu a procedemento de información pública o proxecto de orde pola que se aproba a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica. Durante o prazo para remitir suxestións, que rematou o 24 de outubro de 2022, recibíronse 9 achegas.

Desde o mes de outubro de 2022 non hai constancia de avances na tramitación e aprobación deste instrumento de protección ambiental, necesario para corrixir e complementar a escasa protección que ten o noso territorio en materia de espazos naturais e biodiversidade.

Cómpre ter en conta que desde o ano 2017 a Xunta vén anunciando a elaboración e aprobación da Estratexia, e que en 2018 iniciáronse os traballos para a elaboración da Estratexia de Infraestrutura Verde da área da Coruña.

Transcorridos máis de 6 anos desde o primeiro anuncio e un ano e medio desde o remate do procedemento de información, consideramos que é urxente aprobar este instrumento de xestión das infraestruturas verdes, de conectividade e de restauración ecolóxica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na
Comisión 2ª:

Cal é a razón do retraso da aprobación da Estratexia de infraestrutura verde?

Cando prevé a Xunta aprobar a citada Estratexia?

Cales son as consecuencias do retraso na aprobación da estratexia?

Que orzamentos prevé a Xunta destinar ao desenvolvemento da Estratexia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 11:58:56

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 11:59:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/04/2025 11:59:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre protección de humidais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o rexime xurídico e se crea o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010) establecen o marco para refomular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non contan con instrumentos de conservación e xestión.

Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Parque das Illas Atlánticas), sen que nos últimos 20 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).
- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superficie de 34.441 ha (48,8%)
- Humidais subterráneos: 7 (0,6% do total), superficie de 0,6 ha
- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), superficie de 15.965,8 ha (22,7%)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do total dos humidais, 380 están incluídos total ou parcialmente e 751 están excluídos da Rede Natura. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a existencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IDADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).

Na lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Recentemente o Consello da Xunta aprobou o Plan Hidrolóxico Galiza Costa para o período 2021-2027, que inclúe entre as medidas a adoptar a protección dos humidais incluídos no Inventario, así como outras zonas húmidas de interese. Cómpre polo tanto actuar de xeito áxil para garantir a protección destes espazos, que están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ameazados por diversos proxectos de explotación industrial dos montes galegos. E ademais é necesario que os dous departamentos da Xunta con competencias na materia, Augas de Galicia e Patrimonio Natural, actúen de maneira coordinada para garantir tanto a protección legal, a inclusión no rexistro oficial e o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración de zonas húmidas degradadas ou deterioradas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai o goberno galego sobre o estado de conservación dos humidais de Galiza?

Que opinión lle merece ao goberno galego o feito de que unha parte importante dos humidais teñan un estado de conservación deficiente, segundo se desprende do estudo publicado polo IBADER?

Que medidas ten previsto poñer en marcha o goberno galego para reverter esta situación?

Ten previsto a Xunta de Galiza desenvolver un plan de protección e conservación dos humidais galegos?

Ten previsto o goberno galego declarar zonas húmidas protexidas e facer unha proposta de ampliación dos humidais de importancia internacional (RAMSAR)?

Cando prevé a Xunta de Galiza activar o Inventario Galego do Patrimonio Natural e a Biodiversidade?

Como valora a Xunta de Galiza o impacto de infraestruturas de enerxía e plantacións forestais nos humidais de montaña considerados espazos prioritarios pola UE?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai desenvolver a Xunta para garantir a protección efectiva dos humidais e para levar a cabo unha actualización e ampliación destes hábitats que teña en conta a nova información dispoñíbel e as achegas de colectivos cidadáns e ecoloxistas?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 12:08:15

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 12:08:55

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/04/2025 12:09:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o Marco de Acción Prioritaria 2021-2027 da Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2020 o Estado Español entregou á Comisión Europea o documento definitivo do Marco de Acción Prioritaria (MAP) para o financiamento da Rede Natura 2000 (RN 2000) no periodo 2021-2027.

Este documento compoñíase dunha memoria xeral e 20 anexos, un para a administración xeral do Estado e un por cada comunidade ou cidade autónoma.

No MAP correspondiente a Galiza (código NUT ES11), elaborado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta, menciónase no seu apartado C “Situación actual de la RN 2000”, subapartado C.1 “Estadísticas de la zona de la RN 2000” o seguinte (páx. 13):

“Tras la retirada de la iniciativa de ampliación de la Red Natura 2000 emprendida en el 2011, se está recopilando la información de base para la elaboración de una nueva propuesta de declaración de nuevos lugares de importancia comunitaria (LIC) o ampliación de los existentes”.

Ao longo do texto do MAP para Galiza menciónase en repetidas ocasións a retirada da proposta de ampliación emprendida pola Xunta en 2011 e o feito de que a D.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

X. de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está traballando nunha nova proposta de declaración de LICs (Lugares de Importancia Comunitaria) e de ampliación dos existentes en Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Cales foron as razóns polas que a Xunta de Galicia retirou a iniciativa de ampliación da Rede Natura 2000 iniciada en 2011 á que se fai referencia no documento do MAP de Galiza para o periodo 2021-2027 (código NUT ES11)?

. Atendendo ao comunicado pola Xunta ao Estado sobre a situación da RN2000 en Galiza para a redacción do MAP 2021-2027, en que estado se atopa a elaboración dunha nova proposta de novos lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos existentes e cales serían estes (Denominación, límites xeográficos, hábitats atinxidos, etc.)?

. Cales son os prazos previstos para a aprobación provisional destes novos LICs ou ampliación dos existentes?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 12:33:18

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 12:33:27

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/04/2025 12:33:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias a tomar para garantir horarios axeitados no transporte por estrada entre as cidades de Lugo e Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo establece o Plan Estratéxico de Transporte Público de Galiza:

“O obxectivo xeral do Plan de Transporte Público de Galicia, que non é outro que acadar un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia, a través dos diferentes apartados que compoñen ese documento desenvólvense uns obxectivos máis específicos que, seguindo o indicado na Lei 10/2016, son os seguintes:

Facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e medioambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fomentar e potenciar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.

Facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.”

Baixo estes preceptos, o servizo de transporte público debe cubrir as necesidades das persoas que o utilizan, e que poidan entender como unha boa alternativa o seu uso. Cando se elimina unha liña baixo a premisa da baixa demanda, estánse a vulnerar os principios do propio plan xa que se están deixando de cubrir as necesidades das persoas que precisan este servizo nos seus desprazamentos.

Concretamente estamos a falar do servizo XG623 Lugo-Ourense-Vigo, con anexos que, viu modificada a liña das 6 da mañá, unha liña utilizada por traballadores e traballadoras que se desprazan cara a cidade de Lugo e das vilas polas que pasa este servizo que hoxe ven imposibilitado o acceso a este servizo.

Xa na confección deste servizo, o horario das 6 da mañá era contemplado e recollida a confección das liñas e horarios, segundo reza o punto 1.6.5 de Viabilidade Social, os servizos deseñados respondes ás necesidades sociais identificadas, co obxectivo de mellorar a conectividade territorial etc.

Polo tanto, este horario tamén respondía ás necesidades sociais identificadas, mais para a empresa e a Xunta de Galiza parece que estas necesidades mudaron.

Como xustificación a esta modificación de horarios que vai en detrimento dos usuarios e usuarias recorrentes por traballo, a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria alegan a chegada do AVE e da súa necesaria conexión vía autobús como motivo desta mudanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo a intermodalidade coma horizonte a acadar para o transporte público galego, estas modificacións están á contra das necesidades dos usuarios e usuarias preexistentes, polo que cómpre dar ambos servizos en termos de igualdade, sendo necesario o estudo da creación de servizos específicos dende as principais cidades que conecten co AVE na provincia de Ourense.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- . Entende a Xunta de Galiza que o transporte público é un servizo que debe velar polas necesidades das súas usuarias?
- . Por que permite o goberno galego que primen os beneficios dunha empresa privada sobre as necesidades e os criterios que establece o seu propio plan?
- . Que vai facer o goberno galego para garantir os obxectivos sociais que deben imperar nun servizo público como é o transporte de viaxeiros?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: Paulo Ríos Santomé
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Montserrat Valcárcel Armesto
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2025 12:47:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/04/2025 12:47:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/04/2025 12:47:53

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2025 12:48:09

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2025 12:48:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o proxecto de explotación mineira nomeado “Mina Doadé”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2018 a empresa Recursos Minerales de Galicia S. A. Solicitou un permiso de explotación mineira, derivado do permiso de investigación “Alberta 1” para a extracción, entre outros, de estaño, volframio, tántalo, niobio e litio.

O proxecto estaba formulado sobre unha superficie de máis de 1700 hectáreas dende Presqueiras (Forcarei) até Rubillón (Avión), afectando directamente aos concellos de Beariz, Avión, Forcarei, A Lama y Cerdedo-Cotobade.

Este proxecto recibiu valoración negativa pola Confederación Hidrográfica do Miño Sil, polo que a Xunta denegou a autorización de explotación.

No mes de xaneiro de 2025, decatámonos a través dos medios de comunicación que tivo entrada na consellería de Industria o proxecto nomeado “Mina Doadé” no que se formula un novo proxecto de explotación derivado do permiso de investigación “Alberta 1”.

Solicitada a documentación a través do artigo 9 do regulamento do Parlamento Galego, esta foi remitida o día 11 de marzo de 2025.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Analizada a documentación, composta por máis de 8.000 páxinas, observase un cambio moi substancial ao proxecto inicial, dado que o novo reduce a súa influencia a 13,62 hectáreas, mudando o sistema de explotación de ceo aberto a galería.

O pasado 25 de marzo presentouse en Bruxelas a selección da primeira lista dos 47 proxectos estratéxicos de materias primas críticas, cos que A UE pretende "reducir a súa dependencia doutros países como China".

Estes proxectos estratéxicos enmárcanse no desenvolvemento da Lei de Primas Críticas das Materias cuxo obxectivo é "garantir a extracción, transformación e reciclaxe europea de materias primas estratéxicas para satisfacer a demanda da UE para 2030". O Estado español é o segundo despois de Francia con máis proxectos seleccionados na primeira lista de 47. A UE achegará financiamento de ata 27.000 millóns de euros e facilitará a tramitación administrativa para acelerar a obtención de permisos. De feito, indícase que non superará os 27 meses para os proxectos de extracción e os 15 meses para os de procesados e reciclados cando a media destes procedementos sexa en anos, entre 5 e 10 anos.

Entre os 7 proxectos elixidos pola Comisión Europea no Estado español figura a mina de litio de Doade (Beariz, Ourense).

Paradoxalmente, a Comisión Europea afirma que elixiu proxectos como a mina Doade en Galicia, tanto pola súa capacidade para contribuír ao abastecemento destas materias primas como polos seus “estándares ambientais e sociais, a súa viabilidade técnica e os seus beneficios transfronteirizos”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que consideracións ten a Xunta de Galiza respecto da inclusión na primeira lista de proxectos estratéxicos de materias primas da UE para a mina galega de Doade?
2. Como afecta esta declaración á tramitación ambiental da mina Doade?
3. Tiña A Xunta coñecemento previo desta elección? Foi consultada ou informada pola Comisión Europea, ou o goberno de España?
4. Dado que este proxecto foi rexeitado anteriormente , non cren que este proxecto debería ser rexeitado xa que o impacto ambiental está comprobado e será o mesmo?
5. Realizaranse todos os trámites ambientais relevantes a pesar dos trámites expresos que vai ditar a UE?
6. Xa que o Plan da UE é a busca de materias primas críticas para destinalas ao gasto militar e o litio é esencial na tecnoloxía militar. Priman estes criterios sobre os informes ambientais e os impactos sobre as poboacións dos concellos da Lama, Cerdedo-Cotobade e Beariz?
7. Non é contradictorio que as políticas comunitarias dos últimos anos se baseen na aprobación de plans e medidas supostamente verdes para a sustentabilidade e a loita contra o cambio climático, e agora se aceleren os procesos burocráticos para aprobar proxectos de minería exprés de alto impacto ambiental, como Doade?
8. Hai algún proxecto asociado a esta mina que peche o círculo dos minerais extraídos?
9. Ten a Xunta un inventario do uso das terras nas que se pretende implantar a mina Doade?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 01/04/2025 12:55:35

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 01/04/2025 12:59:31

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2025 13:00:29

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 13:00:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrència pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de que a Xunta e o PP celebrasen a bombo e prato a sentenza do Tribunal Supremo sobre a prórroga concedida a ENCE nos terreos de dominio público marítimo terrestre, deuse a coñecer a apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrència pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre. O texto da comunicación fai referencia a concesións para restaurantes, empresas papeleiras ou químicas en espazos do dominio público marítimo terrestre sen levar a cabo procedementos abertos e transparentes.

Segundo un comunicado feito público pola Comisión Europea, a prórroga das concesións existentes por un período de até 75 anos sen xustificación “é contraria ás normas da Unión Europea”. Segundo esta comunicación, “A Comisión decidiu incoar un procedemento de infracción contra España por non garantir un procedemento de selección transparente e imparcial para a adxudicación de concesións relativas a zonas costeiras”. Segundo diversas fontes, podería darse unha vulneración da Directiva de Servizos da UE, pola duración excesiva das concesións e por non estar garantida a libre concorrència. Neste sentido, a prórroga prevista na reforma da lei de Costas de 2013





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constituiría unha renovación automática para o seu actual titular o que lle outorga unha vantaxe que é contraria ao espírito e á letra da Directiva.

A apertura do procedemento de infracción reabre o debate en relación con ENCE, que se pode enfocar desde dous puntos de vista

-A legalidade/ilegalidade do procedemento para o outorgamento da prórroga, que seguirá sendo obxecto de controversia e de sucesivos procedementos legais.

-A idoneidade do seu emprazamento en terreos gañados ao mar, e sen que se cumpran os criterios para a súa localización en terreos de dominio público marítimo costeiro (necesidade de acceso á lámina de auga e necesidade de captación da auga do mar). Nesta non idoneidade concorren razóns ambientais (condicionamentos do cambio climático e da calidade do medio urbano), urbanísticas (desenvolvemento urbano ordenado e sustentábel dos concellos de Pontevedra e Marín) e de ordenación do territorio e do litoral, tanto no que ten a ver coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio como co previsto na Disposición Adicional Terceira do POL. E a maior abundamento, hai que ter en conta as previsións do Anteproxecto de lei de Ordenación do Litoral, no que non ten cabida nin xustificación a permanencia de ENCE no seu actual emprazamento.

Contra o argumento falaz da imposibilidade de traslado da fábrica existen moitos argumentos de peso

1º Non existe ningunha fábrica de pasta de Celulosa na península Ibérica que estea en terreos de dominio público marítimo terrestre, polo que o caso de ENCE en Lourizán é absolutamente excepcional.

2º Os informes recabados por ENCE segundo os cales non hai en Galiza terreos con aptitude para acoller a fábrica están sesgados xa que só contemplan a opción de instalación nun parque empresarial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º Actualmente estanse tramitando en Galiza proxectos industriais con necesidades de terreo e captación de auga semellantes ás que ten a planta de ENCE.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai a Xunta sobre apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrencia pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre?

Que implicacións considera o goberno galego que pode ter este procedemento nas concesións do complexo mar industria alimentario e a instalacións industriais como a de ENCE en Lourizán?

En que se basea a Xunta para defender a idoneidade do emprazamento de ENCE en terreos gañados ao mar, e sen que se cumpran os criterios para a súa localización en terreos de dominio público marítimo costeiro (necesidade de acceso á lámina de auga e necesidade de captación da auga do mar)?

Como pretende o goberno galego facer compatíbeis as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral e os criterios do anteproxecto de Lei de ordenación do litoral coa permanencia de ENCE en terreos de dominio público marítimo terrestre?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 01/04/2025 13:00:20

Alexandra Fernández Gómez na data 01/04/2025 13:00:30

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2025 13:00:47





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Lei europea de materias primas críticas busca reforzar a soberanía e a competitividade dos Estados membros, así como a redución da dependencia de países extracomunitarios para a obtención de materias primas críticas, a simplificación da burocracia e o fomento da innovación ao longo de toda a cadea de valor son algúns dos obxectivos que persegue esta lei.

A norma europea establece parámetros de referencia que os países comunitarios deberán alcanzar para 2030: extraer do seu propio territorio o 10 % das materias primas críticas que consome ao ano, procesar o 40% desa demanda e reciclar o 25 %. A axilidade é outro dos obxectivos que persegue a adopción desta lei. Para iso, o tempo máximo para autorizar proxectos de extracción de materias primas críticas redúcese a 27 meses. Sen investigación xeolóxica non é posible determinar o potencial do subsolo galego e a base para poder investigar son os permisos de exploración que levan anos bloqueados.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia somos conscientes de que as minas abandonadas no noso país para transformar en vertedoiros, ou ben reactivar explotacións mineiras da época do franquismo ou de antes- cando deberían ser tido declaradas como concesións caducadas pola Lei de minas estatal e a Lei de ordenación da mineira de Galicia- amosa que o Goberno galego non aprobou unha planificación estratéxica mineira, e tampouco foi dilixente co estrito cumprimento da normativa mineira e medioambiental. E temos moitos exemplos, que poñen de manifesto que as cousas non se están a





facen ben, pola falla de planificación e ordenación sustentable do sector mineiro en Galicia, como amosan as numerosas anulacións de permisos de explotacións mineiras polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Entre os exemplos, podemos mencionar a mina de ouro de Corcoesto, a mina San Finx, a mina de Penouta- sobre a que se abriron dilixencias penais na súa modalidade agravada de risco para a saúde das persoas; a mina de feldespatos de Muras, ou proxecto do plan de restauración da explotación mineira da Casalonga de TOYSAL no Concello de Teo.

A planificación na concesión de autorizacións para a posta en marcha de proxectos mineiros, que utilicen métodos de extracción e produción respectuosos co medio ambiente, é o primeiro paso para que Galicia poida posicionarse como unha rexión industrial avanzada, capaz de impulsar o desenvolvemento socioeconómico da súa comunidade e facilitar o reto da transición enerxética. Planificación estratéxica mineira da que a día de hoxe carece o Goberno galego.

Recentemente a mina de Doade, no municipio ourensán de Beariz, converteuse nun actor para a autonomía europea na carreira pola transición enerxética. A Comisión Europea incluíu este proxecto —o único galego— entre os 47 designados como estratéxicos baixo o Critical Raw Materials Act (CRMA), unha iniciativa para reducir a dependencia de importacións de minerais esenciais. A decisión, prioriza o acceso a financiamento e axiliza os trámites administrativos, Impulsado por Recursos de Galicia (filial do Grupo Samca e membro da Cámara Oficial Mineira de Galicia, COMG), o proxecto contempla unha mina subterránea e unha planta de procesamento de pegmatitas, rocas ricas en litio, feldespatos e moscovita. Este metal, vital para fabricar baterías de vehículos eléctricos e almacenar enerxía renovable, trae ao debate político sobre o impacto ecolóxico da minería.





Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que esta mina ten especial interese estratéxico?
2. Cal é estado de tramitación do proxecto da mina de litio en Doade perante a Consellería de Economía e Industria?
3. En que consiste a técnica de extracción do proxecto de explotación mineira de litio en Doade?
4. Cal é o calendario de execución da explotación da mina de litio de Doade?
5. A promotora da mina de Doade presentou o plan de restauración do espazo afectado polas actividades mineiras e o plan de cesamento de actividades mineiras?
6. Cantos empregos directos e indirectos están previstos que se creen durante a fase de explotación da mina de litio en Doade?
7. Cal é a solvencia técnica e financeira, que presentou a promotora da mina de litio en Doade para acreditar que a solicitante reúne os requisitos exixidos na lexislación mineira para poder ser titular de dereitos mineiros?
8. Cal é o estado de tramitación da avaliación ambiental do proxecto mineiro da mina de litio en Doade na Conselleira de Medio Ambiente?

Santiago de Compostela, a 1 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 01/04/2025 13:03:10





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 13:16:25
Nº Rexistro: 22707
Data envío: 01/04/2025 13:16:25.923

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/04/2025 13:03:21

Lara Méndez López na data 01/04/2025 13:03:31

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uyd1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78022

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Narón é una cidade que se sitúa na ría de Ferrol que conta na actualidade con case 40.000 habitantes, que son atendidos nun único centro de saúde e dous consultorios, O Val e Pedroso, que dispoñen unicamente de 2 e 1 médicos xerais respectivamente.

O centro de saúde de Negreira dá servizo por tanto a totalidade dos habitantes do concello, sobre todo no caso dos servizos de urxencia que unicamente existe no centros de saúde.

O centro actual xa está sobrepasado e cunhas infraestruturas deterioradas e con dificultades de dar un servizo adecuado nas urxencias. O nivel de deterioro e a situación e dimensión do centro actual fai que nos sexa eficiente afrontar unha reparación ou actualización integral do centro actual para modernizar as instalacións para que permita uns servizos de máxima calidade sanitaria.

Pero a situación, sobre todo nos servizos de urxencia se agrava polo feito de que o servizo de ambulancias asignado aos centros de saúde de Narón vén de ter reducida a súa actividade a unicamente 12 horas diarias, a partir das 21 horas o Concello de Narón quédase sen a súa propia ambulancia quedando a depender da dispoñibilidade dese servizo da cidade de Ferrol. Esta situación é máis grave polo feito de que vilas próximas, como é Pontedeume ou Cedeira, moito menos poboadas, dispoñen do servizo de ambulancias 24 horas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 13:17:53
Nº Rexistro: 22713
Data envío: 01/04/2025 13:17:53,391

Esta situación afecta de forma decisiva a saúde e seguridade da cidadanía de Narón, situación que non se pode prolongar por máis tempo. A cidadanía de Narón precisa que a resposta ante unha emerxencia sexa rápida e eficiente, a súa saúde esta en risco.

A Consellería e o Sergas teñen que tomar medidas de maneira urxente para que Narón dispoña do servizo de ambulancia as 24 horas do día, os 7 días da semana, nos xogamos a protección de todos e todas e trátase de salvar vidas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Consellería de Sanidade da situación actual do servizo de ambulancias no Centro de Saúde de Narón?
2. Que medidas está a tomar a Consellería para garantir que o Concello de Narón dispoña dunha resposta ante as emerxencias rápida e eficiente as 24 horas do día?

Santiago de Compostela, a 1 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 01/04/2025 13:07:42

Elena Espinosa Mangana na data 01/04/2025 13:07:50

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2025 13:07:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78024

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Narón é una cidade que se sitúa na ría de Ferrol que conta na actualidade con case 40.000 habitantes, que son atendidos nun único centro de saúde e dous consultorios, O Val e Pedroso, que dispoñen unicamente de 2 e 1 médicos xerais respectivamente.

O centro de saúde de Negreira dá servizo por tanto a totalidade dos habitantes do concello, sobre todo no caso dos servizos de urxencia que unicamente existe no centros de saúde.

O centro actual xa está sobrepasado e cunhas infraestruturas deterioradas e con dificultades de dar un servizo adecuado nas urxencias. O nivel de deterioro e a situación e dimensión do centro actual fai que nos sexa eficiente afrontar unha reparación ou actualización integral do centro actual para modernizar as instalacións para que permita uns servizos de máxima calidade sanitaria.

Pero a situación, sobre todo nos servizos de urxencia se agrava polo feito de que o servizo de ambulancias asignado aos centros de saúde de Narón vén de ter reducida a súa actividade a unicamente 12 horas diarias, a partir das 21 horas o Concello de Narón quédase sen a súa propia ambulancia quedando a depender da dispoñibilidade dese servizo da cidade de Ferrol. Esta situación é máis grave polo feito de que vilas próximas, como é Pontedeume ou Cedeira, moito menos poboadas, dispoñen do servizo de ambulancias 24 horas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2025 13:19:28
Nº Rexistro: 22718
Data envío: 01/04/2025 13:19:28.812

Esta situación afecta de forma decisiva a saúde e seguridade da cidadanía de Narón, situación que non se pode prolongar por máis tempo. A cidadanía de Narón precisa que a resposta ante unha emerxencia sexa rápida e eficiente, a súa saúde esta en risco.

A Consellería e o Sergas teñen que tomar medidas de maneira urxente para que Narón dispoña do servizo de ambulancia as 24 horas do día, os 7 días da semana, nos xogamos a protección de todos e todas e trátase de salvar vidas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que valoración fai a Consellería da situación actual do Centro de Saúde de Narón?

Santiago de Compostela, a 1 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 01/04/2025 13:11:34

Elena Espinosa Mangana na data 01/04/2025 13:11:47

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2025 13:11:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o respecto as linguas cooficiais nos programas de xestión utilizados pola administración de xustiza en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 434 bis da Lei Orgánica do Poder Xudicial, introducido pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, establece que as Administracións con competencias en materia de Xustiza deberán impulsar a cooperación e a colaboración para unha mellora da calidade na prestación dun servizo esencial.

No último parágrafo do referido artigo establécese expresamente que:

“o obxectivo prioritario da cooperación é establecer os medios materiais que permitan que o conxunto do procedemento, as comunicacións e os actos de impulso procesual poidan desenvolverse integramente en todas as linguas oficiais do Estado, garantindo así o respecto dos dereitos lingüísticos da cidadanía”

Un dos instrumentos para a efectividade do disposto no precepto transcrito é a existencia dun programa informático de xestión que permita traballar nas linguas cooficiais no territorio no que teñen as súas demarcacións os concretos órganos xurisdiccionais. Algo que ate o de agora non se cumpría en Galiza, no que o programa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

voluntariamente asumido pola Xunta de Galiza, Minerva, non permitía a tramitación en galego.

Dende hai anos o Ministerio de Xustiza ven traballando nun novo programa de xestión procesual -Atenea- que substitúa e mellore ao Minerva, tanto na axilización da tramitación, como no nivel de ciberseguridade ou na mellora da calidade do dato. Este sistema de aplicación nos órganos xurisdicionais das Comunidades Autónomas que non teñen transferidas as competencias en materia de administración de xustiza, non é descartable que sexa tamén adquirido pola Xunta de Galiza, de xeito análogo ao que aconteceu co Minerva. A Xunta de Galiza no canto de desenvolver ou adquirir un programa de xestión propio e específico asumiu o programa creado polo Ministerio de Xustiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que previsións manexa a Xunta de Galiza sobre a utilización futura do Minerva como programa de xestión procesual?

O programa Minerva permite a súa utilización indistinta do galego e o castelán, dispoñendo dos mesmos recursos e utilidades en ambas linguas?

Esta a Xunta a desenvolver ou contratar un programa de xestión procesual específico e propio para a administración de xustiza de Galiza, ou ten previsto adquirir o Atenea, desenvolvido polo Ministerio?

No seu caso, que xestións realizou ou ten previsto realizar para que o Atenea permita a súa utilización en galego e castelán en igualdade de condicións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que sería acorde coa normativa en vixencia a utilización dun sistema que non permitise a súa utilización en todas as linguas oficiais en igualdade de condicións?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/04/2025 16:04:31

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2025 16:04:38

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2025 16:05:20

Daniel Castro García na data 01/04/2025 16:05:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o incumprimento da Xunta da súa *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida* para o período 2023-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do IGE no ano 2023 o número total de vivendas protexidas rematadas foi de apenas 18. Ademais, os datos publicados polo Ministerio de Vivenda y Agenda Urbana no seu último Boletín especial Vivienda y Suelo sinalan, que destas o 100% foron adxudicadas en réxime de propiedade. É dicir que durante o 2023 houbo cero vivendas protexidas adxudicadas en réxime de aluguer e cero en réxime de aluguer con dereito a compra. Tamén segundo este informe, xa que a Xunta non fai públicos os datos, o 100% destas vivendas protexidas foron realizadas por promotores privados, é dicir que houbo 0 vivendas impulsadas por un promotor público.

Estes datos son os primeiros datos oficiais dos que dispomos logo de que no ano 2023, a Xunta de Galiza anunciase un cambio de rumbo en materia de vivenda e a aprobación en Consello da Xunta da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. A suposta nova folla de ruta do goberno supuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Pois ben, á vista dos datos publicados, é unha evidencia que esa Estratexia é apenas un artefacto mediático que a Xunta é plenamente consciente de que vai incumprir.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cantas vivendas de promoción pública foron terminadas durante o ano 2023?

Cal foi a súa distribución segundo réximes de adxudicación?

Cantas vivendas de promoción pública foron terminadas durante o ano 2024?

Cal foi a súa distribución segundo réximes de adxudicación?

Cantas vivendas de protección autonómica foron terminadas durante o ano 2023?

Cal foi a súa distribución segundo réximes de adxudicación?

Cantas vivendas de protección autonómica foron terminadas durante o ano 2024?

Cal foi a súa distribución segundo réximes de adxudicación?

Cantas vivendas foron rematadas no 2023 ao abeiro do programa Rexurbe?

Cantas vivendas foron rematadas no 2024 ao abeiro do programa Rexurbe?

Cantas vivendas da SAREB se incorporaron?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que vai dar cumprimento ao compromisos anunciados na *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida* para o período 2023-2026?

Considera a Xunta de Galiza que os resultados obtidos son positivos?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 10:23:28

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 10:27:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as eivas do Bono alugueiro mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de febreiro publicábase no DOG a *RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2025 pola que se procede á convocatoria do programa de Bono alugueiro mocidade para o ano 2025, con financiamento plurianual (código de procedemento VI482E)*.

Trátase dunha orde que chega tarde, xa que falamos dunha subvención de duración bianual que levaba sen convocarse dende xuño de 2022 e por tanto correspondía a súa convocatoria no ano 2024. Por tanto, os mozos e mozas levan case 3 anos agardando para poder facer a súa solicitude.

Mais as trabas non rematan aí, porque a apertura do prazo de tramitación tampouco garante aos milleiros de mozos e mozas, que polas súas condicións persoais compren cos requisitos para solicitar dita axuda, a súa obtención. E isto débese ao déficit orzamentario e a un modelo de adxudicación en concorrencia non competitiva deficiente e inxusto.

Por iso os mozos e mozas que lograron finalmente esta subvención na anterior convocatoria foron apenas 5.344, quedando milleiros de solicitudes denegadas sen ter en conta a situación de emerxencia habitacional en cada caso individual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para esta nova convocatoria non se prevé unha situación mellor, xa que na anterior convocatoria concedéronse 21,3M€ dos 22,8M€ orzamentados, e para este novo período 2025-2026 resérvanse 12,9M€ distribuídos en 6.477.468 euros para cada anualidade.

Outra das eivas coas que se atopan os solicitantes é a falla de adecuación dos límites máximos de renda das vivendas alugadas á realidade na que viven. Nesta convocatoria seguen mantendo unha delimitación e clasificación de zonas territoriais sobre os que se aplican os topes de aluguer baseada no número de habitantes do concellos, a cal non se corresponde coa realidade do mercado inmobiliario coa que se atopan estes mozos e mozas.

Por exemplo, nesa convocatoria resérvase a aplicación dun importe máximo de 700€ de renda do aluguer aos concellos de Coruña, Santiago, Vigo, Ourense e Pontevedra. Mais segundo os datos recollidos no informe *“O aluguer nos concellos do Rexistro único de demandantes de vivenda da CCAA de Galiza a 1.1.2025”* do Observatorio da Vivenda de Galiza, dependente do IGVS, na provincia da Coruña os concellos de Lousame e Oleiros superan ao da Coruña no seu prezo medio de aluguer. Outro exemplo é o concello de Bergondo, que cun prezo medio de aluguer de 619€ é o 6º concello da provincia con maior prezo, mais está clasificada como un concello de zona territorial 2 onde o límite máximo de aluguer é de 400€.

Na provincia de Pontevedra, concellos coma Nigrán(781€) ou Baiona(630€) aparecen entre os concellos cos alugueres máis caros, porén para solicitar a axuda en ambos concellos se establece un tope máximo de 500€ de aluguer nestes concellos. Estes son algúns exemplos que poñen de relevo como a delimitación territorial dos topes de aluguer non debe realizarse só en base ao número de habitantes, senón tamén tendo en conta a situación real do mercado inmobiliario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Evidentemente, hai que ser cautelosos ao aplicar un aumento dos topes de prezos dos alugueres que son obxecto de subvención, xa que pode conlevar efectos negativos como contribuír ao incremento de prezos do mercado. Mais queda evidenciada a necesidade de que exista unha concordancia entre a delimitación e clasificación territorial dos distintos tramos coa realidade do mercado, para evitar que haxa mozos e mozas que non poidan acceder a esta axuda por non atopar na súa contorna alugueres que respondan ás esixencias marcadas nas bases desta subvención.

Ademais para facilitar que as bases desta axuda sexan coherentes e xustas, deberían incorporarse na valoracións desas rendas máximas outros factores coma son o tamaño da vivenda ou o número de habitacións das que dispón a vivenda e das necesidades que nese sentido poida ter un fogar. Porque non é o mesmo as esixencias espaciais que require unha parella menor de 36 anos con 2 fillos ao cargo, que un fogar unipersoal e, por tanto, o prezo mínimo que deban pagar será distinto. Igualmente nos casos de pisos compartidos entre varias persoas sen relación de parentesco que teñen un contrato de aluguer común e non por habitacións, deben tamén ter unha consideración distinta en cuanto ao prezo máximo dos alugueiros adecuada ás necesidades espaciais dos convivintes. Neste último caso a nova convocatoria segue mantendo criterios de adxudicación das axudas que impiden que moitas persoas que comparten piso fóra do ámbito familiar poidan solicitala, como xa denunciámos en numerosas ocasións.

Por último non podemos obviar todos os problemas acumulados na xestión e tramitación das solicitudes na convocatoria anterior. No ano 2022 o IGVS incumpríu coas súas obrigas de resolver no prazo estipulado as solicitudes.

Por todo isto dende o BNG consideramos necesario un compromiso da Xunta para mellorar a actual convocatoria en termos de financiación e tramitación. Tamén dun acordo entre o goberno central e o galego para modificar as bases das vindeiras convocatorias. Ademais, dende o BNG consideramos que namentres as eivas do bono





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alugueiro mocidade se manteñan a Xunta de Galiza debe articular programas propios de axuda á emancipación que sexan realmente eficaces e con criterios xustos e adecuados.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera suficiente a Xunta a súa aportación ao Bono alugueiro mocidade?
- Por que a Xunta de Galiza non aumenta a súa aportación?
- Cumpriu a Xunta de Galiza cos prazos de ditame e notificación en todas as resolucións?
- Cal é a data e hora de entrada da última solicitude aceptada antes do esgotamento do crédito?
- Que vai facer a Xunta de Galiza para corrixir as bases da vindeira convocatoria?
- Vai a Xunta a despregar políticas propias en materia de emancipación?
- Como valora a Xunta implementar unha rede de oficinas de emancipación?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 10:48:33

Iago Suárez Fernández na data 02/04/2025 10:49:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dar estabilidade real a todo o persoal funcionario docente de carreira na especialidade de chinés nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galiza, xurdido do proceso de estabilización de emprego público en prazas estruturais, amparado pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, incluíndo as prazas estruturais de chinés na EOI de Ourense (2 prazas) como vacantes no CXT 2024/2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En agosto de 2007, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades daquela, anunciou nos medios de comunicación a implementación por primeira vez na Galiza do Chinés nas EOI de Vigo e A Coruña. Cinco anos despois, en setembro de 2012, abrían a oferta de chinés na EOI de Ourense, e un ano despois, tamén na EOI de Lugo. A necesidade de dar continuidade aos grupos de nivel máis básico e o feito de que nesta lingua o currículo establecido en Galiza estima que son necesarios tres cursos para certificar o nivel básico A2 e outros tres cursos para certificar o nivel intermedio B1 obrigaron a ampliar o profesorado rapidamente nos catro centros con oferta de chinés. Así pois, desde o curso 2013/2014 a EOI de Ourense xa contaba con dúas prazas de chinés a tempo completo.

Abriase unha porta a persoas mozas e tamén a aquelas interesadas en aprender esta lingua por estar vinculadas no mundo da empresa a este país asiático: China. Empresas cun intenso comercio e que este aprendizaxe dáballes a posibilidade dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maior coñecemento da súa cultura, pensamento, tradicións, normas sociais... e por suposto un maior entendemento oral e escrito.

Desde a ampliación e consolidación das prazas de chinés nas diversas EOI de Galiza, estas foron adquirindo carácter estrutural, sendo ofertadas ano a ano no CADP para seren cubertas por persoal interino, xa que nunca houbo convocatoria de oposición nesta especialidade. Chegou entón a lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e a Consellería viuse obrigada a estabilizar as 10 prazas de profesorado de chinés que existían naquel momento porque todas elas tiñan unha antigüidade superior aos tres anos e podían ser consideradas prazas estruturais. Durante o curso 2022/2023, pola vía do concurso de méritos, levouse a cabo un proceso de estabilización que supuxo a creación de 10 prazas de profesorado funcionario de carreira nesa especialidade. O 1 de setembro de 2023 todas estas persoas tomaron posesión.

Malia ter persoal funcionario de carreira para todas as prazas estabilizadas mediante a lei 20/2021, no curso 2023/2024 soamente se incluíron como vacantes no CXT seis prazas, ningunha delas na EOI de Ourense. No CADP de 2024 aproveitouse a circunstancia de que un funcionario de carreira con destino definitivo na EOI de Vigo estaba de excedencia para prestar servizos noutra Administración pública para suprimir a praza en situación de provisionalidade que quedara na EOI da Coruña. E no CXT actual, continúaase pola senda da improvisación ao deixar unha praza da EOI de Ourense fóra da listaxe de vacantes provisionais, tendo en conta que hai persoal funcionario de carreira sen destino definitivo que corre o risco de non ter praza para o

curso 2025/2026 se esa praza da EOI de Ourense, igual de estrutural que as outras que aparecen como vacantes provisionais no CXT, non se inclúe na listaxe.

Na Galiza hai na actualidade 10 docentes de Lingua Chinesa que superaron as probas de estabilización e foron nomeadas o pasado setembro de 2023 funcionarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto deberan estar cubrindo na súa totalidade as prazas de chinés en todas as EOI do País. Pero non é isto o que está a acontecer, senón que en Ourense no 2024, non se ofertou ningunha das prazas a estes novos funcionarios/as e neste 2025 só sacan a primeira delas, deixando a segunda (precisamente a compartida con outro idioma) sen cubrir de xeito estable, mentres quedan persoas funcionarias nomeadas sen destino definitivo asignado e que tampouco forman parte da listaxe provisional de concurso de traslados este ano.

Isto está a acontecer ao mesmo tempo que a Consellería de Educación, tan interesada en impulsar esta lingua hai quince anos en todas as provincias, na actualidade non planifica nin a medio nin longo prazo a oferta formativa destas Escolas e dende logo tampouco está a promocionar linguas como a árabe, chinesa, xaponesa, etc. que son menos coñecidas e populares entre as galegas e galegos que poden estar interesados na súa aprendizaxe.

Tamén se atopa nunha gran incertidume a EOI neste intre, mentres circulan diferentes rumores sobre a posibilidade de ir amortizando estas prazas para rematar suprimindo o departamento de chinés no centro. Cuestión que está a facer saltar todas as alarmas entre a comunidade educativa, xa que en ningún momento houbo ningunha xuntanza coa dirección da EOI que puidera indicar a máis leve posibilidade de que o chinés estivera en risco a súa continuidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP asignar destino definitivo a todas as persoas funcionarias que superaron as probas de estabilidade e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foron nomeadas en 2023 docentes na especialidade de chinés, dando ao mesmo tempo estabilidade ás dúas prazas desta lingua na Escola Oficial de Idiomas de Ourense?

2.- Vai a Consellería de Educación garantir a matrícula das distintas linguas a través dunha difusión da oferta formativa das EOI galegas e as súas extensións, e en concreto, realizar unha divulgación máis específica e incisiva do chinés e outras linguas con demanda minoritaria?

3.- Vai a Consellería aclarar coa dirección da EOI de Ourense e as funcionarias afectadas, de xeito inmediato, a situación futura das prazas de chinés?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/04/2025 13:03:43

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2025 13:06:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/04/2025 13:07:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre especies ameazadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galiza aprobáronse os seguintes plans

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común.
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.
- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da pílara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo mais transcorridos case 10 anos aínda non foi aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A Xunta de Galiza adxudicou contratos para a elaboración de plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que os citados plans chegaran a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. Esta situación de desprotección supón un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento -por acción ou omisión- do establecido na lexislación vixente.

Nun exercicio de opacidade e de atranco ao labor de control deste grupo parlamentar, o goberno da Xunta non fixo entrega de copias de diversos estudos contratados entre 2005 e 2021, solicitados ao abeiro do artigo 9. Referímonos a un total de 45 asistencias técnicas e contratos de servizo que supuxeron un investimento superior aos 500.000 euros: 29 destes estudos corresponden á etapa de goberno bipartito (2005-2009) e 16 ao período de goberno do PP (2009-2021). Mentres que se oculta esta información, comprobamos con asombro como empresas privadas fan uso dela e cítana na documentación de proxectos enerxéticos.

4. No ano 2022, este grupo parlamentar recibiu unha resposta escrita do goberno chea de vaguidades e lugares comúns. Entre outras cuestións, indicase que “as especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación... Nos últimos anos realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas como aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc.”

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación do sapoconcho común, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seu hábitat?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da escribenta das canaveiras, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e do seu hábitat?
3. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da pílara das dunas, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seus hábitats?
4. En que prazo prevé o goberno galego aprobar a revisión do plan de conservación do oso pardo?
5. Que plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas ten previsto aprobar a Xunta no presente ano 2024?
6. Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas?
7. Ten coñecemento o goberno galego da afección de proxectos industriais a hábitats de especies ameazadas?
8. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para evitar a afección de proxectos industriais a hábitats de especies ameazadas?
9. Por que razón o goberno galego oculta información sobre os estudos de avaliación do estado de conservación de especies ameazadas?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 15:43:49

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 15:44:04

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2025 15:44:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre medidas que debe tomar a Xunta de Galiza en relación co *Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do estado prevé o impulso de medidas e a mobilización de fondos europeos para abordar transformación estruturais. Entre elas, o impulso da mellora da eficiencia enerxética, e máis concretamente, actuacións de rehabilitación e mellora do parque construído. A compoñente 2 deste instrumento márcase como obxectivo adecuar o parque edificado para mellorar a súa cualificación enerxética. Nesa liña o goberno do Estado aprobou o Real Decreto 853/2021, de 5 outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Este real decreto articula e regula, entre outros, o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas.

Este programa está orientado a financiar actuacións que logren unha redución de polo menos o 7% da demanda enerxética de calefacción e refrixeración, o seu consumo nun 30% ou a substitución de elementos construtivos da envolvente térmica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este programa poden acollerse todos os propietarios, usufrutuarios ou arrendadores para a súa vivenda permanente e habitual. Por tanto a Xunta tiña unha previsión de que o número de potenciais beneficiarios podía resultar elevada.

Mediante a *RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2023 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2023, con carácter plurianual*, o IGVS realizou a convocatoria para a anualidade 2023. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto dende o 16 de xuño até o 2 de outubro dese mesmo ano.

Concluída a anualidade este grupo solicita unha avaliación da execución do programa e do seu impacto e esixe unha maior dilixencia na convocatoria e tramitación destas axudas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal foi o número total de solicitudes presentadas nos anos 2022 e 2023 para este programa?
- Cal foi o número total de solicitudes aceptadas para cada anualidade?
- Cal foi o número total de solicitudes denegadas por falla de crédito para cada anualidade?
- Cantas solicitudes foron xa pagadas?
- Cantas solicitudes están pendentes de pago?
- No caso de expedientes pendentes de pago, cal é o motivo do retraso no pagamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o prazo medio de pagamento?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza da tramitación destas axudas?
- Cal é o importe total de axudas aceptadas?
- Cal é o importe total de axudas pendentes de pago?
- Cal é o importe total que a Xunta prevé conceder finalmente?
- Cando vai convocar a Xunta de Galiza a anualidade de 2024 deste programa?
- Prevé a Xunta ampliar os prazos de convocatoria destas axudas?
- Que medidas ten previstas a Xunta de Galiza para facilitar que as persoas en situación de maior vulnerabilidade económica e social poidan acceder a estas axudas?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Xosé Manuel Golpe Acuña

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 15:50:38

José Manuel Golpe Acuña na data 02/04/2025 15:50:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 15:50:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as zonas húmidas no Plan Hidrológico Galicia Costa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrológico Galiza Costa para o período 2021-2027, aprobado polo Consello da Xunta, prevé o seguinte no Anexo VI. Zonas Protexidas:

Dentro deste terceiro ciclo de planificación preténdese tomar as medidas necesarias para contribuír de forma eficaz a avanzar cara a unha conservación favorable das zonas húmidas identificadas na demarcación, sendo o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) un elemento de referencia imprescindible neste firme propósito. Por iso, entre as actuacións prioritarias iniciadas por Augas de Galicia para abordar a conservación das zonas húmidas na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa destacan as seguintes:

1. Incorporouse a listaxe de zonas húmidas do IHG, de forma sistemática, ao rexistro de espazos protexidos do Plan, como candidatos avaliáveis para ser catalogados como zonas de protección especial polo plan.

2. Coñecedores de que hai zonas húmidas con importancia a nivel do ciclo hidrológico que non están consideradas no anterior inventario, están a iniciarse traballos de identificación e delimitación das zonas húmidas con relevancia desde o punto de vista da administración hidráulica, co fin de poder establecer un marco de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protección que asegure a súa funcionalidade. Estas zonas serán progresivamente incorporadas ao rexistro de zonas protexidas do plan hidrolóxico, a medida que avancen os traballos de delimitación, xunto coas medidas de protección que resulten oportunas.

3. De forma complementaria, ao longo deste terceiro ciclo de planificación, reforzaranse as accións necesarias de coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural, centradas en dous aspectos fundamentais:

a) A integración das zonas húmidas sinaladas anteriormente dentro do inventario de zonas húmidas da comunidade galega, atendendo á súa relevancia e singularidade.

b) A determinación dos requirimentos hídricos en cantidade e calidade das zonas húmidas da demarcación, conforme aos seus obxectivos de conservación. Sinálase a este respecto que xa se iniciaron estes traballos a modo de estudo piloto para a zona húmida da lagoa de Sobrado dos Monxes, espazo baixo especial protección polo Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa e incluído no Inventario Galego de Humidais.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, incorporar a listaxe de zonas húmidas do IHG, de forma sistemática, ao Inventario de zonas húmidas de Galiza?

Vai a Xunta Levar a cabo un estudo en todo o territorio galego para identificar, delimitar e protexer as zonas húmidas non recollidas no Inventario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta preservar a integridade e funcionalidade dos humidais fronte aos proxectos extractivos e de industrialización do monte?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 15:57:45

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 15:57:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2025 15:58:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de que o Goberno galego reclame ao Estado español a mellora dos servizos de ferrocarril e o remate das incidencias continuadas no actual servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que o reto da intermodalidade é a chave para a mobilidade do futuro, onde as distintas modalidades de transporte deben ser complementarias e estar conectadas e interconectadas.

O ferrocarril xoga un papel central nesta cuestión, polo que un bo funcionamento desta modalidade de transporte é central para unha mobilidade de calidade.

Na última década observamos unha clara intencionalidade dos diferentes gobernos do estado en deixar baixo mínimos os servizos de transporte por ferrocarril en Galiza, coa eliminación de horarios e itinerarios, a desaparición do tren en moitas comarcas do país ao que se ven a sumar o déficit histórico en materia de financiamento en infraestruturas e servizos ferroviarios.

Os principais indicadores avalan o uso do ferrocarril en Galiza, sendo o eixo atlántico unha das rutas de media distancia con máis viaxeiros no estado español.

Coa chegada da COVID e das súas consecuencias, implementáronse diferentes bonificacións que fixeron máis accesible a mobilidade en ferrocarril, mais é incomprendible como Galiza segue a padecer a non restitución de horarios e itinerarios e mesmo a ampliación dos servizos para superar os que xa foron eliminados.

Por se a situación non fose preocupante, coa chegada tardía dos novos trens Avril agudizáronse as deficiencias no servizo, con atrasos xeralizados na principal vía de comunicación do noso país, o eixo atlántico.

Así pois, o sistema ferroviario galego leva moitos anos no esquecemento dos distintos gobernos, tanto a nivel de atención aos servizos como no que se refire aos investimentos, deixando aos nosos servizos ferroviarios moi atrasados en relación a outros servizos prestados en diferentes territorios do estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a eliminación de horarios e itinerarios no servizo ferroviario na última década?
2. Entende importante a Xunta de Galiza unha mellora nos servizos ferroviarios en Galiza?
3. Que posición ten a Xunta de Galiza ante a posibilidade de contar cun servizo ferroviario de proximidade galego?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2025 16:04:39

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 16:04:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para dotar de transparencia a execución dos contratos do transporte público por estrada en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a posta en marcha no Plan de Transporte o servizo de transporte público por estrada en Galiza experimentou grandes mudanzas, tanto no seu deseño como na súa execución.

Así pois, son moitas e preocupantes os diferentes incumprimentos e irregularidades tanto na contratación como na propia execución dos contratos derivados do Plan de Transporte da Xunta de Galiza, onde nos últimos anos asistimos a un proceso de concentración monopolística, o esmorecemento paulatino do sector, o empeoramento das condicións laborais dos traballadores e traballadoras das grandes empresas de transporte de viaxeiros e tamén unha peor e errática prestación de servizos aos usuarios e usuarias.

Aínda que isto sexa evidente para unha parte importante da sociedade, e após de diferentes sentenzas e procesos xudiciais, a Xunta de Galiza continúa a negar a existencia destes problemas, incumprimentos e irregularidades.

Así pois, lonxe de poñer solucións enriba da mesa e exercer un control público da execución e deseño dos contratos, a Xunta de Galiza vén de crear unha Dirección Xeral paralela, abdicando das súas responsabilidades no servizo de transporte público





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por estrada en favor dunha empresa pública para levar a cabo as labores de control e deseño destes contratos.

É por iso que desde o BNG, entendemos que é necesario que a Xunta de Galiza faga un exercicio de transparencia, tan necesario nun servizo público fundamental como é o do transporte por estrada, que poña branco sobre negro sobre a execución dos diferentes contratos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Considera a Xunta de Galiza que está a facer un bo exercicio de transparencia co deseño e execución dos contratos recollidos no Plan de Transporte?
2. Cal é o motivo da abdicación das responsabilidades en materia de control, deseño e execución dos servizos de transporte público por estrada, en favor dunha empresa privada?
3. Cal é a valoración da Xunta de Galiza sobre a situación que está a vivir o sector do transporte de viaxeiros en Galiza?
4. Cal é o motivo do goberno galego para non proporcionar a documentación requirida en relación aos contratos do transporte público por estrada?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2025 16:10:53

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 16:11:07





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O CIP O Cruce está emprazado no municipio de Cerceda. É un centro público integrado de educación infantil, primaria e ESO. Conta con comedor e transporte escolar e dá cobertura a toda a zona de Cerceda e Soandres. E as aulas albergan a máis de 400 alumnos/as; sendo un dos centros da provincia onde crece o número de alumno ao ano.

O CIP foi construído fai 50 anos E desde fai máis de 10 anos tanto o profesorado, as diferentes ANPA e o Concello de Cerceda, veñen reclamando unha reforma integral que palíe tódolos problemas que xurdiron no centro debido ao paso do tempo. A estrutura en si mesma tería que ser motivo de revisión e reforma xa que hai aulas con humidades persistentes, pingueiras, gretas ou espazos inutilizados polo deterioro que fan que o alumnado teña que asistir a clases en espazos que non foron pensados para ese fin.

No mes de setembro, a Xefatura Territorial de Educación indicou que eran coñecedores da necesidade desa reforma integral. E fai uns días o paso da borrasca Martinho agravou aínda máis a situación cando levantou unha das cubertas do colexio. Os cachotes caeron ao patio do colexio coa fortuna de que non había ninguén, e varias aulas quedaron sen teito. Isto provocou que máis de 100 nenas e nenos teñan que asistir ás clases fóra das aulas do colexio.

A demanda que fan agora as nais e pais de O Cruce é que, debido a esta urxencia sobrevida, non fagan un parcheo colocando a cuberta sen encargarse





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2025 16:52:45
Nº Rexistro: 22767
Data envío: 02/04/2025 16:52:45,254

de todo o demais (toda vez que na Delegación Territorial son coñecedores da situación do inmovible). Que acometan a reforma integral e que se solventen todos estes problemas de calado, xa que o CIP de O Cruce é un dos máis antigos da provincia da Coruña.

Por tales motivos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten pensado a Consellería de Educación acometer a reforma integral do CIP O Cruce de Cerceda que ven sendo demandada desde fai dez anos?
2. É coñecedor o Goberno galego da situación límite do edificio do CIP O Cruce de Cerceda?

Santiago de Compostela, a 2 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/04/2025 16:38:16

Julio Abalde Alonso na data 02/04/2025 16:40:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78060

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García,, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o anuncio do peche de Sargadelos e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este 2 de abril de 2024 soubemos a través dos medios de comunicación que o propietario da empresa Sargadelos comunicou ás traballadoras e traballadores da fábrica de Cervo a súa decisión de pechar o centro de traballo localizado na comarca da Mariña. Facíao despois de ser apercibido por Inspección de Traballo ao incorrer en incumprimentos en materia laboral e atribuíndo a decisión, non a problemas empresariais ou económicos, senón a un suposto “cansancio” por ter que axustar a súa actividade ao marco legal.

Ao Bloque Nacionalista Galego preocúpanos fondamente esta decisión polas consecuencias que tería para o País. En primeiro lugar en termos laborais, Sargadelos conta na fábrica de Cervo con preto dun cento de postos de traballo. Postos que serían destruídos se a empresa leva a cabo o peche.

Mais, a desaparición de Sargadelos suporía tamén a desaparición dun auténtico emblema deste País.

Sargadelos conta, ademais de coas fábricas, cunha parte esencial do patrimonio material e inmaterial de Galiza, desde os seus edificios declarados Bens de Interese Cultural (BIC) até o legado patrimonial e artístico que nos deixaron Isaac Díaz Pardo e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Seoane cando impulsaron este marabilloso proxecto que é un auténtico símbolo nacional de Galiza.

Diante desta situación, o goberno da Xunta de Galiza non pode ser alleo ao que está a acontecer en Sargadelos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que vai facer a Xunta de Galiza para impedir o peche de Sargadelos?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2025 16:39:21

Mercedes Queixas Zas na data 02/04/2025 16:39:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 02/04/2025 16:39:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Xosé Manuel Golpe Acuña e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o proxecto de construción da central hidroeléctrica reversíbel Conso II en Vilariño de Conso e a subestación asociada en Viana do Bolo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ourense é o territorio coa maior produción hidroeléctrica do Estado por segundo ano consecutivo batendo no 2024 un récord anual. En base aos datos do Ministerio de Transición Ecolóxica, no primeiro semestre dese ano, as centrais ourensás produciron 3.890 xigavatios/hora que é a máxima produción de todo o Estado. Ourense ten 50 veces máis produción hidráulica que Madrid porén, Madrid acumula a maioría dos beneficios fiscais desas mesmas grandes empresas eléctricas por estaren domiciliadas aí.

Por outra banda a conca hidrográfica do Miño-Sil é unha das bacías máis explotadas do Estado por parte das grandes compañías eléctricas, con numerosos encoros, saltos e presas, sen que esta sobre explotación pareza ter fin ante os continuos proxectos de ampliación ou de novos proxectos en tramitación.

Nesta situación, Iberdrola continúa adiante cun megaproxecto de construción da maior central hidroeléctrica reversíbel do Estado e de toda Europa en Vilariño de Conso, denominado Conso II, para crear unha central de acumulación de bombeo na conca do Sil. Unha macro infraestrutura que ten por obxecto enlazar o encoro do Bao e o de Cenza mediante unha dobre condución hidráulica separados por 10 quilómetros a través





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de unha zona de especial interese para a conservación natural. Esta infraestrutura enlazará, mediante unha dobre conducción hidráulica, o encoro de Bao, a menor altura, e o do Cenza, un dos maiores altura do estado español, e aproveitando o desnivel o desnivel de 690 metros xerar enerxía e almacenala

Esta megacentral terá 1.800 MW de potencia (**a mesma ca central francesa de Gran Maison**, até agora a máis potente de Europa, e máis cos 1.742 MW da central da Muela, até agora a máis grande do estado español) e unha capacidade de xerar 4.000 GWh ao ano. Para facerse unha idea, a potencia desta central sería case o dobre que calquera central nuclear das que existen no estado español. Está perfilada para unha reserva de 58 millóns de KWh de enerxía almacenábel que sería o consumo medio diario de 10 millóns de habitantes.

Como argumento favorábel a empresa promotora destaca os postos de traballo que se crearán, mais estes limítanse á fase de construción do conduto soterrado que une os dous encoros. Non existe creación de emprego nin riqueza para a zona a medio ou longo prazo. Este tipo de macro centrais teñen como único fin o maior lucro das empresas promotoras, mais son innecesarias para a Galiza que xa cumpriu en 2020 o obxectivo que a UE marca para 2030. Xeramos máis produción de fontes renovábeis da que consumimos sen que sexamos compensados pola sobreexplotación dos nosos recursos naturais e tampouco na tarifa eléctrica a pagar.

Neste momento está en tramitación o impacto ambiental da ampliación da subestación en Viana e a liña de tendido eléctrico que tería que dar cobertura ao macro almacén enerxético. Mais, como xa mencionamos, o macroproxecto terá un forte impacto nunha Zona de Especial conservación que forma parte da Rede Natura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Ten a Xunta de Galiza coñecemento de todo o expediente que se sigue para autorizar esta megacentral hidroeléctrica?
2. Emitiu ou vai emitir a Xunta de Galiza informes ambientais patrimoniais ou de calquera tipo sobre este proxecto?
3. Si emitiu informes a Xunta de Galiza en que sentido foron emitidos, favorábeis ou desfavorábeis?
4. En que estado está a tramitación do impacto ambiental da ampliación da subestación en Viana e a liña de tendido eléctrico que terá que dar cobertura a este macro almacén enerxético?
5. Considera que as afectacións ambientais poden determinar informar negativamente e que non se aproben estas infraestruturas?
6. Que beneficios vai traer para os concellos afectados e para as veciñas e veciños de Vilariño de Conso e Viana do Bolo?
7. Considera que as afectacións ambientais poden determinar informar negativamente e que non se aproben estas infraestruturas?
8. Está este proxecto sometido ao disposto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza?
9. Que propostas fixo a empresa promotora a respecto da Lei 2/2024, e cales van incidir directamente na poboación dos concellos afectados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 02/04/2025 17:14:45

José Manuel Golpe Acuña na data 02/04/2025 17:14:56

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2025 17:15:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre traslado das instalacións da Xunta en terreos de dominio público marítimo terrestre no ENIL da Xunqueira do río Alba (Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o grupo parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial, que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m².

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalacións que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funciona como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao **polígono de Botos**, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.

Ademais do predio de Medio Rural, a Xunta tamén ocupa un segundo terreo na Xunqueira de Alba, ocupado polas instalación da Axencia Galega de Infraestruturas destinadas ao *Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas*.

Aínda que na xuntanza que mantivo o alcalde co presidente da Xunta en outubro de 2023 Rueda amosou a disposición ao traslado das instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas, a realidade é que transcorrido máis de un ano e medio non se coñece ningún avance neste proxecto.

Cómpre ter en conta que os dous terreos que ocupa de maneira irregular a Xunta suman 13.700 m², que unha vez liberados permitirían -xunto con outras parcelas- crear unha gran zona verde de máis de 40.000 m² entre a avenida de Domingo Fontán, a rúa Martin Códax e a canle da desembocadura do río Rons.

Ao mesmo tempo, está en proceso o traslado das instalacións do centro de exames da DGT (6.875 m²), para o que o concello ofreceu unha parcela no polígono industrial do Campiño. Quedaría pendente a recuperación dos terreos que ocupa o parque móbil do Estado (7.900 m²) xunto con outros terreos actualmente en desuso que suman máis de 10.000 m².

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera o goberno galego un bo exemplo a ocupación de terreos dominio público marítimo terrestre no ENIL da Xunqueira do río Alba (Pontevedra)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que previsións ten a Xunta para a recuperación e acondicionamento da parcela que ocupa a Consellaría do Medio Rural nos terreos da Xunqueira do río Alba (Pontevedra)?

Que previsións ten a Xunta para o traslado das instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas e a recuperación dos terreos que ocupa na Xunqueira do río Alba (Pontevedra)?

Existe algunha previsión ou ofrecemento de terreos para trasladar as instalación que ocupa a Axencia Galega de Infraestruturas na Xunqueira do Alba?

Fixo a Xunta algunha estimación dos custos do traslado das instalación a un novo emprazamento e dos custos da recuperación dos terreos da Xunqueira que forman parte do ENIL?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 17:44:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2025 17:44:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de que o goberno galego presente o informe de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio ao Parlamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza gobernada polo PP asumiu a determinación de acabar coa planificación do territorio de Galiza. Con esa finalidade, despregaron un ataque lexislativo que busca permitir unha política de espolio e especulación sobre o territorio, que tivo como cima a aprobación dunha nova Lei de Ordenación do Territorio que se abre á total desregulación e que favorece a arbitrariedade nos usos do solo. A última proba deste ataque é o feito de que o novo executivo, por primeira vez na historia do noso país, non vaia a contar cunha consellería de planificación territorial. Tal é o desleixo que nin tan sequera haberá unha dirección xeral encargada deste asunto capital.

Agora, seguindo con esa política de erradicación da planificación territorial, o goberno está dificultando a aplicación e seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio. Unhas DOT que xa naceron con serias deficiencias en cuanto á súa concreción e utilidade e que agora sofren unha nova erosión pola falta de seguimento.

Na anterior Lei de ordenación do territorio de Galicia do ano 1995, se establecía no seu artigo 10 que, por Decreto do Consello da Xunta de Galicia se determinara o procedemento de seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente, a determinación 10.1.19 das DOT establece que:

"A Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento da sustentabilidade territorial e das DOT atendendo ás orientacións recollidas no Informe de sustentabilidade ambiental e ás determinacións da Memoria ambiental emitida polo órgano ambiental do procedemento de AAE e co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio. Este sistema de seguimento deberá ser aprobado por Decreto do Consello da Xunta"

Así, a través do DECRETO 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial regúlase no seu punto 4 a entrega dunha memoria para o Parlamento:

"Unha vez que entre en vigor, o decreto polo que se regula o procedemento de seguimento dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, e con carácter anual, remitirase ao Parlamento a memoria prevista no artigo 11 da Lei 10/1995. Esta memoria será elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio que, antes da súa remisión ao Parlamento, dará conta á Comisión de Seguimento das DOT creada polo Decreto 156/2012, do 12 de xullo.

Basearase no informe de seguimento e incluírá a relación, definición e resultados dos sistemas de indicadores e das demais ferramentas empregadas no Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial de Galicia.

Ademais, conterá unha introdución ou referencia aos antecedentes, obxectivos e metodoloxía, e un epígrafe final que condensará, de xeito resumido, as conclusións extraíbles dos resultados obtidos, así como dos procesos de traballo e os de divulgación implementados."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En cumprimento deste DECRETO entre os anos 2014 e 2020 presentouse de forma anual o correspondente informe de seguimento. Porén a partir desa data o goberno quixo por fin a este seguimento anual. Aproveitando a nova Lei de Ordenación do Territorio, que entrou en vigor a inicios de 2021, introduciron unha modificación que dilata os prazos, erosionando así a calidade do seguimento e limitando o control público e dos grupos da oposición. A pesar das emendas rexistradas polo noso grupo para manter o seguimento anual das DOT, o grupo maioritario da cámara rexeitounas.

De forma que o texto finalmente aprobado establece no seu artigo 28, sobre o control parlamentario das DOT, o seguinte:

1. Determinarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia o procedemento que regule o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos efectos sobre o medio ambiente da aplicación ou execución das devanditas directrices.

2. A Administración autonómica remitiralle ao Parlamento de Galicia, cada tres anos, unha memoria de seguimento do grao de desenvolvemento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Pasados tres anos dende a aprobación da Lei non se ten aprobado un novo decreto sobre o procedemento de seguimento nin tampouco se ten remitido ningún informe á Cámara galega. Tendo en conta que o último informe presentado foi do ano 2020 e estamos xa no 2024, por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cando vai o goberno galego presentar o informe de seguimento das DOT?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Xunta realizar un novo decreto que regule o procedemento de seguimento?
- Que valoración fai a Xunta da aplicación das DOT?
- Considera o executivo que é necesario realizar unha revisión das actuais DOT?
- Por que o goberno galego eliminou a Consellería relacionada coa planificación territorial?
- Considera o goberno que este é un asunto menor?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 18:01:53

Luis Bará Torres na data 02/04/2025 18:02:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade urxente de planificar e limitar as Vivendas de Uso Turístico en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas nas que estamos inmersos, na era da información e da uberización da economía, están tendo un forte impacto no sector turístico. Se no século pasado a presión turística canalizábase fundamentalmente a través dos inmobles hoteleiros, hoxe a vivenda de uso turístico ocupa xa un papel máis predominante en termos cuantitativos. Este cambio implica tamén novos retos en cuanto á súa xestión e planificación, para lograr un modelo sustentable dende o punto de vista turístico e tamén residencial.

Porén este fenómeno ten medrado nos últimos anos sen ningún tipo de control. Hai unha evidente falla de análise e de lexislación que limite os efectos negativos singulares que provoca este tipo de aloxamentos. Se no século pasado o turismo podía xerar tensións ou conflitos naquelas localizacións cun exceso de hoteis, hoxe, o aluguer de vivendas de uso turístico transforma a súa lóxica de implantación territorial cunha difusión dos usos turísticos polo parque inmobiliario dun xeito distinto, máis capilar e máis extendido. É preciso, por tanto, unha visión territorializada e de carácter supramunicipal deste problema.

Se realizamos unha lectura en termos de país, a primeira característica que destaca deste fenómeno é a súa evolución explosiva, como así o confirman os datos. Se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en 2017 había apenas unhas 500 rexistradas, hoxe ascenden a 22.553 vivendas de uso turístico, o cal representa un incremento do 4.510% en apenas 7 anos.

Este crecemento exponencial das VUT está ligado á gran diferenza de rendibilidade entre o aluguer residencial e o aluguer vacacional. A pesar de que os prezos dos alugueres residenciais aumentaron en máis dun 40% na última década en Galiza, e que non son pequenas as marxes de beneficio dos alugueres residenciais, as plusvalías que se poden acadar a través do aluguer vacacional son habitualmente maiores. Xérase así unha diferenza de presión entre un mercado e outro que leva á expansión descontrolada das VUT.

Esta situación non foi acompañada de medidas de ordenación. A maioría de concellos aínda non dispoñen de ordenanzas específicas que as regulen, e aínda que as teñan non poden efectivizalas como consecuencia da actuación da Xunta de Galiza, que permite a inscrición irregular destes aloxamentos. O executivo galego no exercicio das súas competencias en materia de turismo, permite a inscrición de todas as VUT a pesar de que estas non cumpran coas normas urbanísticas que determinan os concellos. De forma que neste momento para dar de alta unha VUT e incorporala no REAT-o censo oficial da Xunta para estes aloxamentos- só hai que presentar unha declaración responsable asinada polo propietario conforme cumpre as normas, pero non a documentación que así o acredite.

Baixo este mecanismo de descontrol premeditado, a Xunta de Galiza vén inscribindo vivendas de uso turístico sen comprobación da súa legalidade. De forma que nestes momentos o goberno galego négase a exercer a labor de vixilancia e apenas retira do censo aquelas vivendas cunha sentenza firme, como xa ten sucedido, en que o TSXG resolve que non poden exercer sen o título habilitante.

Por tanto, o que condiciona inicialmente a explosión deste fenómeno, ten que ver coa diferenza de plusvalía entre o mercado residencial e o turístico, pero as cifras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desorbitadas só se explican pola falta de políticas de planificación e control, especialmente da Xunta de Galiza.

Dende o BNG queremos alertar que a proliferación descontrolada está interferindo en 3 planos fundamentais que nos afectan como sociedade. O primeiro efecto negativo é a súa repercusión na alza de prezos da vivenda en xeral. O diferencial de prezos entre o uso residencial e o turístico está provocando un descenso da oferta de vivenda de aluguer residencial e un aumento dos seus prezos. O cal se traduce no colapso da accesibilidade á vivenda da poboación residente.

En segundo lugar existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana.

Toda vez que o turista que ocupa o lugar dun veciño non exerce de cidadán nese entorno, é dicir, non crea relacións de veciñanza e de permanencia. Por iso a alta concentración de VUTs fai colapsar a complexidade social deses lugares e pon en cuestión a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción de indefensión, de ser substituídos e de ser cidadáns de segunda fronte a unha industria turística, que algúns gobernos néganse a ordenar para minimizar os seus perigos e consecuencias negativas.

O terceiro plano no que as VUT afectan é sobre o propio modelo turístico. A concentración de VUT deriva nunha presión e expulsión da poboación residente desas zonas, que ao mesmo tempo remata por segregar os centros das cidades e vilas ou determinados ámbitos territoriais. Eses espazos fican reducindo a meras zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. Nestas situación, os primeiros afectados son os propios residentes, mais co tempo acaban por crearse entornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e de interese. É dicir, fai colapsar a riqueza turística inicial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso é urxente pór en marcha una política de planificación, control e equilibrio da presión entre o mercado residencial e o turístico. Dunha banda, corresponde aos Concellos a delimitación de usos, doutra, a Xunta de Galiza ten a competencia das outras funcións fundamentais: a planificación do modelo turístico, a normativa sobre este tipo de aloxamentos e as funcións de control sobre os mesmos.

Polas súas competencias tanto en materia de turismo, como en materia de vivienda e planificación territorial, a Xunta de Galiza ten a capacidade para desenvolver medidas e normativas que garantan a sustentabilidade do modelo turístico, residencial e urbano.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para paliar os impactos negativos derivados da concentración e aumento da vivenda de uso turístico en determinadas áreas?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no sector turístico provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto na accesibilidade á vivenda provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no modelo urbano e territorial provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?
- Ten intención a Xunta de Galiza de establecer unha orientación e guías para a planificación territorial das VUT en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Baixo que criterios cree a Xunta de Galiza que habería que planificar e ordenar o actual incremento e concentración de VUT no noso país?
- Considera a Xunta de Galiza necesario establecer criterios de planificación diferenciados segundo o tipo de propietario?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir que as VUT inscritas no REAT se axusta á normativa?
- Vai modificar a Xunta o decreto que regula as VUT, logo das numerosas sentencias, para requirir para a inscrición no REAT do preceptivo título habilitante municipal para o inicio ou exercicio de actividade económica de carácter turístico?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2025 18:09:32

Daniel Pérez López na data 02/04/2025 18:09:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de dar cumprimento á sentenza xudicial que termina executar as reparacións necesarias no edificio da Rúa Tulipáns, B1 38, portal 15 do Barrio das Flores da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos a veciñanza que reside na Rúa Tulipáns, B1 38, portal 15 está a sufrir as consecuencias da realización dunhas obras que, ademais de non respectar a singularidade arquitectónica do edificio, están a provocar consecuencias nefastas na habitabilidade da veciñanza e na propia dignidade da vida dalgunhas familias.

Referímonos a un bloque de vivendas de protección oficial, que xa cumpriu os 50 anos e que fai parte dun conxunto catalogado pola súa calidade patrimonial, da autoría de arquitectos de renome como Antonio Corrales e Andrés Fernández-Albalat. En concreto, a unidade número 3 de Corrales recibiu un Premio Nacional de Arquitectura en 2001, considerado como unha das mellores pezas modernas da arquitectura española e cualificado como unha xoia da arquitectura moderna.

Sorprende que con esta carta de presentación a falta de investimento por parte das administracións lastrase o futuro do barrio por falta de mantemento.

Un exemplo constátase nas afectacións que están a provocar desde hai anos a entrada de auga nalgunhas vivendas na Rúa Tulipáns, B1 38, portal 15, que mesmo levaron algún veciño a denunciar xudicialmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como propietario, pola entrada de auga e humidade na súa vivenda desde o patio exterior e comunitario.

Neste momento, somos coñecedores da existencia dun fallo xudicial que condenou o IGVS a executar todas as reparacións necesarias para que a vivenda da denunciante recupere a condición de vivenda digna, salubre e habitábel, mais transcorridos case cinco anos esta sentenza non se ten executado.

Na altura aínda continúan a se realizar no patio as obras requiridas, mais non se axustan nin ao determinado pola perito xudicial nin ás características arquitectónicas que fan deste edificio unha obra arquitectónica singular e recoñecida. Un paso dos anos que non fixo máis que acrecentar as consecuencias sobre a vida e a habitabilidade dalgunha das vivendas tal e como xa chegou a facerse público a través de diferentes medios de comunicación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É coñecedora a Xunta do estado en que se encontran as obras inacabadas do edificio da Rúa Tulipáns, B1 38, portal 15?
- Autorizou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as obras que están en marcha?
- Que seguimento das obras fixeron os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?
- Que información se recolleu nas altas das inspeccións que se teñan levado a cabo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o IGVS non acatou a sentenza xudicial de 2020 que a obrigaba a executar todas as reparacións necesarias para que a vivenda da denunciante recuperase a condición de vivenda digna, salubre e habitábel?

- Confirma o goberno da Xunta que as obras que se están executando respectan a orixinalidade e singularidade do proxecto arquitectónico?

- Ten constancia o goberno da Xunta da situación en que se encontran as vivendas afectadas pola filtración de auga e polas consecuencias das obras mencionadas?

- Púxose en goberno a Xunta coa veciñanza afectada? É consciente da afectación sobre a saúde que a situación en que se encontra a súa vivenda está a provocar nas súas vidas?

- Como vai a Xunta asegurar que as vivendas afectadas na Rúa Tulipáns, B1 38, portal 15 recuperen a salubridade e seguridade perdida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/04/2025 09:48:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2025 09:50:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a declaración do centro histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario correspondente ao pasado mes de marzo o Concello de Ourense acordou, coa abstención do partido Democracia Orensana, instar ao goberno municipal a que, de maneira urxente e inmediata, solicite á Xunta de Galicia a declaración do centro histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

A pretensión da declaración do espazo casco histórico de Ourense como área susceptible de ser considerado como Rexurbe implica o recoñecemento expreso por parte de todos os grupos municipais que esta zona tan importante da cidade está inmersa nun proceso de degradación arquitectónica, urbanística e/ou ambiental, debida a obsolescencia do edificado, tanto das vivendas, como dos equipamentos, dotacións e servizos, así como a falta de conservación dos bens mesmo dos que gozan dalgún tipo de protección cultural.

Igualmente a acordo Plenario parte da constatación da complicada situación demográfica do casco histórico de Ourense, cunha notable perda de poboación nos últimos anos e un incremento da media de idade das residentes actuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Situacións que xunto coa falla de planificación estratéxica sobre este núcleo da cidade de Ourense está a provocar graves problemas económicos e sociais con diminución constante da taxa de actividade económica, particularmente da comercial, en beneficio exclusivo dunha explotación turística carecente de deseño estratéxico.

A realidade é que en pouco máis dunha década a poboación residente no casco histórico de Ourense reduciuse en máis dunha terceira parte, pasando de 5.500 a 3.650. O 50% das residentes pasan dos 65 anos, e máis de 70 edificios da zona histórica ameazan ruína.

Segundo informaban diferentes medios de comunicación o Concello de Ourense, en cumprimento do acordo plenario, no mes de abril formalizou ante a Xunta de Galiza a solicitude da declaración do casco histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico, sen que após o tempo transcorrido conste se procedera á declaración interesada, nin se avanzase na tramitación da mesma.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Recibiu a Xunta de Galiza solicitude do Concello de Ourense para a declaración do centro histórico da cidade como área de rexeneración urbana de interese autonómico?
- En que data?
- É a primeira vez que o Concello de Ourense se interesaba a declaración do centro histórico ou o edificio da cadea vella e a súa contorna como área Rexurbe?
- Ditouse resolución accedendo á declaración solicitada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No seu caso, que tramites fican pendentes e cal é a previsión do momento en que se poda ditar a resolución do expediente?

- Que investimentos realizou a Xunta de Galiza en cada un dos exercicios da última década para a rehabilitación urbana, arquitectónica ou comercial o casco histórico de Ourense?

- Que investimentos ten previsto realizar a Xunta de Galiza nos vindeiros anos para evitar a degradación do casco histórico de Ourense e potenciar a actividade económica e comercial da zona e a dotación dos necesarios servizos públicos?

- Cantos dos proxectos existentes dependen da declaración do casco histórico como área Rexurbe?

- Considera a Xunta de Galiza axustada á realidade a cuantificación realizada pola entidade local que cifra entre 10 ou 12 M€ os fondos que se poderían obter como consecuencia da declaración interesada?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2025 10:40:26

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2025 10:40:43

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2025 10:40:58





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Xunta de Galicia concedeu a autorización ambiental á empresa Iberdrola para efectuar prospeccións xeolóxicas para o seu proxecto de construír unha central hidroeléctrica en Vilariño de Conso, na provincia de Ourense.

O proxecto, que se sitúa preto da cola do encoro do Vao, prevé construír unha galería para ampliar o coñecemento xeolóxico e xeotécnico do macizo onde se situará o complexo subterráneo da central do aproveitamento hidroeléctrico Conso II, tal e como aparece publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Este tipo de investigacións mediante a construción dunha galería son imprescindibles nos proxectos que implican grandes escavacións subterráneas, como cavernas de gran tamaño para uso hidroeléctrico, ante as elevadas incertezas xeolóxicas, segundo a información publicada no DOG.

Entre as conclusións no texto figuran a de que non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente polo que non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria. Engade que esta resolución non exime ao promotor para ter todas as autorizacións e permisos que resulten legalmente esixibles para o proxecto. Inicialmente, a empresa deseñara unha instalación de 900 megawatts de potencia, pero posteriormente duplicou esa capacidade, entre os encoros de Cenza e o Vao.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 10:46:37
Nº Rexistro: 22828
Data envío: 03/04/2025 10:46:37,659

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a remitir un informe completo ao Parlamento de Galicia sobre os fitos do procedemento administrativo de autorización para o proxecto de construción dunha central hidroeléctrica reversible en Vilariño de Conso, na provincia de Ourense?
2. Cales son os motivos técnicos ponderados polo goberno galego para non someter a avaliación de impacto ambiental ordinaria o proxecto para efectuar prospeccións xeolóxicas na central hidroeléctrica en Vilariño de Conso, na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 03/04/2025 10:39:01

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/04/2025 10:39:12

Lara Méndez López na data 03/04/2025 10:39:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78090

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, en relación coa tramitación da autorización do proxecto industrial de Greenfiber (ALTRI) na Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a levar a cabo a tramitación ambiental do proxecto industrial promovido por Greenfiber (ALTRI) na Ulloa.

Nas pasadas semanas transcenderon informacións parciais e interesadas sobre determinados informes sectoriais mais non se deron a coñecer os documentos destes informes, o que pon de manifesto unha práctica habitual na Xunta, a opacidade e falta de transparencia. O mesmo se pode dicir da tramitación da autorización da concesión da captación e vertido de augas no río Ulla.

Por se isto non fose abondo, os cambios que se produciron na dirección xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellaría de Medio Ambiente semella que se explican entre outras razóns polas diverxencias e tensións na tramitación ambiental de grandes proxectos industriais.

En relación coa tramitación ambiental do proxecto de Greenfiber (ALTRI) o modus operandi que se deduce da actuación do goberno galego parece claro: os informes sectoriais serán favorábeis e incluírán medidas de corrección e minimización dos importantes impactos previstos. Isto é o que xa transcendeu a respecto do informe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do Instituto de Estudos Territoriais, que reconece un importante impacto no territorio e na paisaxe. Esta interpretación tamén se pode deducir de diferentes manifestacións públicas dos máximos representantes do goberno galego. Parece claro que a decisión fai moito tempo que está tomada.

Máis alá desta cuestión, hai que ter en conta as limitacións e carencias da documentación presentada pola empresa promotora, e a necesidade de levar a cabo unha análise integral e global dos impactos acumulativos e sinérxicos no territorio e no conxunto do país, no inmediato e no medio prazo.

Este é precisamente o enfoque do informe recentemente presentado polo Consello da Cultura Galega, a partir da análise de persoas de recoñecido prestixio no ámbito académico e científico, e que avalía de maneira extensa as diferentes dimensións do proxecto e as súas repercusións no eido económico, do emprego, das cadeas de valor do monte, do turismo, do territorio, da paisaxe, do patrimonio natural, do patrimonio cultural, da contaminación do ar e das augas e tamén da saúde.

Este informe é absolutamente contundente e demoledor. Desmonta unha grande parte da propaganda espallada pola Xunta e a empresa promotora, aliadas no apoio e impulso deste proxecto (xestado e promovido desde Impulsa Galicia). Sinala importantes eivas da documentación presentada pola empresa e do proceso de tramitación da avaliación e da autorización ambiental. E alerta de impactos significativos e críticos na zona, nas masas de auga, na biodiversidade, na economía ou na saúde.

Polo que se refire ao eido ambiental, entendido nun sentido amplo que englobaría tamén o ámbito territorial e paisaxístico, os impactos do proxecto serán moi fortes e incompatibles cun desenvolvemento autocentrado, sustentable e respectuoso co medio circundante. O informe sinala que “a instalación do proxecto Gama produciría unha grave fractura no territorio no que se pretende implantar”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe do CCG tamén advirte dos impactos no patrimonio natural e a biodiversidade, nas masas de auga, na atmosfera e na saúde, con afeccións que non están suficientemente analizadas na documentación presentada pola empresa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Como valora a Xunta o informe presentado e publicado polo Consello da Cultura Galega sobre o proxecto industrial de Greenfiber (ALTRI) na Ulloa?

Comparte o goberno galego as análises e conclusións deste informe, avalado por persoas de recoñecido prestixio do ámbito científico e académico, expertas no ámbito económico, ambiental, territorial, paisaxístico, patrimonial ou da saúde?

Vai ter en conta a Xunta as análises e conclusións deste informe?

Por que razón a conselleira de medio ambiente dixo que os informes dos que dispón a Xunta contradín o que di o informe do CCG cando supostamente aínda non dispoñen de todos os informes preceptivos?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Brais Ruanova Vilas-Boas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 03/04/2025 10:46:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/04/2025 10:46:31

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2025 10:46:55

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2025 10:47:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación dos centros de ensino de Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do ensino público galego é verdadeiramente preocupante. A política emprendida polo Partido Popular repercute nas crianzas e adolescentes, sobre todo naquelas cunha maior vulnerabilidade, mais tamén sobre o profesorado e demais persoal ao deteriorar as súas condicións laborais. A pesar das declaracións feitas, entre outros, polo máximo responsábel da Consellería de Educación no comezo deste curso escolar aseve-rando a absoluta normalidade, o certo é que se repiten problemas e eivas por todo o País, provocando nun profundo malestar e protestas de toda a comunidade educativa.

Estas políticas de recortes tradúcense en faltas de profesorado en todas as etapas educativas e que provocan aulas masificadas, que sofren persoal e alumnado, sobre todo o alumnado con necesidades educativas especiais. Unha situación que afecta a toda a Galiza, e na que o concello de Ordes non fica inmune.

Os cinco centros de ensino que existen neste concello contan cunha alta porcentaxe de alumnado NEAE diagnosticado, arredor do 30%, destacando o IES Maruxa Mallo, no que de 307 alumnas, 116 presentan algún tipo de necesidade de apoio educativo. Todos estes centros presentan necesidade de incrementar o profesorado específico, ben especialistas en AL, ben en PT, para lograr un verdadeiro apoio educativo a todo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado que o precisa, mais a Consellería non efectuou tal reforzo a pesar das demandas das equipas directivas.

O CEIP Mesón do Vento precisaría unha profesional AL e unha orientadora, ambas a tempo completo. O CEIP ADR Castelaio precisa unha persoa de AL con carácter urxente, e ademais unha especialista de PT con perfil AL, pois este é un centro que recibe alumnado novo durante todo o ano. No CEIP Campomaioir é preciso unha profesional de PT a tempo completo, profesional que tamén precisan no IES de Ordes.

Mais a falta de persoal non se limita a especialistas de PT e AL. No CEIP Campomaioir existe 1 único coidador para atender a 5 crianzas, 2 das cales son grandes dependentes que utilizan cadeira de rodas. No CEIP do Mesón do Vento tamén precisarían contar con máis persoal para a área administrativa e na cociña, pois é un centro cunha altísima demanda de comedor. Alta demanda de comedor que tamén existe no CEIP ADR Castelaio, onde fican crianzas en reserva para poderen optar a este servizo. No IES de Ordes, produciuse un incremento da oferta educativa de FP mais sen reforzar o profesorado. Neste mesmo centro, por contar con máis de 520 alumnas e pechar o centro ás 22h, precisarían dunha terceira conserxe que a Consellería non proporciona.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopan os centros de ensino do concello de Ordes? Considera que se está atendendo correctamente o alumnado NEAE destes centros?

– Por que non se ten producido o reforzo de persoal demandado polas equipas directivas destes centros, nomeadamente en especialistas de PT e AL?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cando vai a Consellería proporcionar o persoal necesario para unha correcta oferta educativa nos centros de ensino de Ordes?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/04/2025 11:04:46

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2025 11:05:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade dun gran pacto pola vivenda protexida en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 xuño o goberno da Xunta anunciou a aprobación da Estratexia galega de solo residencial coa que se pretenderían construír 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 vivendas libres.

Nas declaración posteriores ao Consello da Xunta, o presidente do goberno aseguraba que este compromiso contaba cunha programación dividida en dúas fases. Unha primeira, entre 2025 e 2028, centrada na xestión de solo, isto é, nas cuestións relativas á planificación, adquisición de solo e acordos cos concellos. E só despois comezaría a seguinte fase, a relativa á execución de obras de urbanización, a comercialización das parcelas e á construción das edificacións. No tocante a esta segunda fase, o goberno non concreta ningunha estimación temporal. É dicir, que a Xunta anuncia 20.000 vivendas protexidas nun tempo ilimitado, que poderían ser 20, 30 ou 40 anos.

En realidade o que se conclúe desta planificación é que, de cara a esta lexislatura, o compromiso límitase á planificación e adquisición de solos. Unha labor que o executivo estima que non comezará neste 2024, senón que queda adiado até o ano que vén.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis alá destas xeneralidades, non fica claro se a estratexia vai consistir en que en 2028 a Xunta tería xa adquirido os 3,3 millóns de metros cadrados de solo que estima precisar para a construción desas 20.000 vivendas, e que non sería até despois cando se comece os traballos para a súa urbanización e construción. Ou, se pola contra, para o ano 2028 o executivo prevé ter adquirida só unha parte dos solos e continuar posteriormente co proceso de adquisición de forma simultánea co de urbanización.

Como se pode observar, este anuncio, polo de pronto, non pasa de ser unha declaración de intencións vaga, que ademais empata e se refunde con anuncios que xa viñan de lonxe. En realidade parte do anunciado non se trata dun novo compromiso, senón que incorpora a ese cómputo xeral todos os solos que xa estaban previstos para desenvolver. En concreto hai 3.452 vivendas que na maior parte dos casos levan anos pendentes de desenvolvemento sen que nos últimos 15 anos se fixeran avances. Exemplo disto son as 1.600 vivendas previstas no PAU de Navia en Vigo. Neste caso trátase dun desenvolvemento urbanístico que leva agardando anos no caixón da Xunta. Así, durante os últimos anos a Xunta vén realizando anuncios en cada exercicio orzamentario de investimento e desenvolvemento destes solos, pero a realidade é que aínda está lonxe de cumprirse. Agora estas 1.600 vivendas volven computarse no anuncio de 20.000 novas vivendas protexidas. Por tanto, podemos concluír que moitas destas vivendas serán vivendas novas cando se realicen, pero non son compromisos novos, senón unha serie de proxectos que a Xunta mantivo paralizados.

Outra cuestión chave é a localización destas novas vivendas protexidas previstas. A Conselleira fala de que xa foi elaborado un estudo urbanístico para determinar a localización, pero este non é público, nin tampouco foron facilitados máis datos. A única información publicada pola Xunta é que apenas hai unha estimación de distribución territorial desas 20.000 vivendas por áreas urbanas (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Ferrol, Vilagarcía de Arousa). Para unha maior concreción remítese a unha primeira etapa de planificación na que se delimitarán os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbitos de actuación. Para iso, aseguran que se terá en conta dous criterios. Por unha banda a demanda acreditada a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda; doutra, os criterios e obxectivos xerais das Directrices de Ordenación do Territorio.

A pesar desta inconcreción, podemos xa concluír que a Xunta só contempla aplicar esta estratexia nas áreas urbanas. Unha lóxica que choca coas propias DOT nas que di basearse, xa que estas establecen precisamente a importancia que ten na estrutura territorial galega o sistema urbano intermedio, que constitúe o segundo escalafón na xerarquía do sistema urbano e que ten grande importancia para as estratexias de integración e fortalecemento territorial. A exclusión destes ámbitos da política de vivenda protexida colisiona co rol que lles asigna as DOT como localizacións chave para o equilibrio territorial e a cohesión social, para a prevención do despoboamento e como referencias territoriais ao redor das cales organizar crecementos residenciais e áreas de centralidade.

Por último, tamén existen dúbidas sobre o papel que a Xunta de Galiza prevé asignarlle aos concellos. Nos últimos tempos existe unha pulsión por parte da Xunta de Galiza de derivar as súas competencias en materia de vivenda aos concellos, esixindo investimentos e medidas que os concellos non poden asumir. De aí que a nota de prensa emitida polo goberno active as alertas sobre un posible novo intento, por parte da Xunta, de trasladar responsabilidades sobre o desenvolvemento deste solo aos Concellos, cando especifica que os concellos deberán achegar parte dos fondos necesarios para a súa execución.

Por todo o expresado anteriormente, neste anuncio percíbese indefinición e falla de compromisos concretos. Ademais a Xunta de Galiza ten nas súas mans moitas ferramentas normativas que poderían contribuír a aumentar as reservas de solo, pero non as está aplicando, nin tampouco tras este anuncio parece haber intención de facelo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis alá do titular para os medios non hai unha reflexión sobre o modelo de vivenda protexida que precisa este país nin cal debe ser o camiño para logralo.

Dende o Bloque Nacionalista Galego cremos necesario pasar da política de propaganda a unha política en materia de vivenda con visión estratéxica, ao redor da cal tecer grandes acordos de país para avanzar decididamente na accesibilidade á vivenda, na cohesión social e territorial, nas respostas ao reto climático, na resiliencia fronte aos ciclos inmobiliarios e na progresiva ampliación do parque público.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales son as conclusións do estudo urbanístico realizado para determinar a localización das vivendas protexidas anunciadas?
- Vai a Xunta de Galiza facelo público?
- Existe algunha documentación sobre a Estratexia galega de solo residencial?
- Cal?
- Vaina facer pública?
- Prevé realizar un Plan sectorial que planifique a vivenda protexida en Galiza?
- Vai a Xunta de Galiza a excluír os ámbitos que non fan parte das 7 grandes cidades da política de vivenda protexida?
- Que criterios vai empregar a Xunta para escoller a localización de solos?
- Por que a Xunta de Galiza non realiza modificacións normativas tendentes a ampliar as reservas de vivenda protexida e a súa función social?
- Que prezos está a pagar a Xunta de Galiza por metro cadrado en VPA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o prezo medio por metro cadrado que supón para a Xunta a promoción directa de VPP?

- Cre necesario a Xunta de Galiza revisar o actual modelo de vivenda protexida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2025 11:51:31

Luis Bará Torres na data 03/04/2025 11:51:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación das infraestruturas sanitarias na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación dunha boa parte das infraestruturas sanitarias do noso País é claramente subóptima. Son múltiples os centros de saúde con claras eivas na súa infraestrutura, con barreiras arquitectónicas ou con deficiencias claras nos espazos (mal acondicionamento, humidades, problemas de iluminación e/ou humidades, etc.). Tamén os centros hospitalarios presentan deficiencias claras, con consecuencias para persoal e pacientes, por exemplo, con cuartos nos que se amorean as persoas ingresadas nun espazo notoriamente reducido que non permite a correcta deambulación por falta de espazo entre as camas, ou aseos non adaptados para persoas fráxiles, de mobilidade reducida ou que poidan precisar asistencia. Situación que se agrava no caso de unidades especiais, que requiran de maiores medidas, coma o caso de hospitalización aguda de psiquiatría, na que cómpren medios para garantir a seguridade das propias pacientes e traballadoras.

É tal punto de degradación que incluso se están a producir graves incidencias, como pode ser o recente derrube dun teito no Hospital Materno de Ourense, que se suma a outros incidentes similares que xa aconteceron nos anos 2023 e 2024. Afortunadamente, non houbo que lamentar danos persoais, mais si que permite visibilizar con claridade cal é a situación deste centro sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais as deficiencias non se limitan a este centro. Derrubes de teitos que tamén se teñen producido nos hospitais composteláns de Conxo e Gil Casares, e que deixan ver o lamentable estado de conservación dos centros sanitarios galegos e o perigo ao que se enfrontan pacientes e profesionais. Feito que non se circunscribe a esta área sanitaria, senón que afecta a múltiples centros por todo o País, tanto hospitalarios como de Atención Primaria.

Isto súmase ás graves carencias que presenta a sanidade pública a nivel de persoal, cunha importante falta de planificación e previsión que está a ter consecuencias notorias sobre a calidade asistencial que recibe a poboación, mais tamén sobre as condicións laborais do persoal.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego da situación na que están os centros sanitarios do noso País? Cal é o motivo polo que persisten aínda barreiras arquitectónicas ou aseos non adaptados para pacientes con mobilidade reducida?

– Que consideración lle merece ao executivo o derrube do teito da 3ª planta do Hospital Materno Infantil de Ourense? Por que non se teñen tomado após os derrubes que se teñen producido en 2023 e 2024?

– Considera que é axeitada a conservación dos centros sanitarios?

– Por que se manteñen centros con graves problemas de infraestrutura, con humidades, mala iluminación, mala ventilación, etc.?

– Cales son as medidas que ten contempladas para garantir o correcto estado das infraestruturas sanitarias do noso País?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Existe previsión de elaborar algún plan para a mellora das mesmas?

Santiago de Compostela, 3 abril de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/04/2025 12:06:01

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2025 12:06:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres e Iria Taibo Corsanego, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao proxecto de planta de reciclaxe de residuos téxtiles domésticos en Cerceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 30 de setembro o Consello da Xunta tivo coñecemento do proxecto de planta de residuos téxtiles domésticos que a Xunta pretende construír en Cerceda coa previsión de tratar inicialmente 3.000 toneladas anuais, coa posibilidade de ampliar a capacidade até as 24.000 toneladas/ano.

Segundo a información feita pública, a construción e posterior operación destas instalacións terán un custo estimado de 14 millóns de euros, que se financiarán na súa maior parte grazas a unha axuda do Mecanismo de Recuperación e resiliencia (MRR) de 10,27 millóns de euros.

Do pouco que se sabe do proxecto, non queda claro se o material que se vai recuperar é a parte de residuos téxtiles que forman parte da bolsa negra, estimado nun 7% do total de residuos que chegan a SOGAMA, ou se se prevé tamén a xestión e tratamento dos residuos téxtiles que están obrigados a recoller separadamente os concellos a partir do 1 de xaneiro de 2025.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco queda clara a vinculación do proxecto con empresas de economía social que xa operan neste sector, ben directamente ou por medio de acordos con entidades locais.

Por outra parte, existen xa outros proxectos industriais de recuperación e reciclaxe de fibras téxtiles, promovidos pola iniciativa privada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cando prevé licitar a Xunta o contrato de construción e operación da planta de residuos téxtiles de Cerceda?

Que residuos téxtiles prevé recuperar o proxecto: os que chegan a SOGAMA na bolsa negra ou os que se recollen en colectores específicos nos concellos?

Vai establecer SOGAMA acordos con entidades de economía social que se dedican á recollida e tratamento de residuos téxtiles para a súa posíbel participación no proxecto?

Vai establecer SOGAMA acordos con empresas do sector téxtil en relación con este proxecto?

Que prazos manexa SOGAMA para a posta en funcionamento deste proxecto?

Ten previsto a Xunta informar ao Parlamento sobre este proxecto, no referido a estudo de viabilidade, anteprojecto, proxecto, financiamento, memoria e outros documentos relacionados coa licitación do proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 abril de 2025

Asdo.: Luís Bará Torres

Iria Taibo Corsanego

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 03/04/2025 12:32:15

Iria Taibo Corsanego na data 03/04/2025 12:32:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do FP dual en Gandaría e asistencia en sanidade animal no IES de Melide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES de Melide presenta, ademais da formación de ESO e Bacharelato, varios ciclos formativos de Formación Profesional de diferentes modalidades e temáticas. Após a aprobación da FP dual, este centro tamén a incorporou ao seu catálogo, ofrecendo formación en varios campos. O FP dual en Gandaría e asistencia en sanidade animal anúnciase como acceso para “traballar nun sector clave en continua transformación”.

Conta con alumnado, xa non só de Melide e a súa contorna, senón incluso estudantes chegados doutras partes do estado motivados pola súa oferta teórica e práctica. Mais profesorado e alumnado están a ver como á hora de realizar a formación práctica que lles corresponde dentro do seu plan de estudos, aparecen diversas problemáticas. Desde a encomenda de tarefas que non son as correspondentes ao seu programa formativo ou dificultades para acceder a unha explotación gandeira na que realizar esa formación, son trabas que sofre o estudiantado deste ciclo formativo e que degradan enormemente a calidade da formación que reciben.

A Consellería de Educación debe de ser o garante de que todo o alumnado recibe a formación que lle corresponde, tanto teórica como práctica, en base ao curso no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que está matriculado, polo que non existe xustificación pola que non se estea a supervisar e garantir o bo desenvolvemento desta aprendizaxe.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno galego da situación que está a padecer o alumnado matriculado no FP dual en Gandaría e asistencia en sanidade animal no IES de Melide?
- Cal é a razón pola que o goberno galego non garante axeitadamente a súa formación, tanto teórica como práctica?
- Que medidas ten contempladas para garantir que todo o estudiantado reciba a docencia práctica que precisa?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/04/2025 12:31:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2025 12:34:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as paralización das concentracións parcelarias en Ourense por non emitir informes medioambientais a Consellería de Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As concentracións parcelarias comezaron na Galiza a partires do 1954, cando o noso país entrara nos planos do Estado que pretendían levar adiante proxectos coa finalidade de constituír unidades agrícolas viables nas zonas e comarcas de minifundismo, onde a dispersión e pequenas superficies das parcelas facían inviable unha explotación rendible.

Unha das premisas tratadas na lexislación de concentración parcelaria a definía como: “ordenar unha superficie agraria que permita un uso adaptado as necesidades agrícolas e forestais de cada zona”, e “Conseguir unha maior rendibilidade das producións agrarias e unha mellor ordenación da terra en función dos seus usos”.

Co traspaso de competencias á Xunta de Galiza en materia de agricultura, gandería e montes no ano de 1984 nace a primeira Lei de Concentración Parcelaria 10/1985, sendo actualizada coa Lei 12/2001 de 10 de Agosto de Modificación da Lei de Concentración Parcelaria de Galiza; e por último a actual Lei 4/2015 do 17 de xuño de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza (DOG Núm. 131 do 14 de xullo de 2015).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A citada Lei 4/2015 inclúe como parte das bases de reestruturación parcelaria a resolución favorable do órgano ambiental con respecto a avaliación da zona de reestruturación parcelaria.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental establece, no artigo 7,2 que os proxectos incluídos no seu Anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental na forma prevista en dita Lei. Os proxectos de concentración parcelaria cando afecten a unha superficie maior de 100 ha están incluídos no Anexo II, polo que de acordo con esta lexislación, procede que se sometan a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático dependente da consellería do medio ambiente é a competente para resolver esta avaliación ambiental ordinaria. Para emitir dita avaliación ambiental é preciso que a dirección xeral de patrimonio natural da mesma consellería de medio ambiente emita un informe para incluír neste procedemento de avaliación.

Esta declaración de impacto ambiental formulada pola consellería competente en medio ambiente e polo tanto un requisito imprescindible para a continuación do proceso de concentración parcelaria.

Até aí todo normal, segundo a lexislación vixente. O grave e inaudito é que a citada Dirección Xeral de Patrimonio Natural non emite o informe pertinente polo que tampouco non se pode elaborar avaliación de impacto ambiental ordinaria e polo tanto as concentracións están paradas.

Semella enrevesado pero a actuación negligente da Consellería de Medio Ambiente ten paralizadas concentracións que están en marcha na provincia de Ourense.

Malia as reiteradas peticións, esta Dirección Xeral non emite os informes pertinentes o que implica que determinada concentracións de Ourense leven anos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espera dos informes para seguir o proceso de concentración parcelaria longamente esperado polas veciñas e veciños destas parroquias afectadas.

Para o BNG esta situación, de abuso e de desleixo da Xunta do PP e que denuncian as propietarias e propietarios dos predios afectados é realmente grave. A propia Xunta de Galiza boicoteando as concentracións parcelarias que leva a propia administración.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. A que atribúe a Xunta de Galiza esta demora inxustificada dos informes pertinentes para tramitar avaliación ambiental ordinaria, obrigatoria nas concentracións parcelarias?
2. Que valoración fai a Consellería do Medio Rural e a Xunta de Galiza desta situación?.
3. Como interpreta a Xunta de Galiza este boicot da Dirección Xeral de Medio Ambiente Natural as concentracións parcelarias que leva a cabo a Consellería do Medio Rural?.
4. Cantas concentracións parcelarias hai afectadas en Ourense por este boicot?
5. A cantas concentracións afecta no resto de Galiza?
6. Canto tempo de demora están a sufrir cada unha das concentracións parcelarias afectadas por esta situación?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Secundino Fernández Fernández

Sonia Vidal Lamas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 03/04/2025 12:59:59

Sonia Vidal Lamas na data 03/04/2025 13:02:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2025 13:03:12

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2025 13:03:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a revisión dos protocolos de baleiro sanitario nas explotacións de vacún de carne en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector de vacún de carne en Galiza é unha das bases fundamentais do noso tecido produtivo rural, sustentado en milleiros de pequenas explotacións de carácter familiar, moitas delas situadas en zonas de montaña ou territorios en risco de despoboamento. Estas explotacións representan moito máis ca unha actividade económica, porque son ferramentas de ordenación do territorio, de fixación de poboación e de conservación do medio natural. A súa continuidade é esencial para manter vivo o rural galego.

Segundo os últimos datos publicados pola Consellería do Medio Rural, Galiza conta con arredor de 10.000 explotacións de vacún de carne activas, das cales máis do 85% son de tipo familiar, con menos de 30 animais. Este modelo de produción, respectuoso co medio, baseado no pastoreo extensivo e na biodiversidade, contrasta co das macrogranxas e modelos industriais que predominan noutros territorios do Estado.

Porén, estas pequenas explotacións enfróntanse a unha serie de dificultades estruturais: baixos prezos na venda de becerros, custes de produción elevados, falta de relevo xeracional, dificultades burocráticas e, agora tamén, o impacto desproporcionado das medidas sanitarias que non teñen en conta a súa realidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos anos, vimos como se aplican protocolos de baleiro sanitario en casos illados de enfermidades como a tuberculose bovina. Estes protocolos —que implican o sacrificio total do rabaño ante a detección dun único positivo— están a causar un profundo malestar e rexeitamento no sector. A Consellería do Medio Rural, amparándose nun protocolo estatal, aplica estas medidas sen marxe de interpretación, sen posibilidade de contraprobas e sen ofrecer alternativas proporcionais ou adaptadas ás características das granxas galegas.

O caso recente acontecido no concello de Manzaneda, no que se obrigou ao sacrificio completo dos animais dunha pequena granxa familiar, mesmo sen síntomas clínicos nos demais exemplares, é unha mostra evidente do despropósito deste sistema. A imposición do baleiro sanitario sen permitir unha segunda proba diagnóstica, sen valorar o historial sanitario da explotación, nin ofrecer opcións alternativas, representa unha condena para moitas familias gandeiras.

Cómpre lembrar que as probas utilizadas para detectar a tuberculose —como a proba intradérmica— non son infalibles e existen numerosos casos documentados de falsos positivos. Noutros territorios da Unión Europea, estas probas complétanse con PCR ou cultivos antes de tomar decisións definitivas. Galiza debería esixir o mesmo nivel de rigor e xustiza.

As indemnizacións actuais tampouco cobren as perdas reais. Os baremos oficiais establecidos pola administración non teñen en conta o valor produtivo e xenético dos animais, nin o impacto económico real de ter que reconstruír un rabaño enteiro. Moito menos se ten en conta o impacto emocional e vital que supón para as persoas gandeiras ver desaparecer o traballo de anos nun día.

Non é razoable que se aplique unha norma idéntica en contextos completamente diferentes. O modelo de gandaría de pequena escala, familiar e ligada ao territorio necesita unha protección específica. Tratar todas as explotacións por igual, como se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foran macrogranxas industriais, é unha inxustiza profunda e unha agresión ao rural galego.

Desde o BNG entendemos que é perfectamente posible garantir a sanidade animal sen condenar ao peche ás pequenas explotacións. É posible aplicar protocolos máis xustos, máis proporcionais, con marxe para a defensa, con presenza de comités técnicos independentes, con transparencia e con respecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cal é o número total de explotacións de vacún de carne en Galiza e cantas delas son de carácter familiar ou de pequena dimensión?
2. Cantidade de baleiros sanitarios ordenados nos últimos cinco anos en explotacións de vacún de carne en Galiza e cal foi o criterio seguido para a súa execución?
3. Por que non se contemplan actualmente contraprobas ou medidas alternativas ao sacrificio total nos protocolos de baleiro sanitario aplicados en Galiza?
4. Que medidas está implementando a Consellería para garantir que as indemnizacións por sacrificio sanitario compensen adecuadamente as perdas económicas e emocionais das persoas gandeiras afectadas?
5. Existen plans por parte da Consellería para revisar e adaptar os protocolos de baleiro sanitario ás particularidades das pequenas explotacións familiares en Galiza?
6. Que accións está levando a cabo a Consellería para mellorar a comunicación e formación das persoas gandeiras en materia de sanidade animal e prevención de enfermidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 03/04/2025 13:00:45

Ariadna Fernández González na data 03/04/2025 13:00:55

Secundino Fernández Fernández na data 03/04/2025 13:01:30



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, xunto coa Conselleira Política Social, Fabiola García, anunciaba o pasado 23 de marzo a creación da primeira unidade de atención postemperá pública en Galicia. Será en Vigo, no edificio “la gota de leite”, que tamén ampliará a escola infantil e contará con un punto de encontro familiar.

A unidade de atención postemperá implica que se vai poder estender a atención de psicólogos, logopedas, pedagogos ou fisioterapeutas a nenas e nenos de ata 12 anos, se fose preciso.

Esta unidade supón un novo pulo da Xunta de Galicia a atención para previr e actuar ante problemas de desenvolvemento.

Neste momento a Rede Galega de atención temperá conta xa con 51 unidades para asistir a nenos de ata 6 anos de 200 concellos de Galicia e a 5.000 familias.

Hai que lembrar que en 2009 existían tan só na Comunidade dúas unidades que daban cobertura a 15 municipios.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da rede de atención temperá de Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2025 13:17:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/04/2025 13:17:21



Víctor Baladrón Lamas na data 03/04/2025 13:17:30

Nicole Grueira Fernández na data 03/04/2025 13:17:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2025 13:18:00

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/04/2025 13:18:13

Noelia Pérez López na data 03/04/2025 13:18:26

Ethel Vázquez Mourelle na data 03/04/2025 13:18:39

Maria Magdalena Perez Millares na data 03/04/2025 13:18:56



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Unión Europea estableceu un amplo marco normativo para fomentar a mobilidade eléctrica, mellorar a infraestrutura de recarga e reducir as emisións de carbono, é dicir, para impulsar a descarbonización e a substitución dos medios de transporte que empregan os combustibles fósiles por outros máis eficientes e sostibles, tanto entre particulares como entre as empresas e no propio sector público.

En definitiva, para asegurar unha rede suficiente, accesible e sostible que, á vez, garanta que a transición cara aos vehículos eléctricos sexa viable, accesible e eficiente.

Neste contexto, Galicia, no marco das súas competencias e seguindo as directrices europeas, está a avanzar na expansión da súa infraestrutura de recarga, reflexando o seu compromiso coa mobilidade eléctrica.

Recentemente, a Xunta de Galicia acaba de dar un paso máis ao pór en marcha o primeiro rexistro galego de puntos de recarga de acceso público para vehículos eléctricos, unha medida que irá acompañada da entrada en funcionamento dun visor para permitir o acceso á información en tempo real dos lugares nos que se poden atopar estas infraestruturas na nosa Comunidade.

Estas medidas contribuirán a que Galicia dispoña dunha rede sólida de infraestruturas e a seguir avanzando na electrificación e modernización do parque móbil galego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é a situación de instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en Galicia?
- 2.- Como contribuirán as novas medidas anunciadas pola Xunta de Galicia a dotar de maior solidez á rede de infraestruturas de puntos de recarga?
- 3.- Como funcionará o visor de puntos de recarga de acceso público?



Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2025 13:19:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/04/2025 13:20:05

María Deza Martínez na data 03/04/2025 13:20:13

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/04/2025 13:20:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/04/2025 13:20:36

Ángel Rodríguez Conde na data 03/04/2025 13:20:44

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2025 13:20:54

Borja Vereza Fraiz na data 03/04/2025 13:21:07

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/04/2025 13:21:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as melloras urxentes das infraestruturas educativas do concello de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre a comunidade educativa de Vigo está aumentando o malestar polas carencias e graves deficiencias a nivel infraestrutural que se percibe nos centros públicos da cidade. Durante anos, as queixas e peticións por parte dos equipos docentes e das ANPAS na cidade foron acumulándose, sen que se lles poña solución por parte da Xunta. Así, ano tras ano, vanse sumando outras carencias e necesidades máis recentes conformando unha longa lista de demandas que reflexa unha política de recortes sistemáticos no ámbito educativo. Dende a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnado de Vigo e Comarca teñen detectado problemas relacionados coas infraestrutura até en 23 centros da cidade.

Estamos falando, na maioría de casos, de actuacións que teñen que ver con cuestións moi básicas de seguridade, de accesibilidade e dos mínimos de confort ambiental e de habitabilidade que deben ter os centros. Sen dúbida se o goberno galego apostase por unha actualización dos centros educativos en base a parámetros pedagóxicos actuais a tarefa sería inxente. Mais estamos falando apenas das actuacións de mínimos que debe asumir a Xunta de Galiza para un funcionamento correcto dos centros educativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Da análise das demandas urxentes máis reiteradas destacamos que existen dous vectores comúns: os problemas de seguridade e os de habitabilidade. Primeiro, os plans de autoprotección fan aflorar deficiencias graves que comprometen a seguridade, tanto a diario como no caso dunha emerxencia. É extremadamente grave que non se estean solventando por parte da Xunta nin tan sequera estas cuestións. Segundo, é unha constante as queixas sobre todo o relacionado co correcto illamento e calefacción dos centros, con problemas graves de humidade e de frío nos espazos interiores e a falla de espazos cubertos no exterior.

De forma máis concreta, algunhas das actuacións de carácter urxente que a Xunta de Galiza ten que atender xa son as seguintes:

CEIP IGREXA-CHAPELA:

- Construción de pista cuberta.
- Substitución dos falsos teitos, alumeado, cadro eléctrico e portas de emerxencia.
- Consolidación estrutural da pista polideportiva.
- Reforma do ximnasio. Cambio cuberta, eliminación amianto e substitución da carpintería exterior.

CEIP ESCULTOR ACUÑA

- Substitución de carpintería exterior.
- Ampliación das zonas exteriores cubertas.

CEIP CHANS-BEMBRIVE

- Cambio cuberta fibrocemento
- Substitución de carpintería exterior e da caldeira.

EEI ARAGÓN

- Adaptación do espazo para alumnado con discapacidade motórica.
- Cobertura dos accesos aos distintos espazos.
- Substitución de carpintería exterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CEIP PARAIXAL

- Cambio das tubaxes.
- Actualización sistema de alarma.

CEIP ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO

- Ampliación do comedor.

CEIP CARBALLAL-CABRAL

- Cambio a Illamento da cuberta.
- Substitución de carpintería exterior.
- Instalación dun novo sistema de calefacción.
- Illamento do ximnasio.

CEIP ILLAS CÍES

- Cambio e illamento da cuberta do comedor e do patio de Educación Infantil.
- Illamento da fachada.

EEI VILA LAURA

- Reforma do patio de embaixo do edificio principal para evitar as humidades e o frío.
- Mellora da accesibilidade cun novo acceso na fachada.

CEIP CARRASQUEIRA

- Cambio da cuberta do ximnasio e da antiga casa do conserxe.
- Cambio do sistema eléctrico e do portal de entrada ao centro.
- Cambio de pavimento de todo o edificio.

CEIP JOSEFA ALONSO

- Substitución de carpintería exterior.
- Eliminación de humidades no ascensor.

CEIP BALAIÑOS

- Cambio da iluminación.
- Instalación dun ascensor para garantir a accesibilidade.
- Escadas de emerxencia no edificio de educación infantil.
- reforma da planta baixa para mellorar o funcionamento e a eficiencia enerxética.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CEIP O POMBAL

- Melloras nos aseos e nas portas de acceso de Educación Infantil.

EEI CRISTO DA VICTORIA

- Substitución de carpintería exterior.
- Cambio do pavimento do patio.

IES ALEXANDRE BÓVEDA

- Eliminación de goteiras e substitución de tubaxes.
- Segunda fase do ximnasio.
- Adecuación da accesibilidade en cadeira de rodas aos vestiarios e varandas de seguridade para persoa invidente.

CEIP VALLE-INCLÁN

- Arranxo dos aseos.
- Substitución de carpintería exterior en 2º e 3º ciclo de primaria.
- Reforma da aula de polo creativo.

IES BEADE

- Aproveitamento do espazo e integración da antiga casa do conserxe.

CEIP SAN SALVADOR

- Ampliación patio de infantil.
- Reforma da cuberta do pavillón de deportes.
- Substitución de carpintería exterior.
- Adecuación de pasamáns á normativa de seguridade.

CEIP SOBREIRA-VALADARES

- Substitución de carpintería exterior.
- Reforma para reacondicionamento do comedor e da biblioteca.

CEIP PÁRROCO DON CAMILO

- Substitución de tubaxes.
- Substitución de carpintería interior.
- Cambio e reparación dos teitos e cuberta.
- Seguridade dos peches e valado.
- Cambio de persianas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CEIP MESTRES GOLDAR

- Reforma vestiarios ximnasio
- Arranxo do pavimento de dúas pistas deportivas exteriores.
- Remate da rampla de acceso aos patios.
- Instalación de acceso Wifi no ximnasio (única aula que non ten).

IES CORUXO

- Ampliación de espazos, incluíndo a reutilización da casa do conserxe.
- Mellora dos accesos ao centro.

CEIP RAMÓN Y CAJAL

- Reparación da cuberta.
- Instalación dun parque infantil na parte posterior do centro.
- Reparación do pavimento do ximnasio e o do patio interior do colexio

Ademais, existe unha necesidade xeneralizada no conxunto de centros educativos públicos da cidade no referido á adecuación e mellora dos patios e espazos de xogo, que presentan evidentes deficiencias e cuxo deseño fica obsoleto, sendo numerosas as demandas da comunidade educativa para promover a implantación dun novo modelo de patios vivos e coeducativos que aposte na súa renaturalización, na renovación do equipamento de xogo e no seu redeseño para evitar a segregación de usos por xénero e que os promova como espazos para a socialización, a convivencia na diversidade, a aprendizaxe experimental e o xogo libre en contacto coa natureza. Unha tarefa que non pode ser asumida polos exiguos orzamentos cos que contan os propios centros e que esixe dun investimento por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza de que existen grave problemas de seguridade nos centros educativos do concello de Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas vai tomar para solventalos?
- É coñecedora a Xunta de Galiza de que existen grave problemas de accesibilidade nos centros educativos do concello de Vigo?
- Que medidas vai tomar para solventalos?
- É coñecedora a Xunta de Galiza de que existen grave problemas de habitabilidade nos centros educativos do concello de Vigo?
- Que medidas vai tomar para solventalos?
- Considera a Xunta de Galiza urxente que os centros educativos cumpran coas esixencias en materia de seguridade?
- Considera a Xunta de Galiza que todos os centros de Vigo deben estar correctamente illados e calefactados?
- Vai a Xunta de Galiza a realizar un estudo sobre as graves deficiencias das infraestruturas educativas en Vigo?
- Está disposta a Xunta de Galiza a incluír nos vindeiros orzamentos unha partida específica para resolver estes problemas?
- Que interlocución mantivo a Xunta de Galiza cos centros educativos para coñecer a súa situación?
- Por que a Xunta de Galiza non responde ás reiteradas demandas dos centros educativos?
- Cre a Xunta de Galiza que é necesario reformular o modelo de patios actuais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Cristina Fernández Davila

Carmela González Iglesias

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2025 13:41:15

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2025 13:41:30

Carmela González Iglesias na data 03/04/2025 13:41:40

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2025 13:42:00





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Alberto Pazos Couñago, Juan Casares Gándara, Gonzalo Trenor López, Noelia Pérez López, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos**.

A mellora do tratamento fiscal dos galegos e das galegas nos impostos xestionados pola Xunta de Galicia é un dos eixos fundamentais do Goberno galego tal e como recolle o programa electoral do Partido Popular. Un programa encamiñado a mellorar a vida das galegas e galegos e que foi referendado maioritariamente pola cidadanía galega.

Dende o 01/01/2024, e co obxectivo de axudar ás familias na adquisición dos vehículos usados nun momento inflacionista en que os tipos de xuro para o acceso ao crédito eran altos e estaban a subir os prezos, diminuíuse o tipo de gravame para a súa adquisición en 5 punto porcentuais, pasando do 8% ao 3%. Ademais, como medida que coaduxa á protección do medio ambiente e en liña coa política de apoio á mobilidade sustentable, coherente coa Directiva de economía circular, eximiuse de tributación, aprobando un tipo de gravame do 0%, ás transmisión dos vehículos “0 emisións” e das bicicletas, das bicicletas de pedais con pedaleo asistido e dos vehículos de mobilidade persoal agás os que tributan por cota fixa.

Esta decisión, converte a Galicia na Comunidade Autónoma con mellor trato fiscal para as transmisións de vehículos de segunda man e a única, xunto a Baleares que establece un trato diferenciado de tributación a tipo 0 para os vehículos 0 emisións, bicicletas, bicicletas de pedais con pedaleo asistido e vehículos de mobilidade persoal.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. A canto ascenden os beneficios acadados polos cidadáns galegos no ano 2024 na adquisición de vehículos que tributan ao 3%? Cantos cidadáns se viron beneficiados pola minoración do gravame?
2. A canto ascende o beneficio acadado polos cidadáns galegos no ano 2024 na adquisición de vehículos 0 emisións e o resto de vehículos que tributan a tipo 0%? Cantos cidadáns se viron beneficiados pola minoración do gravame?

Santiago de Compostela, 3 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2025 13:37:48

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2025 13:38:13

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/04/2025 13:38:28

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2025 13:38:39

Noelia Pérez López na data 03/04/2025 13:38:57

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/04/2025 13:41:03

Julio García Comesaña na data 03/04/2025 13:43:35

Patricia García González na data 03/04/2025 13:43:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Manuel Santos Costa na data 03/04/2025 13:44:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a as medidas que a Xunta está a desenvolver para dar cumprimento ao Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, a respecto da obriga de apertura ao público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de novembro de 2020 o Parlamento galego acordaba por unanimidade, a instancias dunha proposición non de lei defendida polo grupo parlamentario do BNG, instar a Xunta de Galiza a axilizar o expediente para incoar o expediente BIC para a Casa Cornide da Coruña.

Este acordo chega ao punto e final coa publicación no DOG do Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, como conxunto histórico de “valor cultural sobranceiro”.

O réxime de protección regulado no devandito decreto establece, entre outras obrigas, o dereito de acceso público a este ben, en consonancia co que xa fora recollido na Resolución do 14 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña:

“Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre o ben permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

definidos previamente. O deber de permitir o acceso non se estenderá aos espazos que constitúan domicilio particular ou en que poida resultar afectado o dereito á intimidade persoal e familiar. En todo caso, a consellería competente en materia de patrimonio cultural poderá establecer, despois de lles dar audiencia ás persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais afectados, un espazo mínimo susceptible de visita pública”.

A conclusión que podemos tirar é que a familia Franco, propietaria da Casa Cornide, leva case tres anos incumprindo o mandato da Administración, regulado a través do DOG, de abrir ao público un mínimo de catro días ao mes, durante polo menos catro horas ao día, e vulnerando consecuentemente os dereitos da cidadanía de acceder a un ben de interese cultural, de alto valor patrimonial e histórico.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza do incumprimento da súa propia resolución a respecto da apertura da Casa Cornide ás visitas públicas, case tres anos despois da publicación da Resolución do 14 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?

- Que medidas ten activado o goberno para dar cumprimento á súa resolución por parte da familia Franco?

- Como vai esixirlle a Xunta á familia Franco o cumprimento do Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, para garantir a inmediata apertura ao público da Casa Cornide?

- Teñen accedido os técnicos da Xunta á Casa Cornide para realizar o inventario dos bens mobles?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Realizou a Xunta xa o necesario inventario? Vaino facer público? Cando?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/04/2025 13:48:42

Iria Taibo Corsanego na data 03/04/2025 13:48:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta impulsar accións de apoio ao movemento asociativo cultural galego dedicado á promoción e difusión da música e baile tradicional de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza* (2006), editado pola Fundación Sondeseu e no que participou a Asociación de Gaiteiros Galegos, achegou, por primeira e única vez, unha síntese de datos que permitiron coñecer a dimensión real dunha actividade con pouca visualización social, pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural.

O documento contabilizou, hai xa 18 anos anos, máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegas da administración pública, sendo o resto costeadado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unhas cifras que, malia non volveren ter seguimento e actualización por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país e mais polo conexión das novas xeracións coa música e a danza tradicional. Na actualidade, o movemento asociativo de base calcula que máis de 35.000 persoas participan das actividades de formación e divulgación da música e o baile tradicional.

Asemade, a música e o baile da nosa tradición, dinamizada a través destas asociacións culturais, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, o que foi ben notorio en 2020 co gallo da pandemia.

As asociacións víronse obrigadas a paralizaren a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén estiveron canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo, ao tempo que algunhas quedaron no camiño para sempre.

A paralización da actividade das asociacións culturais supuxo un momento de crise a nivel económico, social e cultural nun sector cultural que é salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, que non foi contemplada no Plan de Reactivación para os Sectores Cultural e Turístico proposto pola *Xunta de Galicia* en 2020 nin adoita ter presenza nos sucesivos plan, proxectos e estratexias que publica a Xunta para os sectores culturais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da representación social, cultural e económica da que dá conta o *Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza*?
- Comparte a Xunta a demanda do sector da música e danza tradicional de actualizar este importante estudo 18 anos despois da súa publicación?
- Como valora o goberno galego o labor de formación, conservación e difusión do legado da música e a danza tradicional galega como patrimonio cultural inmaterial que levan a cabo as asociacións culturais de base?
- Que accións ten activadas a Xunta para apoiar a produción de espectáculos centrados na música e no baile tradicional?
- Comprométese o goberno a apoiar as asociacións culturais, vinculadas coa formación e transmisión da música e baile tradicional, impulsando un plan de axudas que achegue recursos que contribúan á súa viabilidade e mais ao gran labor social que realizan, así como a súa participación en festivais internacionais?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/04/2025 13:56:53

Iria Taibo Corsanego na data 03/04/2025 13:57:06

Daniel Castro García na data 03/04/2025 13:57:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta activar un plan de adquisición das competencias en lingua galega para o alumnado estranxeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello de goberno da Xunta do 2 de setembro aprobou o Plan MEGA de mellora educativa de Galiza, unha estratexia anunciada co obxectivo de incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar nun modelo de ensino inclusivo.

Segundo o conselleiro de Educación, o Plan inclúe medidas para “avanzar nunha aprendizaxe máis personalizada, reforzar as competencias clave e a atención a todo tipo de diversidade”.

Entre as diferentes liñas de actuación, destácase unha específica centrada na atención ao alumnado estranxeiro, cada vez máis presente nas aulas galegas en todas as etapas, a partir das “intervencións educativas necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social destes estudantes desde unha participación activa na vida escolar”.

A través desta liña proporcionarase apoio ao alumnado estranxeiro para asegurar a expresión e a comprensión lingüística efectiva e fortalecer as súas habilidades de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lectura e escritura, imprescindíbeis para garantir o dereito á educación desde a equidade e a inclusión.

Na información trasladada aos medios de comunicación non se concreta ningunha estratexia ou actuación para axudar o alumnado estranxeiro a se integrar social, educativa, cultural e lingüisticamente en galego, polo que xa temos solicitado, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, copia do mencionado Plan MEGA para coñecelo en detalle.

Con todo, a habitual falta de resposta e transparencia do goberno da Xunta ás peticións de documentación requiridas desde o grupo parlamentario do BNG, sustenta moitas preguntas sobre o desenvolvemento da metodoloxía necesaria para favorecer a adquisición da lingua galega por parte do alumnado estranxeiro, así como de como se vai proceder á súa implantación neste inminente comezo de curso escolar.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que medidas vai implementar o goberno da Xunta para que o crecente alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición das competencias en lingua galega?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/04/2025 14:02:54

Iria Taibo Corsanego na data 03/04/2025 14:03:04

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2025 14:03:15

Daniel Castro García na data 03/04/2025 14:03:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o impulso que debe dar a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, ao proxecto de Ensino Musical en Galiza da Fundación Groba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ponteareán Rogelio Groba Groba naceu na parroquia de Guláns, en Ponteareas, no ano 1930 e dedicou a práctica totalidade da súa vida á música, dándolle a Galiza un pulo importante á chamada “música culta”. Primeiro como instrumentista na Banda de Música Unión de Guláns, logo como director da mesma con só 17 anos, e de moitas outras bandas, coros e orquestras. Posteriormente exerceu como profesor no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, do que foi director durante máis de vinte anos, e fundou varios conservatorios dentro da xeografía galega.

Mais o seu gran legado é o da composición. O Mestre Groba compuxo máis de 720 obras, moitas delas aínda sen seren estreadas, converténdose nun dos compositores máis prolíficos de todo o Estado español. No seu repertorio pódense atopar sinfonías, concertos, cantatas, suites, ballets, obras para coro, música de cámara, para piano solista, orquestra de cordas, banda sinfónica ou un réquiem e seis óperas.

Da súa discografía destacan as gravacións realizadas pola orquestra de Cámara de Stuttgart ou as realizadas pola London Symphony Orchestra, co coro London Voices ou co violinista Pedro León como solista, ambos baixo a dirección do propio Groba. Tamén cabe destacar as gravacións realizadas pola Orquestra de Cámara Galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autor de ensaios e libros, foi membro do Instituto José Cornide de Estudos da Coruña, da Real Academia Galega de Belas Artes, e da Real Academia de San Fernando, en Madrid. Ademais, dende o 2002 presidía a Fundación Rogelio Groba, clasificada “De interese cultural” e “De interese galego” pola Xunta de Galicia, e creada para protexer, estudar e difundir a obra do Mestre.

Desde 1990, Rogelio Groba dedicouse unicamente á creatividade musical, ámbito no que foi recoñecido co Premio Internacional de Composición Dante Luini organizado pola Radio Television Suisse Romande (1973), o Premio de la Crítica Gallega (1979), o Premio Xunta de Galicia de Cultura (1992), a Medalla Castelao (1995), ou o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia (2004).

Malia todo isto, a súa labor pedagóxica en Galiza é dun valor incalculable, non só pola creación de conservatorios en todo o País, senón tamén polo material educativo que deixou no seu legado.

A día de hoxe, os estudantes de música en Galiza empregan obras de grandes compositores como repertorio de estudo, que aínda que valiosas no aspecto técnico, están afastadas das raíces e tradicións musicais galegas. Consciente desta carencia, Rogelio Groba, dedicou gran parte da súa vida a desenvolver un conxunto de materiais educativos adaptados para seren utilizados dende as primeiras etapas da aprendizaxe e ao longo de todo o currículo da ensinanza regradada en Galiza, cun obxectivo claro, que os futuros músicos se formen tendo en conta a súa propia cultura e vivencias.

Por iso, a Fundación Rogelio Groba, creada no ano 2002, ten como misión principal a preservación, protección e difusión do legado musical e pedagóxico do compositor. No seu compromiso coa educación musical, a Fundación propón que o material didáctico desenvolvido polo mestre Groba, sexa utilizado como recurso nos centros educativos galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Fundación considera que este material é clave para ofrecer unha alternativa enriquecedora aos estudantes de música, permitindo que aprendan non só os aspectos técnicos, senón que se empapen da súa propia historia musical e cultural a través do folclore galego. Sendo unha prioridade que axudaría a preservar a tradición musical galega e a fornecer a identidade cultural dos estudantes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta, a través da Consellaría de Educación, impulsar o uso de materiais didácticos e pedagóxicos creados polo compositor ponteareán, Rogelio Groba Groba, como “Tipoloxías” ou “Once Baladas Galegas”, como recursos valiosos para a ensinanza musical do alumnado en Galiza?

- Vai asinar un convenio coa Fundación Groba para acadar este obxectivo, así como para levar aos centros educativos ou aos Concellos (para varios centros), actividades complementarias que reforcen a figura de Rogelio Groba como o gran compositor galego recoñecido a nivel nacional e internacional, así como dar a coñecer a súa música ao alumnado (en forma de obradoiros, concertos, aulas didácticas, teatro, exposicións...)?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2025 14:13:59

Mercedes Queixas Zas na data 03/04/2025 14:14:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás posicións da Xunta de Galiza ante a Convocatoria de reunión co goberno central para abordar a quita da débeda o 21 de abril de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o Conselleiro de Facenda e Administración Pública avanzaba que a Xunta participaría nunha reunión técnica co Ministerio de Facenda sobre a quita, a celebrar o 21 de abril por videoconferencia.

Despois de que a Xunta de Galiza renunciara a participar do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado no mes de febreiro, no que preferiu participar dunha escenificación da estratexia electoral do Partido Popular a nivel de Estado no lugar de defender os intereses de Galiza, esta rectificación debe ser a primeira de moitas. Así mesmo, o señor Corgos manifestou que a Xunta iría a “escoitar e defender a posición de Galiza” nesa reunión, polo que é necesario coñecer e transparentar os contidos e posicións ao respecto ante o que supón unha oportunidade histórica para que Galiza reduza o impacto que ten na súa economía a débeda que triplicaron os gobernos do Partido Popular.

Hoxe, o volume de recursos que emprega Galiza para o pagamento da débeda supón máis que a totalidade da consellaría de Política Social e constitúe a terceira gran partida de gasto do conxunto orzamentario, 1.763 M€ en 2025.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No BNG temos claro que Galiza debe avanzar en superar o actual sistema de financiamento porque quedou demostrada a súa insuficiencia, tal e como sinala o propio Consello de Contas. Mais o debate sobre o financiamento é compatible coa negociación dunha quita da débeda adecuada para Galiza. Por estes motivos, é especialmente importante coñecer as propostas que o goberno galego defende ante este tipo de reunións.

Con base a estas cuestións fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que propostas defende o goberno galego ante o Estado para que Galiza mellore a súa saúde económico financeira a través dunha quita da débeda?

Que propostas concretas recibiu ou trasladou a respecto da reunión fixada para abril?

Asume o goberno galego que Galiza pode e debe mellorar a súa saúde económico financeira a través dunha quita da débeda?

Que valoración fai o goberno galego das deliberacións e acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira e das reunións bilaterais co Estado?

Vai asinar unha quita da débeda?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2025 15:54:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2025 15:56:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de abrir un centro de día en Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Costa da Morte, dende Cabana de Bergantiños ata Muros, carece de un centro de día público a onde poidan acudir as persoas dependentes de grado 2 e 3. Levamos anos reclamando a construción por parte da Xunta de Galiza deste tipo de centros, porque non todas as familias poden coidar aos seus maiores nas súas vivendas, e necesitan conciliar o seu traballo coa atención que estes precisan.

A Consellería de Benestar ten dende hai máis de dez anos a posibilidade de abrir un centro de día no municipio de Corcubión, pois este concello puxo a súa enteira disposición un edificio completamente novo, preparado para ofrecer ese servizo, e que só precisa o mobiliario e o persoal para poñelo a funcionar, e conta cunha capacidade de 22 prazas. O edificio está listo, por moito que minta o Consorcio de Benestar, que publicamente chegou a manifestar o mes pasado que o concello non tramitara o procedemento BS103D. Esta autorización administrativa para crear o Centro de Día está resolta favorablemente dende o ano 2013, polo que rogamos ao Consorcio que deixe de mentir e enganar aos veciños.

A consellería de Política Social non aportou nin un euro á financiación para construír este centro de día, namentres vemos como mediante convenios si o fai con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros concellos, descoñecendo os motivos polos que aplica criterios tan discriminatorios: a uns nada e a outros todo.

Tamén descoñecemos as razóns polas cales a Consellería se nega xa non só a incluír no Consorcio Galego de Benestar este centro e a poñelo en marcha de forma inmediata, senon a reunirse co Alcalde de Corcubión, que enviou varias solicitudes á Conselleira, Dna. Fabiola García, para que o reciba, tendo como resposta o absoluto silencio e a negativa a citalo ata o momento.

A veciñanza de Corcubión, e de toda a Costa da Morte, así como varios alcaldes da comarca que apoian a apertura deste edificio como centro de día, están cansos de palabrería, de non ter un servizo público en toda a bisbarra e de tanto esperar

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai a Conselleira a incluír e abrir este edificio de Corcubión como centro de día por medio da rede de centros do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar neste ano 2025?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 03/04/2025 16:11:23

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2025 16:12:17





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En setembro do ano 2024 a especialista pediátrica que atendía a gran maioría dos nenos e das nenas do municipio de Cospeito causou baixa no seu traballo, dando lugar, polo tanto, á ausencia de atención pediátrica especializada. Como consecuencia disto e da inacción da dirección de Atención Primaria da área sanitaria lucense e, polo tanto, da Consellería de Sanidade, numerosos veciños e veciñas tanto de Cospeito coma de Castro de Rei e Outeiro de Rei, visto que a propia pediatra atendía os tres municipios, protagonizaron sucesivas manifestacións reclamando unha cuestión de mínimos: a reposición da praza de pediatría, é dicir, e cabe puntualizar novamente, dun especialista pediátrico que atendera cando menos nas mesmas condicións (horarios e días) aos nenos e nenas dos tres municipios. Así, os membros deste colectivo, que non deixan de ser pais, nais, avós ou avoas dos nenos e nenas afectados/as dos tres municipios, solicitaron unha reunión coas persoas responsables máis próximos; o xerente da área sanitaria lucense e o director de Atención Primaria da área sanitaria lucense. Resultado desta xuntanza, as cousas non cambiaron moito: previo á baixa da pediatra, atendíase un día en Outeiro de Rei, dous días en Castro de Rei e outro tanto en Cospeito, con posterioridade á baixa e á propia reunión, aténdese dous días en Outeiro de Rei e un tanto en Castro de Rei coma en Cospeito. Ademais, cabe concretar, que en Cospeito e Castro de Rei, derivouse un médico de atención primaria cun curso de puericultura, é dicir, alguén que simplemente se encarga de previr enfermidades na infancia a través dos coidados e da crianza, polo tanto alguén que non pode tratar e curar propiamente as enfermidades que teñen lugar na infancia tal e como pode





facen un pediatra. Cousa distinta sucede no concello de Outeiro de Rei, que a maiores deste médico que atende os dous días xa citados, conta cun pediatra unha tarde á semana. A poucas luces, cabe resumir a situación nunha deficiencia severa no servizo de atención á infancia nos tres concellos, que se acrecenta no caso de Cospeito e no de Castro de Rei, debido ás dúbidas e aos criterios que se establecen para acceder ao servizo de pediatría que se ofrece durante unha tarde á semana en Outeiro de Rei.

Por outro lado, en canto ó que se refire a acción política, temos unha clara diverxencia entre a maneira de actuar e falar dos tres máximos responsables municipais. O alcalde de Outeiro de Rei, votou a favor dunha moción no Pleno Ordinario do Concello de Outeiro de Rei e foi polo tanto aprobada por unanimidade; non manifestou máis pese a que o seu concello tampouco ten unhas condicións pediátricas para celebrar. O Sr. Balado, alcalde de Castro de Rei, á vista de que nada mellorou, prevendo a seria posibilidade de que o seu concello quede sen calquera tipo de atención á infancia e se centralice no Concello de Outeiro de Rei, centrou as súas reclamacións na propia Consellería de Sanidade; foi aprobada igualmente unha moción coa mesma cuestión de fondo no Pleno do Concello veciño por unanimidade. O alcalde de Cospeito, pola súa banda, non informou da situación aos veciños e veciñas afectadas nin tampouco ao Pleno; aínda que propiamente corresponderíalle ao concelleiro Iván Méndez dado que nel se delegaron as competencias referentes a menores e atención á infancia. Así, o Concello de Cospeito, cunha situación idéntica á de Castro de Rei, non marcou a senda a seguir para restablecer tal servizo demostrando un esforzo menor respecto dos outros municipios aquí citados. Polo tanto desde o Grupo Parlamentario Socialista, entendendo a política como a arte de facer posible o necesario e entendendo o labor de alcaldía como a defensa sen reparos dos servizos veciñais, vemos necesario, en primeiro lugar, responder á veciñanza e en segundo lugar reclamar con firmeza e altura de miras o restablecemento dun servizo de pediatría estable e de garantías. Calquera de nós é consciente da importancia





duns servizos sanitarios próximos, é dicir, que coñezan a poboación local, especializados en cada materia e rango de idade, e por último, áxiles, que solucionen a situación dos e das pacientes no menor tempo posible.

Máis aínda, se cabe, resultan de vital importancia no rural, xa que o oposto é o despoboamento: ao rural dáselle servizos para facelo medrar non se lle restan por falta de poboación.

Por todo o anterior exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas ten previstas a Consellería de Sanidade para garantir a reposición dun ou dunha pediatra no Concello de Cospeito?
2. Que estratexias está a impulsar a Xunta de Galicia para mellorar a cobertura pediátrica en zonas rurais e evitar que se repitan situacións similares noutros municipios?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/04/2025 16:25:49

Elena Espinosa Mangana na data 03/04/2025 16:25:57

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 16:26:03





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En setembro do ano 2024 a especialista pediátrica que atendía a gran maioría dos nenos e das nenas do municipio de Cospeito causou baixa no seu traballo, dando lugar, polo tanto, á ausencia de atención pediátrica especializada. Como consecuencia disto e da inacción da dirección de Atención Primaria da área sanitaria lucense e, polo tanto, da Consellería de Sanidade, numerosos veciños e veciñas tanto de Cospeito coma de Castro de Rei e Outeiro de Rei, visto que a propia pediatra atendía os tres municipios, protagonizaron sucesivas manifestacións reclamando unha cuestión de mínimos: a reposición da praza de pediatría, é dicir, e cabe puntualizar novamente, dun especialista pediátrico que atendera cando menos nas mesmas condicións (horarios e días) aos nenos e nenas dos tres municipios. Así, os membros deste colectivo, que non deixan de ser pais, nais, avós ou avoas dos nenos e nenas afectados/as dos tres municipios, solicitaron unha reunión coas persoas responsables máis próximos; o xerente da área sanitaria lucense e o director de Atención Primaria da área sanitaria lucense. Resultado desta xuntanza, as cousas non cambiaron moito: previo á baixa da pediatra, atendíase un día en Outeiro de Rei, dous días en Castro de Rei e outro tanto en Cospeito, con posterioridade á baixa e á propia reunión, aténdese dous días en Outeiro de Rei e un tanto en Castro de Rei coma en Cospeito. Ademais, cabe concretar, que en Cospeito e Castro de Rei, derivouse un médico de atención primaria cun curso de puericultura, é dicir, alguén que simplemente se encarga de previr enfermidades na infancia a través dos coidados e da crianza, polo tanto alguén que non pode tratar e curar propiamente as enfermidades que teñen lugar na infancia tal e como pode





facen un pediatra. Cousa distinta sucede no concello de Outeiro de Rei, que a maiores deste médico que atende os dous días xa citados, conta cun pediatra unha tarde á semana. A poucas luces, cabe resumir a situación nunha deficiencia severa no servizo de atención á infancia nos tres concellos, que se acrecenta no caso de Cospeito e no de Castro de Rei, debido ás dúbidas e aos criterios que se establecen para acceder ao servizo de pediatría que se ofrece durante unha tarde á semana en Outeiro de Rei.

Por outro lado, en canto ó que se refire a acción política, temos unha clara diverxencia entre a maneira de actuar e falar dos tres máximos responsables municipais. O alcalde de Outeiro de Rei, votou a favor dunha moción no Pleno Ordinario do Concello de Outeiro de Rei e foi polo tanto aprobada por unanimidade; non manifestou máis pese a que o seu concello tampouco ten unhas condicións pediátricas para celebrar. O Sr. Balado, alcalde de Castro de Rei, á vista de que nada mellorou, prevendo a seria posibilidade de que o seu concello quede sen calquera tipo de atención á infancia e se centralice no Concello de Outeiro de Rei, centrou as súas reclamacións na propia Consellería de Sanidade; foi aprobada igualmente unha moción coa mesma cuestión de fondo no Pleno do Concello veciño por unanimidade. O alcalde de Cospeito, pola súa banda, non informou da situación aos veciños e veciñas afectadas nin tampouco ao Pleno; aínda que propiamente corresponderíalle ao concelleiro Iván Méndez dado que nel se delegaron as competencias referentes a menores e atención á infancia. Así, o Concello de Cospeito, cunha situación idéntica á de Castro de Rei, non marcou a senda a seguir para restablecer tal servizo demostrando un esforzo menor respecto dos outros municipios aquí citados. Polo tanto desde o Grupo Parlamentario Socialista, entendendo a política como a arte de facer posible o necesario e entendendo o labor de alcaldía como a defensa sen reparos dos servizos veciñais, vemos necesario, en primeiro lugar, responder á veciñanza e en segundo lugar reclamar con firmeza e altura de miras o restablecemento dun servizo de pediatría estable e de garantías. Calquera de nós é consciente da importancia





duns servizos sanitarios próximos, é dicir, que coñezan a poboación local, especializados en cada materia e rango de idade, e por último, áxiles, que solucionen a situación dos e das pacientes no menor tempo posible.

Máis aínda, se cabe, resultan de vital importancia no rural, xa que o oposto é o despoboamento: ao rural dáselle servizos para facelo medrar non se lle restan por falta de poboación.

Por todo o anterior exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas ten previstas a Consellería de Sanidade para garantir a reposición dun ou dunha pediatra no Concello de Castro de Rei?
2. Que estratexias está a impulsar a Xunta de Galicia para mellorar a cobertura pediátrica en zonas rurais e evitar que se repitan situacións similares noutros municipios?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/04/2025 16:28:31

Elena Espinosa Mangana na data 03/04/2025 16:28:40

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 16:28:46





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En setembro do ano 2024 a especialista pediátrica que atendía a gran maioría dos nenos e das nenas do municipio de Cospeito causou baixa no seu traballo, dando lugar, polo tanto, á ausencia de atención pediátrica especializada. Como consecuencia disto e da inacción da dirección de Atención Primaria da área sanitaria lucense e, polo tanto, da Consellería de Sanidade, numerosos veciños e veciñas tanto de Cospeito coma de Castro de Rei e Outeiro de Rei, visto que a propia pediatra atendía os tres municipios, protagonizaron sucesivas manifestacións reclamando unha cuestión de mínimos: a reposición da praza de pediatría, é dicir, e cabe puntualizar novamente, dun especialista pediátrico que atendera cando menos nas mesmas condicións (horarios e días) aos nenos e nenas dos tres municipios. Así, os membros deste colectivo, que non deixan de ser pais, nais, avós ou avoas dos nenos e nenas afectados/as dos tres municipios, solicitaron unha reunión coas persoas responsables máis próximos; o xerente da área sanitaria lucense e o director de Atención Primaria da área sanitaria lucense. Resultado desta xuntanza, as cousas non cambiaron moito: previo á baixa da pediatra, atendíase un día en Outeiro de Rei, dous días en Castro de Rei e outro tanto en Cospeito, con posterioridade á baixa e á propia reunión, aténdese dous días en Outeiro de Rei e un tanto en Castro de Rei coma en Cospeito. Ademais, cabe concretar, que en Cospeito e Castro de Rei, derivouse un médico de atención primaria cun curso de puericultura, é dicir, alguén que simplemente se encarga de previr enfermidades na infancia a través dos coidados e da crianza, polo tanto alguén que non pode tratar e curar propiamente as enfermidades que teñen lugar na infancia tal e como pode





facen un pediatra. Cousa distinta sucede no concello de Outeiro de Rei, que a maiores deste médico que atende os dous días xa citados, conta cun pediatra unha tarde á semana. A poucas luces, cabe resumir a situación nunha deficiencia severa no servizo de atención á infancia nos tres concellos, que se acrecenta no caso de Cospeito e no de Castro de Rei, debido ás dúbidas e aos criterios que se establecen para acceder ao servizo de pediatría que se ofrece durante unha tarde á semana en Outeiro de Rei.

Por outro lado, en canto ó que se refire a acción política, temos unha clara diverxencia entre a maneira de actuar e falar dos tres máximos responsables municipais. O alcalde de Outeiro de Rei, votou a favor dunha moción no Pleno Ordinario do Concello de Outeiro de Rei e foi polo tanto aprobada por unanimidade; non manifestou máis pese a que o seu concello tampouco ten unhas condicións pediátricas para celebrar. O Sr. Balado, alcalde de Castro de Rei, á vista de que nada mellorou, prevendo a seria posibilidade de que o seu concello quede sen calquera tipo de atención á infancia e se centralice no Concello de Outeiro de Rei, centrou as súas reclamacións na propia Consellería de Sanidade; foi aprobada igualmente unha moción coa mesma cuestión de fondo no Pleno do Concello veciño por unanimidade. O alcalde de Cospeito, pola súa banda, non informou da situación aos veciños e veciñas afectadas nin tampouco ao Pleno; aínda que propiamente corresponderíalle ao concelleiro Iván Méndez dado que nel se delegaron as competencias referentes a menores e atención á infancia. Así, o Concello de Cospeito, cunha situación idéntica á de Castro de Rei, non marcou a senda a seguir para restablecer tal servizo demostrando un esforzo menor respecto dos outros municipios aquí citados. Polo tanto desde o Grupo Parlamentario Socialista, entendendo a política como a arte de facer posible o necesario e entendendo o labor de alcaldía como a defensa sen reparos dos servizos veciñais, vemos necesario, en primeiro lugar, responder á veciñanza e en segundo lugar reclamar con firmeza e altura de miras o restablecemento dun servizo de pediatría estable e de garantías. Calquera de nós é consciente da importancia





duns servizos sanitarios próximos, é dicir, que coñezan a poboación local, especializados en cada materia e rango de idade, e por último, áxiles, que solucionen a situación dos e das pacientes no menor tempo posible.

Máis aínda, se cabe, resultan de vital importancia no rural, xa que o oposto é o despoboamento: ao rural dáselle servizos para facelo medrar non se lle restan por falta de poboación.

Por todo o anterior exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas ten previstas a Consellería de Sanidade para garantir a reposición dun ou dunha pediatra no Concello de Outeiro de Rei?
2. Que estratexias está a impulsar a Xunta de Galicia para mellorar a cobertura pediátrica en zonas rurais e evitar que se repitan situacións similares noutros municipios?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/04/2025 16:31:11

Elena Espinosa Mangana na data 03/04/2025 16:31:19

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 16:31:25





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No día de onte 2 de abril do 2025, tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación, que Segismundo García propietario actual da emblemática fábrica de Sargadelos situada en Cervo, ía a proceder ao cese da actividade con carácter inmediato.

Esta decisión sorprendeu a todo o concello, a toda unha comarca, a toda a provincia e a toda Galicia e sobre todo a todo o cadro de persoal da fábrica.

Esta decisión non obedece a cuestións económicas ou a problemas empresariais, é a resposta por ter sido apercibido pola inspección de traballo ao incorrer en incumprimentos en materia laboral, cuestión esta de obrigado cumprimento. Máxime cando as deficiencias detectadas afectan a saúde das traballadoras e traballadores.

Logo de momentos moi complexos para a fábrica, a día de hoxe a empresa está en plena expansión e sen perdas económicas polo que este comunicado por parte do administrador único, parece obedecer máis a un capricho do empresario que a outro tipo de cuestións.

Estamos a falar dunha empresa que xera entorno aos cen postos de traballo maioritariamente emprego feminino dato este de por si importante. Pero tamén estamos a falar dunha empresa que é unha sinal de identidade da cultura galega. Declarado como BIC o legado patrimonial e artístico que nos deixou





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 16:47:26
Nº Rexistro: 22915
Data envío: 03/04/2025 16:47:26.189

Isaac Díaz Pardo, nomeado fillo adoptivo do Concello de Cervo o 26 de febreiro do 2011.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ante o anuncio do peche do centro de traballo de Sargadelos en Cervo, vai o Goberno galego a realizar unha mediación para garantir a continuidade da actividade de Sargadelos e velar pola protección dos traballadores/as e polo legado cultural de Sargadelos?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/04/2025 16:19:09

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/04/2025 16:19:18

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 16:19:26

Patricia Iglesias Rey na data 03/04/2025 16:19:35

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydr1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78164

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No día de onte 2 de abril do 2025, tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación, que Segismundo García propietario actual da emblemática fábrica de Sargadelos situada en Cervo, ía a proceder ao cese da actividade con carácter inmediato.

Esta decisión sorprendeu a todo o concello, a toda unha comarca, a toda a provincia e a toda Galicia e sobre todo a todo o cadro de persoal da fábrica.

Esta decisión non obedece a cuestións económicas ou a problemas empresariais, é a resposta por ter sido apercibido pola inspección de traballo ao incorrer en incumprimentos en materia laboral, cuestión esta de obrigado cumprimento. Máxime cando as deficiencias detectadas afectan a saúde das traballadoras e traballadores.

Logo de momentos moi complexos para a fábrica, a día de hoxe a empresa está en plena expansión e sen perdas económicas polo que este comunicado por parte do administrador único, parece obedecer máis a un capricho do empresario que a outro tipo de cuestións.

Estamos a falar dunha empresa que xera entorno aos cen postos de traballo maioritariamente emprego feminino dato este de por si importante. Pero tamén estamos a falar dunha empresa que é unha sinal de identidade da cultura galega. Declarado como BIC o legado patrimonial e artístico que nos deixou





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 16:47:37
Nº Rexistro: 22916
Data envío: 03/04/2025 16:47:37.674

Isaac Díaz Pardo, nomeado fillo adoptivo do Concello de Cervo o 26 de febreiro do 2011.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ante o anuncio do peche do centro de traballo de Sargadelos en Cervo, vai o Goberno galego a realizar unha mediación para garantir a continuidade da actividade de Sargadelos e velar pola protección dos traballadores/as e polo legado cultural de Sargadelos?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/04/2025 16:19:49

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/04/2025 16:19:57

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 16:20:06

Patricia Iglesias Rey na data 03/04/2025 16:20:15

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydr1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78166

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No día de onte 2 de abril do 2025, tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación, que Segismundo García propietario actual da emblemática fábrica de Sargadelos situada en Cervo, ía a proceder ao cese da actividade con carácter inmediato.

Esta decisión sorprendeu a todo o concello, a toda unha comarca, a toda a provincia e a toda Galicia e sobre todo a todo o cadro de persoal da fábrica.

Esta decisión non obedece a cuestións económicas ou a problemas empresariais, é a resposta por ter sido apercibido pola inspección de traballo ao incorrer en incumprimentos en materia laboral, cuestión esta de obrigado cumprimento. Máxime cando as deficiencias detectadas afectan a saúde das traballadoras e traballadores.

Logo de momentos moi complexos para a fábrica, a día de hoxe a empresa está en plena expansión e sen perdas económicas polo que este comunicado por parte do administrador único, parece obedecer máis a un capricho do empresario que a outro tipo de cuestións.

Estamos a falar dunha empresa que xera entorno aos cen postos de traballo maioritariamente emprego feminino dato este de por si importante. Pero tamén estamos a falar dunha empresa que é unha sinal de identidade da cultura galega. Declarado como BIC o legado patrimonial e artístico que nos deixou





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 16:47:49
Nº Rexistro: 22917
Data envío: 03/04/2025 16:47:49,048

Isaac Díaz Pardo, nomeado fillo adoptivo do Concello de Cervo o 26 de febreiro do 2011.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ante o anuncio do peche do centro de traballo de Sargadelos en Cervo, vai o Goberno galego a realizar unha mediación para garantir a continuidade da actividade de Sargadelos e velar pola protección dos traballadores/as e polo legado cultural de Sargadelos?

Santiago de Compostela, a 3 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/04/2025 16:20:30

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/04/2025 16:20:39

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 16:20:47

Patricia Iglesias Rey na data 03/04/2025 16:20:56





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen Pomar Tojo, Jose Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Katherinie Varela Fernández, Rubén Lorenzo Gómez e Argimiro Marnotes Fernández deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A prestación do servizo ferroviario en Galicia dista moito de ser correcta. Vimos denunciando desde hai tempo a falta das frecuencias, que non foron repostas tras a pandemia, así como o incumprimento dos horarios, xa que son habituais as incidencias e avarias que afectan ás diferentes liñas de transporte por tren.

A chegada da alta velocidade foi un avance significativo pero aínda hai cidades como Lugo ou Ferrol privadas dos trens AVE, o que lastra as oportunidades de mobilidade dos seus veciños. Ademais, lonxe do que cabía agardar, Galicia non ten máis frecuencias que antes da chegada dos trens Avril, tal como prometera o ministro de Transportes, e os investimentos e as melloras nas infraestruturas e servizos para Galicia seguen a ser materias pendentes.

Con todo, aos incumprimentos nos tempos e frecuencias prometidos, e aos continuos retrasos, súmanse agora problemas na reserva e compra de billetes para todo tipo de viaxes, de longa e de media distancia. As persoas usuarias dos servizos ferroviarios, precisan información, facilidades de acceso e certezas tanto coa reserva de billetes como cos prezos.

A limitada venda anticipada de billetes de Renfe en Galicia xera incerteza, dificulta a planificación de viaxes e provoca un aumento nos prezos. As políticas de venda anticipada de Renfe non son as mesmas en toda España, e Galicia é unha das comunidades máis prexudicadas, xa que os viaxeiros galegos só poden adquirir billetes de tren cun máximo de tres ou catro meses de antelación.

O Goberno de España está obrigado a garantir un servizo ferroviario moderno e eficiente en Galicia

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai o Goberno galego das múltiples incidencias que están a ter lugar no funcionamento do servizo ferroviario en Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de abril 2025.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2025 17:09:01

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2025 17:09:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2025 17:09:25

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2025 17:09:53

María Deza Martínez na data 03/04/2025 17:10:18

Cristina Campero Dorado na data 03/04/2025 17:10:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/04/2025 17:11:03

José Luis Ferro Iglesias na data 03/04/2025 17:11:24

Katherinie Varela Fernández na data 03/04/2025 17:11:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión Permanente non Lexislativa da CRTVG**.

En data 12 de febreiro de 2025, o director de Recursos Humanos da CRTVG, comunicaba ao comité de empresa que a partires do 1 de abril de 2025, data de entrada en vigor do Real decreto-lei 11/2024, do 23 de decembro, a Corporación deixará de acceder ás solicitudes de xubilación parcial anticipada que reciba, co argumento de que a nova redacción do artigo 215.2.e) ET esixe que os contratos de remuda se formalicen con carácter indefinido e a tempo completo, o que resultaría ao seu parecer incompatible coa normativa básica do Estado sobre reposición de efectivos no sector público.

De forma unánime, os sindicatos representados no comité intercentros rexeitaron esa decisión da dirección da empresa por entenderen que a nova regulación da xubilación parcial do artigo 215 ET é plenamente aplicable ás entidades do sector público e non existe ningunha contradición entre lei e convenio colectivo que poida conducir á non aplicación desta última norma, e moito menos por decisión unilateral da empresa.

A CRTVG tentou de forma reiterada, en 2022 e 2024, deixar de aplicar a disposición adicional novena do Convenio, co argumento de que a realización dos contratos de remuda asociados ás xubilacións parciais produciría un incremento da “temporalidade estrutural”, que afectaría ao número de efectivos e mesmo á actividade produtiva na empresa.





Porén, a sentenza firme da Sala do Social do TSX de Galiza do 30 de xullo de 2024 confirmou que o convenio debe ser aplicado nos seus propios termos.

Declaraba a Sentenza de forma literal que a *“CRTVG tiene la obligación de acceder a la jubilación parcial anticipada y la formalización del correspondiente contrato de relevo siempre que se produzca una solicitud de persona trabajadora que cumpla los requisitos establecidos en la legislación vigente; condenando a la demandada a ajustar su conducta a la declaración anterior.”*

O pasado 24 de marzo, os sindicatos UGT e CCOO acordaron co Ministerio de Función Pública a implantación dunha taxa adicional co fin de permitir que o persoal laboral do sector público poida seguir xubilándose anticipadamente e acollerse así ás melloras dispostas no acordo subscrito o pasado 18 de decembro, mecanismo, que polo visto, non lles vale.

O comité solicitoulle á empresa en reiteradas ocasións darlle solución a esta situación, e reconsiderar a súa postura para non obrigar aos traballadores e traballadoras a volver unha vez máis aos xulgados, feito que xa está acontecendo, posto que, polo que nos trasladan da parte do persoal, a finais do pasado marzo, antes de que entrasen en vigor as melloras do acordo, ~~vostedes~~ xa denegaran máis dunha trintena de solicitudes.

A empresa negouse a chegar a un acordo no seo da comisión paritaria celebrada o pasado mes de marzo, na que expresou claramente que non vai seguir accedendo ás solicitudes de xubilación parcial anticipadas.

No primeiro trimestre de 2024 estimaban que a finais do pasado ano as cifras de xubilación parcial nunhas 120 persoas, con perspectivas de que en 2025 aumentasen case noutras cincuenta máis.





É posible que neste trámite existan obstáculos normativos, económicos e mesmo organizativos, pero non se pode pasar por alto de forma reiterada un compromiso que recolle o propio convenio colectivo.

Agora as condicións mudaron a mellor, feito que evitaría algúns dos inconvenientes, entre eles, as dificultades á hora da contratación de relevistas, porque seguro que ningunha persoa que estea no paro vai rexeitar unha remuda cun contrato indefinido e a tempo completo, no mellor dos casos, a cinco anos.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cantas traballadoras e traballadores están afectadas ou se verán afectadas nos próximos meses pola denegación da CRTVG ás solicitudes de xubilación parcial anticipada? Teñen feito ese cálculo?
2. Cren vostedes que as melloras dispostas no acordo de decembro poderían resolver os problemas organizativos, incluso de clima laboral, que producen os contratos parciais e temporais con baixas retribucións?
3. Non cren vostedes que esta sería unha boa maneira de garantir estabilidade?
4. Por que a CRTVG non formaliza contratos indefinidos para o persoal cando é unha fórmula viable nas empresas públicas?
5. Vai a CRTVG a reconsiderar a decisión de non acceder ás solicitudes de xubilación parcial anticipada?
6. Cal é a folga de ruta da CRTVG para a xubilación parcial anticipada do seu persoal? Cal é o escenario no que está a traballar? Con que obxectivo?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 17:14:52
Nº Rexistro: 22923
Data envío: 03/04/2025 17:14:52.913

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/04/2025 17:13:26

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 17:13:38

CSV: BOPGDSPG-HQP0Uydl-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

78174

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 29 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a execución da lexislación en materia laboral e no artigo 30 que lle corresponde a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude do exposto foi o Decreto 192/2011 do 29 de setembro o que creou o Consello Autonómico de Emprego e os consellos provinciais e territoriais de Emprego, constituíndose como órganos colexiados de carácter administrativo de participación institucional e de asesoramento en materia de emprego.

Por iso é obrigación da Xunta de Galicia garantir a participación neles dos interlocutores sociais e empresariais máis representativos de Galicia, así como a participación das diferentes administracións locais, creando estes órganos co fin de reforzar as políticas en materia laboral co obxectivo de dotar dunha maior solidez, estabilidade e sustentabilidade ao tecido laboral en xeral e ás traballadoras e traballadores en particular. Un canal para aposta en común das necesidades e oportunidades de Galicia en materia de emprego como sinalaba o propio Goberno galego no momento da súa constitución.

Neste contexto afirmaba a responsable de emprego que sería un canal para a posta en común das necesidades e oportunidades de Galicia en materia de emprego, unha fórmula transparente, austera e eficiente para colaborar na posta en marcha das políticas activas de emprego.





Pola súa importancia é importante resaltar as funcións do Consello Autonómico de Emprego:

- a) Participar e colaborar no deseño dos criterios de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- b) Participar e informar sobre a planificación das políticas activas de emprego, así como sobre a súa programación, de acordo coas competencias da Comunidade Autónoma nesta materia.
- c) Emitir informe sobre a memoria anual do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- d) Analizar a información relativa ao mercado de traballo, así como os programas e actuacións do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- e) Coñecer, con carácter previo, os anteproxectos de lei o proxectos de normas regulamentarias de desenvolvemento de normas legais, con relación ás materias da súa competencia.
- f) As demais funcións que resulten propias da súa condición de órgano consultivo de participación e asesoramento, sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia.

Por unha banda, os consellos provinciais teñen como ámbito de actuación as respectivas provincias galegas, analizando a información de empresas, cadros de persoal e representantes sindicais sobre a situación do emprego na provincia, así como formulando iniciativas, propostas e recomendacións aos órganos aos que corresponda sobre a situación e desenvolvemento do emprego na provincia, a eficacia das normas e programas desenvolvidos, adaptando as políticas activas a cada territorio. Estes órganos ocuparíanse de facer o seguimento da aplicación a nivel provincial dos acordos do Consello Autonómico de Emprego, de formular propostas e recomendacións sobre a situación e o desenvolvemento do emprego en cada provincia.





Por outra banda, e en referencia aos comités territoriais o Decreto establece a creación de 16 comités territoriais de emprego que abarcarían as seguintes zonas: Lugo-Norte; Lugo-Centro; Lugo-Sur; Ferrol-As Pontes; A Coruña-Bergantiños; Cee-Boiro; Santiago-Ordes; Betanzos-Melide; Pontevedra interior; Pontevedra-centro; Vigo; Pontevedra sur; Ourense noreste; Ourense sureste; Ourense noroeste; e Ourense sudoeste.

As funcións destes comités territoriais estarán centradas en formular iniciativas aos consellos provinciais correspondentes sobre a situación do emprego no seu ámbito territorial, así como a aplicación das políticas activas de emprego na zona.

A pesares da obriga do Goberno galego de convocar semestralmente o Consello Autonómico de Emprego e trimestralmente o provincial, os consellos non se reuniron nin unha vez nesta lexislatura, e por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o Consello Autonómico e os consellos provinciais de Emprego non se convocaran no que vai de lexislatura?
2. Considera o Goberno galego que a participación institucional das organizacións sindicais e empresarias de Galicia se está a garantir, unha vez que o Consello Autonómico e os provinciais de Emprego non se reúnen dende hai anos?
3. Vai convocar a Consellería de Emprego o Consello Autonómico de Emprego de forma inmediata? E os consellos provinciais?
4. Cando se constituíron os comités territoriais e cantas reunións mantiveron dende aquela?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2025 17:59:11
Nº Rexistro: 22930
Data envío: 03/04/2025 17:59:11.162

5. Solicitou a Xunta de Galicia propostas das organizacións sindicais e empresarias sobre políticas activas de emprego para a nosa comunidade, así como da súa programación?

6. Recibiron as organizacións sindicais e empresariais informes sobre os resultados das políticas activas de emprego levadas a cabo polo Goberno galego nesta lexislatura?

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/04/2025 17:53:46

Elena Espinosa Mangana na data 03/04/2025 17:53:58

Silvia Longueira Castro na data 03/04/2025 17:54:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ofensiva belicista da Unión Europea e do imperialismo norteamericano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Só uns días após a toma de posesión, o novo Presidente dos Estados Unidos Donald Trump, para alén de anunciar aranceis comerciais a distintos países, entre eles o Estado español, ameazaba terceiros países como Panamá, Palestina ou Dinamarca, mesmo con intervencións militares. Todo iso, sen que a Unión Europea e os seus Estados dixesen absolutamente nada.

Debería sorprenden este silencio cómplice cando o que se anuncia é tan grave e rompe de forma descarada e arrogante coas normas que rexen as relacións internacionais. No caso de Gaza, anunciando de forma directa a intención de proceder ao desprazamento forzoso de toda a súa poboación -máis de 2000000 de persoas- para convertela nun ressort, nunha zona de lecer e negocio xestionado polos propios Estados Unidos. Estamos a falar do anuncio da limpeza étnica de Gaza considerado un crime de lesa humanidade no dereito internacional, mais a pesar diso o silencio do Estado español e da Unión Europea foi atronador.

Debería sorprenden mais, realmente, non sorprende se temos en conta que, a mesma Unión Europea que estableceu centos de sancións a Rusia, que acabaron prexudicando as súas propias economías e a súa propia poboación, nunca fixo o propio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con Israel a pesar do xenocidio e do masacre de máis de 50000 persoas e a da destrución total de Gaza.

Porén, a pesar das posicións políticas absolutamente submisas da Unión Europea en relación cos intereses do imperialismo norteamericano e da entidade sionista, non deixa de ser rechamante que, cando os Estados Unidos ameazan de forma directa con tomar pola forza militar o territorio dun Estado da Unión Europea, como é o caso de Groenlandia, tampouco haxa ningún tipo de reacción de rexeitamento ou de condena.

O que si chama a atención é que esa mesma Unión Europea que seguiu cegamente as directrices belicistas dos Estados Unidos, cando se ve con dificultade para se reposicionar e non ficar en evidencia diante da mudanza de rumbo impulsada por Trump, xogue a aparentar dignidade e autonomía, precisamente, defendendo a continuidade da guerra e do militarismo e o aumento exponencial do gasto militar. O que está a facer a Unión Europea é xustamente o que necesitan os Estados Unidos De América, o que de forma reiterada solicitou o propio Donald Trump, isto é, un maior gasto en defensa e en armamento que beneficie -como aconteceu nos últimos anos- a industria militar estadounidense.

Mais agora, as exixencias incrementáanse, pois, mentres que coa administración de Biden o obxectivo enunciado era 2% do PIB, Trump chegou a exixir que se aumente até 5% e a propia Unión Europea, por boca de Von Der Leyen, está a falar de cantidades superiores a 3% e, en todo o caso, de dotar un fondo de guerra de 800 000 M€.

O imperialismo norteamericano non é algo recente nin comezou o 20 de xaneiro coa toma de posesión de Trump. Infelizmente é xa secular. Son moitas décadas de relacións económicas desiguais, de rapina de materias primas, de fomento de golpes de estado e ditaduras ou de intervencións militares que deixaron morte e destrución por toda a parte, sempre ao servizo dos intereses do grande capital estadounidense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por non ir moi atrás, o ironicamente premio Nobel da paz, Barack Obama, mantivo, contra o seu propio compromiso, a guerra en Afganistán, destruíu o Estado máis próspero da África, Libia, até o converter nun Estado fallado no que se volve a practicar a escravitude e, así mesmo, iniciou a intervención militar e a guerra en Siria que acaba de dar como resultado que os xihadistas tomasen o poder nese país.

Os Estados Unidos urdiron e impulsaron o golpe de estado de 2014 na Ucraína que deu como resultado un réxime no que todos os partidos democráticos de esquerda e de centro están ilegalizados mentres, non só a dereita, senón a ultradereita e os nazis, campan ás súas anchas.

Foi a administración Biden a que alentou a escalada belicista e arrastrou a unha Unión Europea, tan submisa e servil que, mesmo acabou por tomar decisións que prexudicaron gravemente a economía dos seus Estados e a calidade de vida dos seus pobos. Hoxe, no canto de apostar decididamente pola paz empéñase en manter a guerra e incluso en escalar o conflito ameazando coa participación directa de tropas de Estados europeos na Ucraína nunha actitude absolutamente irresponsábel e suicida.

Evidentemente Trump non é o adaíl da paz, é apenas a nova cara do vello imperialismo, e as mudanzas na relación coa UE e Rusia teñen como obxectivo centrar os esforzos no indo-pacífico e na China. Aliás, os EUA continuarán a facer caixa coa Ucraína pois para alén de que alimentar o complexo militar industrial americano xa o garante a UE, agora o grande negocio será a reconstrución e a pillaxe dos recursos naturais ucráinos, materiais críticos e terra raras.

Agora, desde a presidencia dos EUA, en lugar do histórico e manido “defender a democracia” para tentar ocultar os obxectivos xeoestratéxicos e de rapina, Trump enuncia as verdadeiras intencións. É a imaxe dun imperio decadente que tenta frear o declive e manter a toda custa unha hexemonía que está a perder fronte ao avance dun mundo máis diverso e multipolar, que se manifesta non só no ámbito político, senón





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén no económico e nunhas relacións comerciais internacionais que xa iniciaron o camiño da desdolarización.

En todo o caso, neste novo contexto de recomposición da estratexia imperialista e de deriva militarista da Unión Europea, a posición do BNG continúa sendo a mesma e igual de firme. Defensa inquebrantábel da paz e da soberanía dos pobos e oposición ao belicismo e ao aumento do gasto militar.

O BNG aposta pola resolución pacífica e dialogada dos conflitos e defende unha Europa que deixe de comportarse como súbdita dos intereses da OTAN e dos EUA e substitúa o belicismo suicida dos seus líderes pola defensa dos dereitos sociais, os servizos públicos universais, a soberanía dos pobos, a democracia e a paz como modelo de futuro.

Expresamos, por tanto, de forma clara, o rexeitamento ao fondo de guerra de 800 000 millóns de euros que empobrecerá, aínda máis, as clases populares de Europa e do noso País e aumentará os riscos de confrontación militar. Porque, contra a propaganda obsesiva que se está a despreparar nestes días, máis gasto militar non é sinónimo de máis seguranza, todo o contrario. Éo de máis polarización e máis inestabilidade, para alén de que as consecuencias da escalada militarista da UE poden ser terribéis para as maiorías sociais que verán recortados dereitos e servizos.

Argumenta o Goberno do Estado que o aumento do gasto militar non implica redución do gasto social, mais resulta evidente que todo recurso económico que se destinar a máis armamento será detraído das políticas sociais ou de investimentos necesarios que son tamén política social. As outras alternativas, igualmente gravosas son o aumento da débeda ou o aumento de impostos.

O BNG defende, non só non continuar a escalada belicista, senón apostar pola vía oposta, pola desescalada e o desarmamento a nivel mundial; pola disolución da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

OTAN e, en todo o caso, pola saída do Estado español desta organización militar agresiva; pola retirada das bases militares estadounidenses do Estado español; pola negativa á utilización de instalacións ou recursos militares para misións ao servizo dos EUA ou da OTAN; pola retirada das tropas españolas de todas as misións internacionais que non teñan o amparo da ONU (as que están baixo mando EUA, OTAN ou UE); por rexeitar o fondo de guerra de 800 mil millóns e, evidentemente, levantar o veto á débeda para investimento social, e establecelo para gasto militar (xusto á inversa da proposta da UE) precisamente para permitir avanzar en calidade de vida e benestar das clases populares.

En definitiva, reclamamos ao Goberno español unha mudanza de rumbo, que desista da escalada belicista comandada por Von Der Leyen e aposte decididamente pola paz. E aínda, que fronte á ofensiva inxerencista dos Estados Unidos -aranceis incluídos- manteña unha posición de firmeza e de independencia de criterio, de rexeitamento das ameazas, da limpeza étnica e da guerra. Ese é o interese do pobo galego e das maiorías sociais do Estado español.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza as ameazas do Presidente dos Estados Unidos, Donald Trump, a terceiros países, recentemente a Panamá e Groenlandia (Dinamarca)?

Parécelle aceptábel o anuncio de Donald Trump de tomar o control da Faixa de Gaza para a converter nun ressort, após proceder á limpeza étnica co desprazamento de toda a súa poboación palestina a terceiros países, o que conformaría un crime de lesa humanidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non considera preciso condenar o terrorismo de Estado de Israel, apoiado polo imperialismo norte-americano, que masacra o pobo palestino, ocupa ilegalmente o territorio do Líbano e da Siria, incumpre acordos que asina, provoca deliberadamente unha crise humanitaria de enormes proporcións, ameaza, e agrede á Organización da ONU. en especial algunha das súas axencias, como é o caso da UNRWA?

Que lle parece a proposta liderada pola Presidenta da Comisión Europea, Sra. Von Der Leyen, de constituír un fondo de 800 000 millóns de euros para destinar a gastos de defensa e compra de armamento?

Apoia o incremento do gasto militar, que redundaría en redución dos recursos dispoñíbeis para destinar a políticas sociais ou a investimentos públicos necesarios?

Non lle parece que o Estado español abandone a OTAN e reclame a súa disolución?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Taibo Corsanego

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2025 18:05:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 03/04/2025 18:08:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao contido do informe de fiscalización da conta xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe de fiscalización da conta xeral do Sergas do ano 2023 que ven de publicar o Consello de Contas, ente independente fiscalizador do gasto público das administracións galegas, ratifican as denuncias que levamos facendo desde fai tempo e ratifican que a situación de deterioro, de perda de calidade non é casualidade, é froito das decisións constantes tomadas polo PP na Xunta, e que o orzamento do Sergas é un ecosistema perfecto para que o Partido Popular na Xunta faga uso dos cartos públicos sen render contas.

O orzamento consolidado do exercicio 2023 foi de 4.973 M€. O peso específico do orzamento consolidado é do 39% do total da CA (excluída a carga financeira) 3 e polo tanto é de especial gravidade que o informe revele entre outras cuestións:

- Que persiste a opacidade, a falta de transparencia, a falta de información e polo tanto non permite coñecer cal é a situación económico financeira real do Sergas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que hai un uso permanente dos contratos menores, negociados sen publicidade, autorizacións de uso, fraccionamentos de contratos... que non se xustifica o uso dese mecanismo.

- Que hai xestión de servizos sen ningunha fórmula contractual.

- Reitera que unha parte importante da contratación que realiza o Sergas evita a concorrência competitiva e polo tanto a desigualdade das empresas a poder presentarse.

- Que hai modificacións de crédito que detraen recursos da Atención Primaria.

Informe do Consello de Contas de fiscalización do Sergas referido a 2023, publicado este martes di textualmente.

“Os expedientes de transferencia de crédito do exercicio fiscalizado supoñen 170 M€ e implicaron unha redución dos créditos destinados á atención primaria fronte ao incremento, practicamente na mesma contía, dos destinados á atención hospitalaria”.

“As transferencias de capital procedentes da Administración do Estado superaron en máis de 5 veces as recibidas en 2022. Este incremento débese, fundamentalmente, ao financiamento do Plan de acción de atención primaria para o que o Estado achega 32,2 M€, mentres que no exercicio precedente o Sergas só recibiu 1,6 M€”.

“O gasto creceu un 8,6% respecto do exercicio 2022. Destacan de xeito especial os investimentos realizados que se duplicaron respecto do exercicio anterior e que se concentraron na atención hospitalaria, mentres que a atención





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primaria contou con menos investimento e un grao de execución sensiblemente inferior”.

“Desde a perspectiva da clasificación funcional o programa 412B (Atención primaria) sería o maior financiador en favor dos programas 412A (Atención hospitalaria) e 414A (Formación de graduados e posgraduados)”.

“No capítulo II a xestión da actividade sanitaria concertada con entidades do sector privado, segue a presentar no exercicio fiscalizado as seguintes eivas:

- Persiste a utilización de autorizacións de uso temporal para contratar, de forma directa, a prestación de servizos sanitarios sen concorrencia, publicidade e igualdade de trato, ademais de carecer das notas de excepcionalidade e temporalidade que identificarían esta figura.

- Un 15% do gasto tramítase con documentos ADOK como soporte (acadando 37 M€ en 2023). Este gasto podería deberse a servizos prestados para os que se utilizou un fraccionamento dos importes co fin de darlle cobertura no canto de tramitar un novo expediente de contratación”.

“O volume de gasto por asistencia sanitaria prestada con medios alleos crece de xeito sostido desde o exercicio 2020. O gasto relativo ao exercicio fiscalizado do ano 2023 acada os 242 M€”.

“No exercicio 2023 o Sergas segue a utilizar a autorización de uso temporal para contratar, de forma directa, a prestación de servizos sanitarios sen concorrencia, publicidade e igualdade de trato, ademais de carecer das notas de excepcionalidade e temporalidade que identificarían esta figura. Así mesmo, débese engadir que, ao obviarse a vía establecida na lexislación de contratos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos, non existe expediente de contratación. Do mesmo xeito que se sinalou especificamente para Povisa, cómpre resaltar que no conxunto do gasto imputado ao artigo 25, ata un 15% do total do gasto tramítase con documentos ADOK como soporte (acadando 37 M€ en 2023), o que podería corresponder á figura do contrato menor, aínda que, dada a natureza das prestacións e dos antecedentes postos de manifesto noutros informes de fiscalización sobre a materia, podería tratarse de servizos prestados que quedan fóra do marco regulamentario dos contratos (e incluso das autorizacións de uso) e que se utilizou un fraccionamento dos importes para darlle cobertura en lugar de tramitar o correspondente procedemento ou modificar, no seu caso, o contrato existente”.

De novo o informe do Consello de Contas pon en evidencia que a política sanitaria do PP baséase na posta do orzamento do Sergas ao servizo da sanidade privada e das empresas amigas e non da atención de calidade da maioría da maioría das galegas e galegos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai atender as recomendacións contidas no informe de fiscalización da conta xeral do Sergas do ano 2023, realizado polo Consello de Contas?

Vai poñer fin, como lle ven demandado o Consello de Contas á extensión dos contratos para actividade concertada mediante a formulación de cláusulas de interese público e de "autorizacións de uso" , e ao gasto de actividade concertada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen o necesario sustento contractual e unicamente documentado a través de ADOK?

Cando vai rematar coa derivación permanente de recursos públicos cara a sanidade privada, que na anualidade fiscalizada ascendeu a 242 millóns de euros?

Até cando vai continuar coa práctica de contratación, de forma directa, sen concorrência, publicidade e igualdade de trato, e actuar con transparencia na contratación pública?

Vai rematar coa práctica de realizar expedientes de transferencia de crédito que supoñen unha redución dos créditos destinados á atención primaria fronte ao incremento, practicamente na mesma contía, dos destinados á atención hospitalaria, que no exercicio fiscalizado supuxeron 170 M€?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/04/2025 18:16:23

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2025 18:16:48






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2025 18:16:58





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

